


AVALIACIÓN E ANÁLISE DO POTENCIAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO-VÍA DA PRATA, PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE A ESCALA LOCAL



GRUPO DE ANALISE E MODELIZACIÓN ECONOMICA

Contido

0.- INTRODUCCIÓN	12
A EVOLUCIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO NOS ÚLTIMOS ANOS	16
DESCRIPCIÓN DO CAMIÑO DO SUESTE-VIA DA PRATA	26
ELEMENTOS DIFERENCIAIS DO CAMIÑO DO SUESTE-VÍA DA PRATA	30
GUIÓN DO TRABALLO	35
1.- CARACTERIZACIÓN DA ACTIVIDADE TURÍSTICA NO TERRITORIO	37
A OFERTA DE ALOXAMENTO: TIPOLOXIA DE PRAZAS TURISTICAS	39
ESTIMACIÓN DA CARGA POBOACIONAL DOS PEREGRINOS POR CONCELLO	50
2.- ANALISE DA CAPACIDADE DE CARGA	52
METODOLOXÍA	52
CÁLCULO DA CAPACIDADE DE CARGA DA VÍA DA PRATA.....	54
3.- ANALISE DO IMPACTO SOCIOECONOMICO	65
3.1.- DINAMICA DEMOGRAFIA	65
3.2.- EVOLUCIÓN DO MERCADO DE TRABALLO	68
3.3.-EVOLUCIÓN DA PRODUCCIÓN	82
4.- ANALISE PERCEPCIÓN RESIDENTES	94
Ámbito xeográfico	95
Recolección da información de campo.....	96
Estrutura da enquisa.....	101
Análise e sistematización de Resultados	106
5.- ANALISE PERFIL E NIVEL SATISFACCIÓN DO PEREGRINO	133
Enquisa a peregrinos	133
Bloque I : datos sobre o camiño realizado.....	135
Bloque II : valoración do camiño e da experiencia de peregrinación	145
Bloque III :satisfacción xeral	150
Bloque IV : Orzamento e Gasto	154

Bloque V : Características sociodemograficas	159
Perfil do peregrino metodoloxía.....	160
Perfil do peregrino algunhas características.....	164
REFERENCIAS	166
ANEXO I: ENCUESTA A PEREGRINOS SOBRE SU SATISFACCIÓN CON EL CAMINO.....	172
ANEXO II: ENQUISA A RESIDENTES SOBRE A SATISFACCIÓN CON EL CAMINO	176
ANEXO III: CONTRASTES DE INDEPENDENCIA LAZA	180
ANEXO IV: CONTRASTES DE INDEPENDENCIA CEA.....	183

CADROS:

Cadro 1: Distribución da poboación segundo a densidade da parroquia de residencia	25
Cadro 2. Lonxitude dos Camiños en Galicia	26
Cadro 3. Alternativas do Camiño do Sueste: Etapas e Lonxitude.....	28
Cadro 4 Concellos e trazado do Camiño do Sueste-Vía da Prata	38
Cadro 5 Características básicas dos Concellos na alternativa por Laza do Camiño do Sueste-Vía da Prata	40
Cadro 6 Establecementos e Prazas nos concellos final de etapa	44
Cadro 7 Indicadores de intensidade da demanda turística por destinos turísticos. Ano 2018. <i>Unidade: porcentaxe de noites, ratios</i>	47
Cadro 8: Residentes e Turistas en 2016	48
Cadro 9: Estimación Carga Poboacional Peregrinos.....	51
Cadro 10: Etapas da Vía da Prata	55
Cadro 11: Tempo dispoñible para lanzar peregrinos ó Camiño, por etapa e mes	56
Cadro 12: Capacidade de Carga Física por etapas e mes	57
Cadro 13: Capacidade corrixida por factor social, por etapa e mes.....	59
Cadro 14: Capacidade corrixida por chuvia, por etapa e mes.....	59
Cadro 15: Capacidade de Carga Real por etapa e mes (total mensual)	61
Cadro 16: Número de peregrinos que seguiron a Vía da Prata	61
Cadro 17: Índices de saturación por etapa e mes. Ano 2015	62
Cadro 18: Índices de saturación por etapa e mes. Ano 2016	62
Cadro 19: Índices de saturación por etapa e mes. Ano 2017	62
Cadro 20: Índices de saturación por etapa e mes. Ano 2018	62
Cadro 21: Evolución da poboación residente 2000-2018.....	65
Cadro 22: <i>Ficha da enquisas</i>	98
Cadro 23: <i>Mostra deseñada e realizada. Laza</i>	99
Cadro 24: <i>Mostra deseñada e realizada. San Cristovo de Cea</i>	99
Cadro 25: <i>Diferencias da enquisa en relación á enquisa base</i>	103



Cadro 26: Características socio-demográficas da mostra realizada. Laza	107
Cadro 27: <i>Situación laboral dos enquisados. Laza</i>	108
Cadro 28: Características socio-demográficas. Cea.....	108
Cadro 29: Situación laboral dos enquisados. Cea	109
Cadro 30: Contacto persoal cos peregrinos na mostra realizada. Laza	110
Cadro 31: Contacto persoal cos peregrinos na mostra realizada. Cea	111

GRÁFICOS

Gráfico 1: Evolución número de peregrinos (obteñen a Compostela)	18
Gráfico 2: Evolución Peso Total Peregrinos Camiño Francés e Camiño Portugués	19
Gráfico 3: Evolución Peso Total Peregrinos	20
Gráfico 4: Evolución normalizada do número de Peregrinos no Camiño Francés e no Camiño do Sueste-Vía da Prata	21
Gráfico 5: Peso das mulleres no total de Peregrinos.....	22
Gráfico 6: Evolución da distribución por Nacionalidades dos Peregrinos	22
Gráfico 7: Taxa de crecemento anual acumulativa dos peregrinos por orixe (2004-2018)	23
Gráfico 8: Participación no total dos peregrinos con orixe en Sarria, Tui e Valenza	24
Gráfico 9: Evolución Normalizada do número de Peregrinos	31
Gráfico 10: Taxa de crecemento anual acumulativa. Puntos de inicio no entorno dos 100 quilómetros..	32
Gráfico 11: Porcentaxe de peregrinos que inician o Camiño en Galicia por Ruta (2018).....	33
Gráfico 12: Distribución dos peregrinos internacionais por países (2018).....	33
Gráfico 13: Estacionalidade: peregrinos en xullo-setembro sobre o total (2018).....	34
Gráfico 14: Distribución prazas aloxamento por tipoloxía (2019).....	42
Gráfico 15: Evolución noites por xeodestino (variación relativa entre 2011 e 2018)	45
Gráfico 16: Peso do Turismo na Carga Poboacional (2016)	49
Gráfico 17: Detalle das diferencias por mes no tempo dispoñible para iniciar a etapa.....	57
Gráfico 18: Numero de Compostelas por Mes na alternativa Vía da Prata (2018)	63
Gráfico 19: Idade media (1 de xaneiro 2018)	66
Gráfico 20: Densidade de poboación (2018)	67
Gráfico 21: Cociente entre os afiliados e a poboación residente nos concellos da Vía da Prata en 2018 .	69
Gráfico 22: Cociente entre os afiliados e a poboación residente (16-64) nos concellos da Vía da Prata en 2018.....	70
Gráfico 23: Saldo Migratorio acumulado (2011-2018) respecto a poboación do 2011 e cambio relativo da afiliación no período 2011-2018 para os concellos da Vía da Prata.....	71
Gráfico 24: Índice de autocontención para os concellos da Vía da Prata no ano 2016	72

Gráfico 25: Índice de autocontención para os concellos da Vía da Prata no ano 2016	73
Gráfico 26: Afiliados/parados rexistrados os concellos da Vía da Prata no ano 2018	74
Gráfico 27: Proxy da taxa de paro na Vía da Prata no ano 2018.....	75
Gráfico 28: Peso dos afiliados por conta propia sobre a afiliación nos concellos da Vía da Prata no ano 2016.....	76
Gráfico 29: Porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social por sector en 2018	77
Gráfico 30: Peso dos mutalistas sobre a afiliación nos concellos da Vía da Prata no ano 2016	78
Gráfico 31: Porcentaxe da Hostalaría no total da afiliación do concello.....	79
Gráfico 32: Afiliación e Empresas de turismo sobre total, 2017	80
Gráfico 33: Especialización en Servizos de aloxamento (datos de empresas) 2017	81
Gráfico 34: Especialización en Servizos de comidas e bebidas (datos de empresas) 2017.....	82
Gráfico 35: Índice Shannon de diversidade económica para os concellos da Vía da Prata 2014-2017	83
Gráfico 36: Índice de complexidade económica para os concellos da Vía da Prata 2014-2017.....	84
Gráfico 37: Índice densidade Económica. 2017.....	85
Gráfico 38: Unidades locais nos concellos da Vía da Prata. Ano 2017	86
Gráfico 39: Pib per capita 2010-2016 (a prezos do 2016)	87
Gráfico 40: Densidade Económica en 2016 (PIB por unidade de superficie)	88
Gráfico 41: Renda Dispoñible Bruta por habitante a prezos de 2016.....	89
Gráfico 42: Porcentaxe de poboación que percibe unha pensión contributiva 2018.....	90
Gráfico 43: Diferencia Pensión do concello respecto a pensión media galega.....	91
Gráfico 44: Fenda de xénero na pensión media (mulleres-homes)	92
Gráfico 45: Porcentaxe da poboación que recibe a RISGA ou a AIS. Ano 2018.....	93
Gráfico 46: Distribución da mostra realizada por grupos de idade. Laza	100
Gráfico 47: Distribución da mostra realizada por grupos de idade. Cea	101
Gráfico 48: Tempo de residencia no concello. Laza	107
Gráfico 49: Tempo de residencia no concello. Cea	109
Gráfico 50: Percepción do impacto económico do Camiño. Laza	112
Gráfico 51: Percepción do impacto sociocultural do Camiño. Laza	113

Gráfico 52: Percepción do impacto medioambiental do Camiño. Laza.....	114
Gráfico 53: Percepción impacto global do Camiño. Laza	115
Gráfico 54: Percepción impacto global do Camiño en función da idade. Laza.....	118
Gráfico 55: Percepción impacto global do Camiño en función da vinculación dos ingresos familiares coa existencia do Camiño. Laza.....	119
Gráfico 56: Percepción do impacto económico do Camiño. Cea	120
Gráfico 57: Percepción do impacto sociocultural do Camiño. Cea.....	121
Gráfico 58: Percepción do impacto medioambiental do Camiño. Cea.....	122
Gráfico 59: Percepción impacto global do Camiño. Cea	123
Gráfico 60: Percepción impacto global do Camiño en función da vinculación dos ingresos familiares coa existencia do Camiño. Cea.....	124
Gráfico 61: Percepción impacto global do Camiño en función da idade. Cea.....	124
Gráfico 62: Principais problemas percibidos no concello. Laza	125
Gráfico 63: Ámbito dos principais problemas percibidos no concello. Laza	126
Gráfico 64: . Principais problemas percibidos no concello. Cea	127
Gráfico 65: . Ámbito dos principais problemas percibidos no concello. Cea	128
Gráfico 66: Percepción sobre o desenvolvemento futuro do camiño. Laza.....	129
Gráfico 67: Percepción sobre o desenvolvemento futuro do camiño. Cea	130
Gráfico 68: Porcentaxe de peregrinos por sexo.	137
Gráfico 69: Porcentaxe de peregrinos que fan por primeira vez o camiño e repetidores	139
Gráfico 70: Porcentaxe de peregrinos que fan por primeira vez o camiño e repetidores por xénero.....	139
Gráfico 71: Porcentaxe de peregrinos que fan o camiño a pé.	140
Gráfico 72: Principal motivación persoal para facer o camiño.....	140
Gráfico 73: Principal motivación persoal para facer o camiño.....	141
Gráfico 74: Perfil autopercebido	141
Gráfico 75: Motivo principal para facer este camiño	142
Gráfico 76: Motivo secundario para facer este camiño	143
Gráfico 77: Acompañantes no camiño	144

Gráfico 78: Acompañantes no camiño diferenza homes/mulleres	144
Gráfico 79: Duración da viaxe.....	145
Gráfico 80: Valoración arte.....	147
Gráfico 81: Valoración Relación calidade prezo dos aloxamentos turisticos	147
Gráfico 82: Valoración Estado do Camiño	147
Gráfico 83: Valoración Contorna Natural e Paisaxística	147
Gráfico 84: Valoración eventos culturais no camiño.....	148
Gráfico 85: Valoración interacción con outros peregrinos.....	148
Gráfico 86: Valoración Puntos de información o longo do camiño	148
Gráfico 87: Valoración Restauración e gastronomía	148
Gráfico 88: Valoración Hospitalidade	149
Gráfico 89: Valoración Transporte Público.....	149
Gráfico 90: Valoración Sinalización	149
Gráfico 91: Supermercados/alimentación.....	149
Gráfico 92: Servizos de Saúde	150
Gráfico 93: Satisfacción coa realización do camiño.....	151
Gráfico 94: Satisfacción coa experiencia. Desglose segundo veces feitas.....	151
Gráfico 95: Satisfacción coa experiencia. Diferenzas por grupos.....	152
Gráfico 96: Recomendaría facer o camiño.	153
Gráfico 97: Pensa facer outro camiño.....	153
Gráfico 98: Repetiría o mesmo camiño.....	153
Gráfico 99: Gasto Medio por sexo.....	154
Gráfico 100: Gasto Medio e Dias de viaxe.....	155
Gráfico 101: Gasto ultimo dia en restauración	156
Gráfico 102: Gasto ultimo dia en aloxamento.....	156
Gráfico 103: Gasto ultimo dia en alimentación.....	157
Gráfico 104: Gasto ultimo dia en outros gastos	157

Gráfico 105: Desglose do gasto medio diario por tipo de gasto	158
Gráfico 105: Media de idade por sexo	159
Gráfico 106: Situación Laboral.....	160
Gráfico 108: Solicitara a Compostela	164
Gráfico 109: Valoración Xente no camiño	164
Gráfico 110: Servizos Transporte mochila	165
Gráfico 111: Servizo Transporte	165
Gráfico 112: Servizos fisioterapeuta.....	165

MAPAS:

Mapa 1: O Camiño de Santiago en España e Portugal	16
Mapa 2: O Camiño de Santiago en Galicia	17
Mapa 3: Clasificación parroquias segundo o grao de urbanización	25
Mapa 4: Mapa Calor Actividades senderismo (detalle Puebla de Sanabria/Ourense).....	29
Mapa 5: Mapa Etapas Lubian- Santiago de Compostela (vía Laza)	29
Mapa 6: Camiño do Sueste en Galicia	39
Mapa 7: Oferta de aloxamento Camiño do Sueste en Galicia (mapa de calor sen ter en conta Ourense) 41	
Mapa 8: Oferta Aloxamento entre finais de etapa do Camiño do Sueste en Galicia	45

0.- INTRODUCCIÓN

O Camiño de Santiago é un itinerario cultural que representa a longa historia de Europa (foi nomeado en 1987 o primeiro itinerario cultural europeo e en 2004 acadou a categoría de Gran Itinerario Cultural Europeo) e un elemento fundamental na Marca Galicia. O Camiño, cun importante simbolismo na construción de Europa, tense convertido nun dos elementos máis recoñecidos e representativos de Galicia, e seguramente no mellor embaixador dos seus valores, cultura, historia, patrimonio e gastronomía. Hoxe o Camiño, moito mais aló da súa primitiva expresión relixiosa, é un fenómeno que repercute no ámbito social económico das zonas polas que transcorre, pois son moitos os núcleos rurais o longo dos diferentes recorridos do Camiño de Santiago que obteñen importantes beneficios directos e indirectos vinculados o paso dos peregrinos. O Camiño é na actualidade unha fonte de recursos con capacidade para reanimar o tecido empresarial destes concellos, co engadido de que en moitos casos estamos ante zoas rurais onde a posibilidade de atopar outras fontes substitutivas de riqueza e benestar non existe.

Os itinerarios culturais, como o Camiño de Santiago, son instrumentos que permiten fomentar a cooperación internacional, o dialogo intercultural e tamén de xerar desenvolvemento e riqueza, especialmente a través do turismo. A multitude de peregrinos e visitantes que recorre a ampla rede das distintas rutas do Camiño de Santiago tende a crear, dunha ou outra forma, riqueza. Neste contexto, o potencial turístico gaña cada vez máis importancia xa que as zonas rurais polas que discorren estes visitantes dispoñen, en moitos casos, dun enorme patrimonio natural e cultural que pode aproveitarse, o que a súa vez podería estimular a produción de bens e servicios no propio territorio. Dende sempre mostrouse o Camiño como unha posibilidade socioeconómica única que debe repercutir visiblemente na sociedade galega e sobre todo nos territorios polos que discorre.

Este potencial de impulso socioeconómico é especialmente relevante no caso do

Camiño do Sueste-Vía da Prata¹, o de maior recorrido en Galicia que con mais de 300 quilómetros discorre por 35 concellos das provincias de A Coruña, Pontevedra e Ourense, a maioría dun marcado carácter rural. De feito o 85,7% dos concellos son definidos como rurais de baixa poboación, onde residen 52.434 persoas, o que sitúa este itinerario como o que contén máis poboación rural (o 28% da poboación rural dos diferentes itinerarios).


FIGURA 1: PASAPORTE PEREGRINO: CAMIÑO DO SUESTE (VÍA DA PRATA)



Fonte: Pasaporte do Peregrino. Xunta de Galicia

¹ O Camiño do Sueste (Vía da Prata) e a denominación utilizada pola Xunta no pasaporte do peregrino. A esta alternativa tamén se lle denomina Camiño Mozárabe, Camiño Meridional ou Camiño Sanabrés; este último nome alude ao seu tramo inicial, que se corresponde a esta comarca da provincia zamorana. Non se debe confundir esta ruta co denominado Camiño do Sureste, que parte de Alicante e Murcia, por Toledo e Ávila, hasta Benavente, onde desemboca na Vía de la Plata.

FIGURA 2: CAMIÑO DE SANTIAGO VIA DA PLATA-CAMIÑO MOZARABE



Fonte: Mapa de la Asociación de Amigos Via da Plata-Camiño Mozarabe Ourense.

O obxectivo de este convenio de colaboración é coñecer a realidade socioeconómica dos concellos galegos polos que discorre o Camiño do Sueste-Vía da Prata e o potencial impacto da súa evolución a medio e curto prazo. Pretendese desta xeito ofrecer información a todos os axentes implicados para facilitar a toma de decisións que permitan una mellor ordenación e dinamización respecto a este eixo vertebrador que é o Camiño ao seu paso pola provincia de Ourense, un camiño que é un fenómeno en continua evolución e que en consecuencia require dunha monitorización continua e permanente para adaptarse a uns peregrinos que cambian ano a ano.

O éxito do Camiño a escala global pode ser unha realidade moi distinta a escala local. Son moitas as voces que se teñen alzado para esixir o desenvolvemento de estratexias e instrumentos que garantiren a sustentabilidade do Camiño, especialmente en zonas rurais e de montaña. O aumento de peregrinos representa un risco relevante en algúns dos tramos do Camiño Francés ou do Camiño Portugués, pero non así no Camiño do Sueste-Vía da Prata. Neste caso os problemas de sustentabilidade están mais relacionados con poder alcanzar un nivel de visitantes que xunto cos residentes acaden unha demanda potencial que permita a existencia e o mantemento dunhas infraestruturas e servizos mínimos. Por suposto, que a existencia dunha rede de albergues públicos e o tipo de viaxe condiciona os gastos dos peregrinos en hospedaxe e restauración e limita a adquisición de produtos o longo do camiño, coa excepción de Santiago. Pero tamén é certo, que o peregrino ten unha maior preferencia por produtos e servizos locais, o que pode favorecer o desenvolvemento destas actividades por todas as localidades de paso. O peregrino do mesmo xeito que outro visitante favorece as oportunidades de negocios para pequenas e medianas empresas no territorio, a xeración de novos ingresos (tamén fiscais) ou a creación de novas oportunidades de emprego. Non obstante, facer realidade este potencial, pode exixir un nivel de mínimo de peregrinos-visitantes o que tamén pode facilitar a ampliación dos servizos públicos (sanitarios e sociais principalmente) e o desenvolvemento e mantemento de infraestruturas. Teoricamente os impactos parecen sinxelos de identificar e cuantificar, sen embargo non se coñece realmente a verdadeira influencia e efecto do Camiño de


Galicia conta con nove itinerarios principais con múltiples alternativas de recorrido, que constatan a enorme diversidade xeográfica, climática e social de Galicia (Mapa 2). A principal ruta é a denominada Camiño Francés que entra en España por Saint Jean Pied de Port/Roncesvalles, e ata fai relativamente pouco era a ruta elixida pola gran maioría dos peregrinos. En 2005 o 85% dos peregrinos que recollían a Compostela fixeran este recorrido. Coa consolidación do éxito do Camiño a partir do último Ano Santo en 2010, a extraordinaria evolución de rutas existentes como o Camiño Portugués, o Camiño Inglés ou o propio Camiño Primitivo e o desenvolvemento de novas alternativas (Camiño Portugués da Costa, Camiño de Inverno e a Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla) fai perder protagonismo o Camiño Francés, que en 2018 pasa a contar co 57% dos peregrinos que recollen a Compostela (o que supón perder en 13 anos mais de 28 puntos porcentuais).

Mapa 2: O Camiño de Santiago en Galicia



Coa celebración do Ano Santo Compostelán de 1993, o Camiño comezou a tomar forza como produto turístico, tras unha campaña lanzada pola Xunta de Galicia que logrou ter unha gran repercusión nos medios. Ata 1993 as cifras de peregrinos foron moi modestas, sen superar as 10.000 persoas. Ese ano a cifra de peregrinos case acadou os 100.000. O primeiro ano que se superaron os 100.000 peregrinos foi no seguinte ano Santo de 1999 e non se volveu a superar esa cifra ata 2004. Dende entón as cifras aumentan de xeito continuo, especialmente a partir do último ano Santo en 2010 que marcou un novo récord de peregrinos que recollen a Compostela, cifra que vai ser superada amplamente en 2016, cun novo récord absoluto, que foi superado novamente tanto en 2017 como en 2018 (ver gráfico 1), e que xa se superou en outubro de 2019 (a cifra de Compostelas é de 336.000).


Gráfico 1: Evolución número de peregrinos (obteñen a Compostela)



Fonte: Elaboración propia a partir Estadísticas da Oficina de Acogida al Peregrino.

Ademais do incremento extraordinario no número de peregrinos, nos últimos anos téñense producido importantes cambios tanto na distribución de peregrinos por itinerario, como no perfil do peregrino (sobre todo na nacionalidade, xénero e distancia recorrida). En relación a distribución de peregrinos por Itinerario o Camiño Francés sigue sendo a alternativa preferida por a maioría dos peregrinos, pero ten perdido peso de xeito continuo dende 2005 (gráfico 2). O máximo acadado en 2005 co 85,1% dos peregrinos que recollen a Compostela pasou en 2018 ao 56,9%. A dinámica contraria observase no Camiño Portugués que en 2005 contaba co 5,9% dos peregrinos e en 2018 aumentou o seu peso ata o 24,9% (sumando os peregrinos que realizan a ruta da Costa).

Gráfico 2: Evolución Peso Total Peregrinos Camiño Francés e Camiño Portugués




Fonte: Elaboración propia a partir Estadísticas da Oficina de Acogida al Peregrino.

Pero non é o Camiño Portugués o que ten o crecemento mais alto durante este período. Como pode comprobarse no gráfico 3, o crecemento mais intenso dáse no camiño Inglés (multiplica o seu peso entre 2005 e 2018 por 6,2, mentres que o Portugués por 4,2). Tamén é moi intenso o incremento de peregrinos no Camiño Primitivo (multiplica o seu peso de

xeito similar o Camiño Portugués por 4,2). Unha dinámica diferente observamos no Camiño do Norte que multiplicou o seu peso por 1,4, pero sobre todo no Camiño do Sueste-Vía da Prata, que entre 2005 e 2018 perde case a metade do seu peso. Tamén podemos observar como os Anos Santos (2004 e 2010) teñen repercusión diferente nas distintas rutas alternativas (impacto moi significativo no camiño Inglés pero sobre todo no Camiño do Sudeste-Vía da Prata).

Gráfico 3: Evolución Peso Total Peregrinos




Fonte: Elaboración propia a partir Estadísticas da Oficina de Acogida al Peregrino.

Non obstante, a perda de peso do Camiño Francés e do Camiño do Sueste-Vía da Prata non significa necesariamente unha diminución no número de peregrinos. Como podemos observar no gráfico 4, onde se mostra a evolución normalizada do número de peregrinos tomando como base o ano 2004, a dinámica e aparentemente positiva en ambos casos aínda que con matices. O camiño Francés conta en 2018 cun 34% mais de peregrinos que en 2004, aínda que non superou a cifra do último Ano Santo. A dinámica no caso do Camiño do Sueste -Vía da Prata e globalmente estable (en 2018 conta cun

2% menos de peregrinos que en 2004) pero mostra unha importante perda de peregrinos dende o último Ano Santo (un 36% menos).


Gráfico 4: Evolución normalizada do número de Peregrinos no Camiño Francés e no Camiño do Sueste-Vía da Prata



Fonte: Elaboración propia a partir Estadísticas da Oficina de Acogida al Peregrino.


En relación o perfil do peregrino, durante estes anos aumentou mais o numero de peregrinas que de peregrinos (gráfico 5), e de feito, por primeira vez en 2018 o número de mulleres superou o dos homes. O Camiño é tamén cada ano que pasa mais internacional. En 2004 o 76% dos peregrinos eran españois, en 2018 deixaron de ser maioría reducindo a súa participación por baixo da metade (44%). Nos anos Santos o peso do peregrino nacional aumenta significativamente, pero a evolución e claramente descendente. O peregrino internacional non so aumenta entre aqueles países con maior tradición senón que ten aumentado de xeito moi relevante tamén o número de nacionalidades dos peregrinos (gráfico 6).

Gráfico 5: Peso das mulleres no total de Peregrinos



Fonte: Elaboración propia a partir Estadísticas da Oficina de Acogida al Peregrino.


Gráfico 6: Evolución da distribución por Nacionalidades dos Peregrinos



Fonte: Elaboración propia a partir Estadísticas da Oficina de Acogida al Peregrino.

Destacar o incremento no número de peregrinos de Corea. En 2004 so 18 peregrinos desta nacionalidade recolleran a Compostela. En 2018 son o sétimo país de orixe dos peregrinos (cun total de 5.665 peregrinos). Tamén son moi importantes os incrementos dos peregrinos de orixe australiana e de Estados Unidos (taxas de crecemento anual acumulativas entre 2004 e 2018 do 18,6% e do 17,14% respectivamente). Estados Unidos foi en 2018 o terceiro país por número de peregrinos, e situouse como primeiro orixe internacional en xuño de 2019. Por último, a evolución do número de peregrinos de orixe francés ten sido pouco dinámica cunha taxa de crecemento anual acumulativa do 2% fronte a taxas en torno o 10% para italianos, alemáns, portugueses, brasileiros ou ingleses (Gráfico 7).

Gráfico 7: Taxa de crecemento anual acumulativa dos peregrinos por orixe (2004-2018)




Fonte: Elaboración propia a partir Estadísticas da Oficina de Acogida al Peregrino.

En relación a distancia recorrida, nos últimos anos ten aumentado considerablemente o peso dos peregrinos de curto recorrido. Dous datos para confirmar este feito. En 2005 do total de peregrinos, o 33% iniciara o Camiño en Galicia. En 2018 o peso do peregrino con orixe en Galicia aumentou ata o 51%. Si pensamos nas localidades mais relevantes para o peregrino de curto recorrido, no gráfico 8 mostrase a evolución crecente no peso

do total de peregrinos de aqueles con orixe en Sarria, Tui e Valenza. Esta evolución supón que no caso do Camiño Francés o número de peregrinos que o recorren sen contar os que inician en Sarria descendeu dende o último ano Santo nun 20% mentres que os peregrinos que inician en Sarria aumentaron no mesmo período nun 30%. O resultado global e unha certa estabilidade no número total de peregrinos (exactamente un leve decaemento do -1,5% entre 2010 e 2018), pero que ten a particularidade indicada (aumenta considerablemente o número que inicia en Sarria), e que esta na orixe dos comentarios sobre a posible saturación do Camiño Francés en determinadas épocas do ano.

Gráfico 8: Participación no total dos peregrinos con orixe en Sarria, Tui e Valenza



Fonte: Elaboración propia a partir Estadísticas da Oficina de Acogida al Peregrino.


Ademais das importantes diferenzas no volume e perfil dos peregrinos que transitan por cada ruta, o que supón diferenzas importantes no seu impacto territorial, tamén as características físicas, económicas e culturais dos diferentes itinerarios son moi significativas (ver Cadro 1 e Mapa 2). Mentres case o total das parroquias polas que discorre o Camiño Francés, o Camiño Primitivo, o Camiño do Norte e o Camiño do Sudeste están caracterizadas como rurais pouco poboadas, no caso do camiño Portugués as parroquias son basicamente urbanas e nalgún caso de alta densidade de

poboación. O impacto e o aproveitamento do paso dos peregrinos dificilmente pode equipararse, entre concellos claramente urbanos, maioritarios no Camiño Portugués, no Camiño da Costa e no Camiño Inglés e concellos rurais de baixa densidade de poboación, maioritarios no Camiño Francés, no Camiño do Sueste-Vía da Prata, no Camiño do Norte, no Camiño Primitivo e no Camiño de Inverno.

Cadro 1: Distribución da poboación segundo a densidade da parroquia de residencia							
	Vía da prata	Portugués	Norte	Primitivo	Inglés	Francés	Fisterra-Muxia
Menor 20 h/km ²	39,37%	0,00%	59,94%	70,10%	1,8%	48,61%	18,83%
Entre 20 e 50 h/Km ²	31,51%	3,10%	32,60%	15,12%	19,43%	23,81%	41,03%
Entre 50 e 150 h/Km ²	17,66%	38,47%	2,90%	0,71%	21,50%	15,33%	21,08%
Máis de 150 h/Km ²	11,46%	58,43%	4,57%	14,08%	57,23%	12,25%	19,05%

Fonte: Elaboración propia.

Mapa 3: Clasificación parroquias segundo o grao de urbanización



Fonte: Elaboración propia.

Tamén a intensidade da vinculación dun concello co Camiño e moi diversa. Galicia conta, se sumamos os percorridos das diferentes rutas a Santiago, con mais de 1.400 quilómetros de Camiño que discorre por 124 dos 313 concellos. Por suposto, non todos os concellos son finais e inicio de etapa, nin en todos, o recorrido atravesa os principais núcleos de poboación do concello. Por exemplo, no Camiño do Sueste-Vía da Prata, o recorrido polo concello de Laza suma 33,6 quilómetros e pasa polo núcleo principal que é final tradicional de etapa, mentres que en Baños de Molgas ou en Coles non chega a 1 quilometro, e non pasa por ningún núcleo relevante do Concello.

Cadro 2. Lonxitude dos Camiños en Galicia

FRANCES		FISTERRA		INGLES		INVIERNO	
SAN XIL	154,7	MUXIA	118,5	FERROL	112,5	AS MEDULAS	235,6
SAMOS	161,7	FISTERRA	117,6	A CORUÑA	73,0		
PRIMITIVO		SUESTE-VIA DA PRATA		NORTE		PORTUGUES	
SAN XOAN	162,9	LAZA	212,3	RIBADEO	275,6	INTERIOR	117,5
POBRA	164,0	VERIN	254,3	SANTIAGO RIAS	205,4	COSTA	162,6
		FECES	187,2				

Fonte: Elaboración propia.

DESCRIPCIÓN DO CAMIÑO DO SUESTE-VIA DA PRATA

O Camiño do Sueste-Vía da Prata, é unha alternativa que prolonga a calzada romana denominada Vía da Prata que unía Emerita Augusta (Mérida) con Asturica Augusta (Astorga). Tamén coñecida polo nome de Camiño Mozarabe, a vía trazouse a comezos do cristianismo aproveitando as antigas calzadas romanas. Na segunda metade do século XIII, despois da toma de Sevilla e de Córdoba aos árabes, este itinerario comeza a ser utilizado polos peregrinos de Andalucía e Estremadura. Uns seguían ata Astorga, e enlazaban nese punto co Camiño Francés. Outros tomaban a desviación de Puebla de Sanabria-A Gudiña e desde aquí, ben por Laza ou ben a través de Verín, ata Ourense e Santiago. E unha terceira posibilidade levaba os peregrinos polo nordés de Portugal cara a Verín. Coñecese tamén a segunda posibilidade de chegar ata Santiago (vía Ourense) como Camiño Sanabres (pola Comarca onde se inicia esta alternativa). A ruta iniciase no concello zamorano de Granja de la Moreruela, onde se erixe o primeiro mosteiro da

Orde do Cister en España. Entra en Galicia pola Mezquita e é o camiño xacobeo galego de maior percorrido cando temos en conta todas as súas alternativas. En realidade o Camiño do Sueste é unha continuación da Vía da Prata, pero como é o recorrido seguido pola maioría dos camiñantes que iniciaron o seu camiño nalgún punto de Extremadura ou Andalucía identificase plenamente como a opción Vía da Prata.

En relación o trazado, una vez en Galicia, na Gudiña pode optarse por dúas posibilidades. A mais corta (212,2 quilómetros, en oito etapas) pasa por Laza, mentres que a que se desvía por Verín suma algún quilometro mais (254,1 quilómetros en nove etapas). A ruta por Verín enlaza coa variante interior do Camiño Portugués, que ven de Chaves. En conxunto as tres variantes suman 35 concellos e cerca de 400 quilómetros. Existen diferentes alternativas para configurar o recorrido, ademais da indicada por defecto na paxina oficial do Camiño de Santiago.² Por exemplo, a paxina web Mundicamino indica tamén oito etapas dende a Gudiña pola alternativa de Laza (pero con recorridos diferentes), e a web Wikiloc as reduce a sete o mesmo que a paxina web Eroski-Consumer (<https://caminodesantiago.consumer.es>) e a paxina web Gronze.com. En gran medida estas posibilidades veñen definidas por unha amplía heteroxeneidade na lonxitude e dificultade das etapas da propia proposta por defecto que esta aloxada na paxina web oficial (<https://www.caminodesantiago.gal/es/planifica/las-rutas/via-de-la-plata>), a cal combina etapas con 15,6 quilómetros con outras que superan os 40 (Cadro 3).

² Actualmente son moi numerosas as paxinas web relacionadas co Camiño de Santiago. De feito, entre as 50 principais paxinas web de viaxes en España o ranking Alexa (dato de inicio de decembro de 2019) sitúa oito paxinas web dedicadas en exclusiva o Camiño de Santiago. O ranking ten en conta os últimos 90 días, e tomo como referencia o ultimo día dispoñible, en este caso principios de decembro, un momento onde o numero de visitas relacionadas coa realización do Camiño situase no seu mínimo anual. As paxinas web <http://gronze.com> e <http://caminosantiago.consumer.es> son as de maior trafico, superando amplamente as paxinas de carácter oficial. Son paxinas que funcionan como guías do Camiño de Santiago, ofrecendo ademais información persoal e indicacións dos propios peregrinos sobre a realización do recorrido.

Cadro 3. Alternativas do Camiño do Sueste: Etapas e Lonxitude


POR LAZA (9 etapas)	212,2	POR VERÍN (10 etapas)	254,1	POR FECES (8 etapas)	187,2
A Canda		A Canda		Feces	
A Vilavella		A Vilavella		Verín	
O Pereiro		O Pereiro		Laza	36
A Gudiña	26,5	A Gudiña	26,5	Tamicelas	
Campobeceros		As Vendas da Barreira		A Alberguería	
Porto Camba		Verín	41,1	Vilar de Barrio	19
Laza	34,5	Albarellos		Padroso	
Tamicelas		Rebordondo		Xunqueira de Ambía	
A Alberguería		Trasmiras		Ourense	25
Vilar de Barrio	19	Boado		Tamallancos	
Padroso		Xinzo de Limia	36,2	A Casanova	
Xunqueira de Ambía		Sandiás		Cea	22,8
Ourense	25	Allariz	20,7	Dozón	15,6
Tamallancos		Santa Mariña de Augas Santas		Pontenoufe	
A Casanova		Pereiras		Bendoiro	18,4
Cea	22,8	Ourense	22,4	Silleda	
Dozón	15,6	Tamallancos		A Bandeira	
Pontenoufe		A Casanova		Outeiro	33,8
Bendoiro	18,4	Cea	22,8	Rubial	
Silleda		Dozón	15,6	Santiago de Compostela	16,6
A Bandeira		Pontenoufe			
Outeiro	33,8	Bendoiro	18,4		
Rubial		Silleda			
Santiago de Compostela	16,6	A Bandeira			
		Outeiro	33,8		
		Rubial			
		Santiago de Compostela	16,6		

Fonte: Elaboración propia a partir información disponible en <https://www.caminodesantiago.gal/gl/planifica~>

A gran maioría dos peregrinos optan pola primeira alternativa (por Laza), dado que para os que veñen dende Zamora supón realizar 42 quilómetros menos para chegar a Santiago. De feito, en 2018 só 300 peregrinos iniciaron a Vía da Prata dende Portugal, e un número aínda máis reducido (226 peregrinos) optaron por puntos de partida que pertencen a alternativa por Verín. O mapa de calor de actividades de Strava confirma


este dato (Mapa 4). Tendo en conta esta información a análise realizada centrase na ruta claramente dominante que e a que transcorre por Laza e que pódese dividir en 8-9 etapas como mostra o Mapa 5.

Mapa 4: Mapa Calor Actividades senderismo (detalle Puebla de Sanabria/Ourense)



Fonte: <https://www.strava.com/heatmap#7.00/-120.90000/38.36000/hot/all>

Mapa 5: Mapa Etapas Lubian- Santiago de Compostela (vía Laza)



Fonte: Elaboración propia


Por suposto, son posibles divisións alternativas (aínda que como veremos a oferta de aloxamento esta moi concentrada nos finais de etapa considerados). Na proposta realizada incluímos unha novena etapa que supón a división do recorrido entre Vilar de Barrio e Ourense (unha etapa de 35,3 quilómetros), en dúas, Vilar de Barrio-Xunqueira de Ambía, de 13,7 quilómetros e Xunqueira de Ambía-Ourense de 21,6 quilómetros.

ELEMENTOS DIFERENCIAIS DO CAMIÑO DO SUESTE-VÍA DA PRATA

O camiño que entra en Galicia pola Mezquita, é o camiño xacobeo con maior recorrido por terra galega de todos os itinerarios. Transcorre por tres provincias e 35 concellos maioritariamente rurais de baixa densidade de poboación. O feito mais destacable é que nos últimos anos tense observado unha dinámica na evolución do número de peregrinos diferencial, que pouco ten que ver coa fase extraordinariamente expansiva observada para o conxunto do Camiño. Nun contexto de forte incremento do número de peregrinos en todos os camiños, especialmente no Portugués, no Primitivo e no Inglés, na Vía da Prata o número estancouse en aproximadamente 9.000 peregrinos dende o último ano santo. Esta dinámica contraria a evolución xeral, supón que ano tras ano o Camiño do Sueste-Vía da Prata perda peso relativo na distribución de peregrinos. No último ano con datos dispoñibles (2018), a Vía da Prata supuxo o 2,8% do total de peregrinos, cando no último Ano Santo Xacobeo, en 2010, acadaba o 5,2%. Pero non se perde posición relativa. En relación o último ano Santo de 2010, en 2018 o número de peregrinos reduciuse nun 36%, mentres que no camiño inglés o número de peregrinos mais que duplicouse no mesmo período.

No gráfico 9 mostrase a evolución normalizada do número de peregrinos no total de camiños sen contar con os do Camiño do Sueste-Vía da Prata (o que permite analizar a evolución singular da Vía da Prata), o total sen os peregrinos que seguen o Camiño do Sueste-Vía da Prata e o Camiño Francés (onde se pode apreciar a dinámica explosiva do Camiño nas rutas alternativas dende o último Ano Santo), a evolución do Camiño do Sueste-Vía da Prata e por último, a evolución da Vía da Prata sen contar cos peregrinos que inician o seu percorrido en Ourense.


Gráfico 9: Evolución Normalizada do número de Peregrinos



Fonte: Elaboración propia a partir Estadísticas da Oficina de Acogida al Peregrino.

Resumindo, o Camiño do Sueste-Vía da Prata ten unha dinámica diverxente o resto de alternativas, especialmente distinta cando a comparamos co resto de rutas alternativas o Camiño Francés. Pero ademais, a evolución dende 2010 é especialmente negativa, tanto para o conxunto da Vía da Prata, como para os que inician o camiño antes de Ourense. Son dos feitos singulares, mais aínda tendo en conta que os que inician este recorrido antes de Ourense (medio e longo recorrido) tiveran entre 2004 e 2010 incluso unha dinámica mais positiva que o resto de alternativas. De feito, Ourense e o punto de inicio do Camiño na distancia dos 100 quilómetros que ten un peor comportamento (Gráfico 10). Este resultado, é difícil de explicar dado que Ourense ten un nivel de accesibilidade moi superior a localidades como Tui, Valença do Miño, Lugo ou Sarria e conta con infraestrutura e aloxamento que facilitaría a súa promoción como punto de partida.

Gráfico 10: Taxa de crecemento anual acumulativa. Puntos de inicio no entorno dos 100 quilómetros




Fonte: Elaboración propia a partir Estadísticas da Oficina de Acogida al Peregrino.

Ademais das importantes diferenzas no volume de peregrinos que transitan por cada ruta, o que supón diferenzas importantes no seu impacto territorial (económico, social e medioambiental), tamén o perfil do peregrino é diferente. Si consideramos a distancia recorrida e diferenciamos en función do punto de inicio (fora ou dentro de Galicia), o Camiño do Sueste-Vía da Prata volve a ter un comportamento diferencial. Sendo a ruta de maior recorrido en Galicia non é a que ten unha maior participación de peregrinos que inician a sua ruta dentro de Galicia. Neste caso o seu comportamento é semellante o Camiño Francés e difire considerablemente de outras alternativas que con recorridos de lonxitude semellante teñen unha menor participación do peregrino con orixe en Galicia, como ocorre co Camiño do Norte (ver Gráfico 11). Este resultado esta en relación directa co relativamente escaso éxito de Ourense como punto de inicio do recorrido.

Os Camiños tamén difiren en aspectos como a nacionalidade do peregrino (orixe) ou a distribución de peregrinos o longo do ano (estacionalidade). O peregrino que recorre o Camiño do Sueste-Vía da Prata é maioritariamente nacional (o 60% en 2018) o que non ocorre no resto de alternativas (para o conxunto de Camiños o peregrino nacional supón


actualmente so o 44% do total de peregrinos que obteñen a Compostela). Tamén o reparto por nacionalidades é diferente (gráfico 12), mentres no Camiño do Sueste-Vía da Prata dominan portugueses, alemáns e italianos, no conxunto de alternativas o fan os italianos, alemáns e estadounidenses.

Gráfico 11: Porcentaxe de peregrinos que inician o Camiño en Galicia por Ruta (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir Estadísticas da Oficina de Acogida al Peregrino.


Gráfico 12: Distribución dos peregrinos internacionais por países (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir Estadísticas da Oficina de Acogida al Peregrino.

O Camiño do Sueste-Vía da Prata, é tamén a ruta alternativa menos estacional (ver Gráfico 13). Utilizando como indicador de estacionalidade o peso dos tres meses de verán no total de peregrinos, a Vía da Prata obtén o menor resultado (un 45%). A ruta máis estacional e o Camiño do Norte, seguido polo Camiño Primitivo e o Camiño Inglés. Por suposto, as condicións climáticas afectan a este feito, pero tamén pode ser un factor relevante o modelo de desenvolvemento organizativo detrás de cada alternativa. A menor estacionalidade pode ser un punto a favor no desenvolvemento de esta ruta (maior estabilidade da demanda o longo do ano, menores problemas de conxestión/saturación). Non obstante, polo momento parece xogar en contra. O menor peso na época estival vai estar relacionada co perfil, menos turístico e familiar do peregrino nesta ruta e o menor desenvolvemento de Ourense como punto de inicio (recordemos a evolución dos diferentes puntos de inicio no entorno dos 100 quilómetros mostrada no gráfico 10).

Gráfico 13: Estacionalidade: peregrinos en xullo-setembro sobre o total (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir Estadísticas da Oficina de Acogida al Peregrino.

Por último, as características físicas, económicas e culturais dos diferentes itinerarios son tamén moi significativas. O Camiño do Sueste-Vía da Prata é maioritariamente rural, cun 85,7% dos concellos definidos como rurais de baixa poboación. De feito, con 52.434 persoas residindo en Zonas Pouco Poboadas de baixa densidade é o camiño máis rural (supón o 28% da poboación rural dos diferentes itinerarios en Galicia). Ademais conta cunha importante conexión con Portugal, aínda que pouco recoñecida: Viseu³ – Vila Real – Chaves – Verín que suma unha distancia total de 205 quilómetros na parte portuguesa (8 concellos) ata a fronteira tamén dun marcado carácter rural. E dicir, en principio é a alternativa con maior potencial de influencia no desenvolvemento rural de Galicia, especialmente na provincia de Ourense.


GUIÓN DO TRABALLO

O obxectivo de este convenio de colaboración é dobre. Por unha parte ofrecer unha aplicación das metodoloxías de análise de impacto socioeconómico desenvolvidas nos últimos anos polo GAME para coñecer en detalle a realidade socioeconómica actual dos concellos galegos polos que discorre o Camiño do Sueste-Vía da Prata. Por outra parte, a partir da información obtida, pretendese tamén inferir o potencial impacto do incremento no número de peregrinos e de posibles modificacións do seu perfil a medio e curto prazo. Pretendese desta xeito ofrecer información a todos os axentes implicados para facilitar a toma de decisións que permitan una mellor ordenación e dinamización respecto a este eixo vertebrador que é o Camiño ao seu paso pola provincia de Ourense. O camiño de Santiago é un fenómeno en continua evolución e que en consecuencia require dunha monitorización continua e permanente para adaptarse a uns peregrinos que cambian ano a ano. O modelo de avaliación debe pensarse en global, o que debe permitir o seguimento e avaliación das diferentes rutas e en diferentes momentos do tempo, pero debe ser tamén o suficientemente flexible para incorporar as importante

³ En 2018, o número de peregrinos que iniciou o Camiño en Viseu foi de 48.

diferencias entre os territorios polos que discorren as diferentes rutas. O Plan de traballo resúmese na seguinte figura.

Figura 3. Plan de Traballo



1.- CARACTERIZACIÓN DA ACTIVIDADE TURÍSTICA NO TERRITORIO

A Vía da Prata, que dende o seu punto de partida en Sevilla suma mais de 980 quilómetros, é unha viaxe cara o norte e o oeste de España que pasa por Andalucía, Extremadura e Castela-León antes de entrar en Galicia. O Camiño do Sueste-Vía da Prata ou tamén coñecido como Camiño Sanabres atravesa Galicia seguindo unha dirección este-oeste e nas súas tres variantes discorre por cerca de 400 quilómetros en trinta e cinco concellos galegos, que pertencen a tres provincias, nove comarcas e seis xeodestinos, con protagonismo para a provincia de Ourense, a comarca do Deza e o cauce do río Ulla.

O impacto real no día a día dos concellos por onde discorre o Camiño do Sueste non pode ser homoxéneo dadas as significativas diferenzas na relación dos diferentes concellos co camiño (Cadro 4). Todos aqueles concellos que non pertencen ao recorrido que pasa por Laza, teñen unha presenza de peregrinos moi reducida. Recordemos que en 2018 só 300 peregrinos inician o seu recorrido cara a Santiago de Compostela dende o norte e este de Portugal, e un número aínda máis reducido (226 peregrinos) optaron por puntos de partida que pertencen a alternativa por Verín xa en territorio galego. E que chegados A Gudiña, so un número moi reducido de peregrinos opta pola alternativa de Verín. Este resultado esta condicionado polo incremento na distancia recorrida que supón para os peregrinos que chegan dende Zamora continuar vía Verín, xa que supón sumar 42 quilómetros a ruta (unha ou dúas etapas mais).

Tamén dentro do mesmo itinerario, as diferenzas no impacto potencial son moi relevantes, xa que a intensidade da relación co camiño varia co recorrido (entre os 33,6 quilómetros de Laza e os 0,7 quilómetros de Baños de Molgas) a súa caracterización como final de etapa, ou a propia existencia de núcleos de poboación con servizos adecuados.

Cadro 4 Concellos e trazado do Camiño do Sueste-Vía da Prata

Nome Concello	Nome Comarca	Provincia	Nome Xeodestino	Quilómetros trazado principal
Boqueixón	Santiago	A Coruña	Terras de Santiago	5,2
Santiago de Compostela	Santiago	A Coruña	Terras de Santiago	9,4
Vedra	Santiago	A Coruña	Terras de Santiago	7,3
Allariz	Allariz-Maceda	Ourense	Terras de Ourense-Allariz	17,5
Amoeiro	Ourense	Ourense	O Ribeiro	1,3
Baños de Molgas	Allariz-Maceda	Ourense	Terras de Ourense-Allariz	0,7
Castrelo do Val	Verín	Ourense	Verín-Viana	11,46
Coles	Ourense	Ourense	Terras de Ourense-Allariz	0,9
Cualedro	Verín	Ourense	Verín-Viana	6,5
Xinzo de Limia	A Limia	Ourense	Celanova-Limia	8,2
Gudiña, A	Viana	Ourense	Verín-Viana	31,2
Xunqueira de Ambía	Allariz-Maceda	Ourense	Terras de Ourense-Allariz	14,84
Laza	Verín	Ourense	Verín-Viana	33,6
Mezquita, A	Viana	Ourense	Verín-Viana	10,7
Monterrei	Verín	Ourense	Verín-Viana	16,9
Oímbra	Verín	Ourense	Verín-Viana	1,1
Ourense	Ourense	Ourense	Terras de Ourense-Allariz	13,9
Paderne de Allariz	Allariz-Maceda	Ourense	Terras de Ourense-Allariz	3,2
Piñor	O Carballiño	Ourense	O Ribeiro	9,8
Riós	Verín	Ourense	Verín-Viana	18,9
San Cibrao das Viñas	Ourense	Ourense	Terras de Ourense-Allariz	3,9
San Cristovo de Cea	O Carballiño	Ourense	O Ribeiro	7,1
Sandiás	A Limia	Ourense	Celanova-Limia	10,3
Sarreaus	A Limia	Ourense	Celanova-Limia	4,8
Taboadela	Ourense	Ourense	Terras de Ourense-Allariz	4
Trasmiras	A Limia	Ourense	Celanova-Limia	11,3
Verín	Verín	Ourense	Verín-Viana	27
Vilamarín	Ourense	Ourense	Terras de Ourense-Allariz	6
Vilar de Barrio	A Limia	Ourense	Celanova-Limia	6,2
Vilardevós	Verín	Ourense	Verín-Viana	2,2
Vilariño de Conso	Viana	Ourense	Verín-Viana	1,6
Dozón	Deza Tabeirós-Terra de	Pontevedra	Deza-Tabeirós	9,8
Estrada, A	Montes	Pontevedra	Deza-Tabeirós	4,9
Lalín	Deza	Pontevedra	Deza-Tabeirós	18,2
Silleda	Deza	Pontevedra	Deza-Tabeirós	18,7

Fonte: Elaboración propia.

Mapa 6: Camiño do Sueste en Galicia



Fonte: Elaboración propia

A OFERTA DE ALOXAMENTO: TIPOLOXIA DE PRAZAS TURISTICAS

Tendo en conta toda esta información a análise realizada a continuación centrase na ruta claramente dominante que é a que transcorre por Laza, o que reduce a análise máis detallada só a 24 concellos (sen contar con Santiago de Compostela) onde as diferencias tamén son moi significativas en canto a súa relación co camiño (ver Cadro 4).

En relación coa caracterización da oferta de aloxamento no Camiño do Sueste, no cadro 5 mostrase información sobre o total de prazas, as prazas en albergues e dous indicadores relevantes: as prazas por cada 100 residentes e o peso das prazas en albergues no total da oferta de aloxamento. Observamos dous grandes grupos de concellos. No primeiro grupo (Vilamarín, Boqueixon, A Estrada, Sarreaus, Taboadela, San Cibrao das Viñas, Paderne de Allariz, Vilariño de Conso, Amoeiro, Coles e Baños de

Molgas) o recorrido do camiño no concello é inferior a 6 quilómetros, non transcorre por ningún núcleo de poboación principal do concello, non inclúe ningunha poboación como final tradicional de etapa e non contan con Albergue Público (na maioría dos concellos tampouco existe ningunha praza en albergues privados). No resto, a relación co camiño é moito mais intensa pola lonxitude do trazado, o paso polos núcleos principais, contar con poboacións definidas tradicionalmente como final de etapa ou contar con albergues públicos e infraestruturas de aloxamento turístico.


Cadro 5 Características básicas dos Concellos na alternativa por Laza do Camiño do Sueste-Vía da Prata

Nome Concello	KM	TOTAL PRAZAS	PRAZAS-ALBERGUES	POBOACION 2018	PRAZAS POR CADA 100 RESIDENTES	PESO PRAZAS ALBERGUE
Laza	33,6	44	36	1287	3,42	81,8%
Gudiña, A	31,2	199	26	1308	15,21	13,1%
Silleda	18,7	712	215	8698	8,19	30,2%
Lalín	18,2	473	30	20103	2,35	6,3%
Xunqueira de Ambía	14,8	77	24	1418	5,43	31,2%
Ourense	13,9	1816	108	105505	1,72	5,9%
Castrelo do Val	11,5	41	12	1001	4,10	29,3%
Mezquita, A	10,7	193	0	1039	18,58	0,0%
Dozón	9,8	50	50	1110	4,50	100,0%
Piñor	9,8	70	0	1140	6,14	0,0%
Vedra	7,3	238	57	5046	4,72	23,9%
San Cristovo de Cea	7,1	123	77	2191	5,61	62,6%
Vilar de Barrio	6,2	42	24	1317	3,19	57,1%
Vilamarín	6	30	0	1904	1,58	0,0%
Boqueixón	5,2	67	18	4215	1,59	26,9%
Estrada, A	4,9	502	28	20661	2,43	5,6%
Sarreaus	4,8	40	0	1189	3,36	0,0%
Taboadela	4	163	0	1443	11,30	0,0%
San Cibrao das Viñas	3,9	322	0	5249	6,13	0,0%
Paderne de Allariz	3,2	0	0	1383	0,00	0,0%
Vilariño de Conso	1,6	48	0	535	8,97	0,0%
Amoeiro	1,3	30	0	2265	1,32	0,0%
Coles	0,9	92	0	3049	3,02	0,0%
Baños de Molgas	0,7	236	35	1547	15,26	14,8%

Fonte: Elaboración propia

Como podemos observar, estamos ante concellos cunha oferta de prazas en aloxamento turístico moi reducida e incluso nalgún caso, non contan con prazas en ningún tipo de aloxamento turístico⁴ e en dez concellos non existe ningún albergue (basicamente concellos onde o recorrido do camiño é inferior os 5 quilómetros).

Mapa 7: Oferta de aloxamento Camiño do Sueste en Galicia (mapa de calor sen ter en conta Ourense)



Fonte: Elaboración propia


Na ruta por Laza, so contan con albergue público (consideramos aquí os que pertencen a Rede pública de Albergues do Camiño de Santiago en Galicia xestionados pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo) os concellos de A Gudiña, Laza, Vilar de Barrio, Xunqueira de Ambía, Ourense, San Cristovo de Cea, Silleda, Lalín e Vedra. En total 239 prazas sobre

⁴ Incluímos na análise as prazas do Albergue Público de Dozón (albergue municipal) aínda que segundo o Rexistro de Actividades Turísticas da Xunta de Galicia, o concello de Dozón non conta con ningunha praza de aloxamento turístico (ver información sobre aloxamentos turísticos a nivel municipal na web <https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=1826&paxina=001&c=0305002>). Trátase dun albergue para peregrinos, como así se indica na paxina web do concello e que pode consultarse en (<http://albergue.dozon.org/>). O albergue conta con 45 prazas comunais e tres habitacións privadas.



un total de 740, e dicir, por cada praza pública xestionada pola S.A de Xestión do Xacobeo⁵, estes concellos en media contan con 2 prazas privadas (nos concellos do Camiño Francés, por cada praza pública contase con mais de 4 prazas privadas, relación que acada o seu máximo no concello de Sarria que conta con 13 prazas privadas por cada praza pública).

A distribución de prazas por tipoloxía no Camiño do Sueste é claramente diferente a do conxunto de Galicia, con maior peso dos hoteis, pensións e albergues e menor peso dos campamentos de turismo (en todo o recorrido do Camiño do Sueste- Vía da Prata non existe ningún establecemento de este tipo) e, por suposto das vivendas de uso turístico, moi concentradas no ámbito urbano e nos destinos de costa (gráfico 14). Tamén e importante destacar o peso do turismo rural neste itinerario que duplica o peso no conxunto de Galicia (11% das prazas tanto no total do camiño como no tramo antes de Ourense). Por ultimo, indicar que a antes de Ourense o peso dos albergues e maior, mentres que o peso das vivendas de uso turístico é menor.

Gráfico 14: Distribución prazas aloxamento por tipoloxía (2019)



⁵ Notar que existen prazas publicas (municipais) ou en aloxamentos asimilables (albergues de donativo ou institucións relixiosas como o Mosteiro de Oseira) que de telos en conta como prazas públicas reducirían a relación a menos de 1,2 prazas privadas por cada praza pública.



Fonte: Elaboración propia.

Ningún de estes concellos ten a declaración de municipio turístico⁶ e só en cinco superase a media galega de prazas por habitante (A Gudiña, Silleda, A Mezquita,

⁶ De conformidade co artigo 27 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, poderán solicitar a declaración de municipios turísticos aqueles que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a media ponderada anual de poboación turística sexa superior ao 25% do número de veciños/as.

Taboadela e Baños de Molgas). Observando a información dispoñible no cadro 5, parece que os concellos con mais vinculación co Camiño poden ser Laza, San Cristovo de Cea e Vilar de Barrio, onde a oferta turística esta dominada polos albergues turísticos (un dato similar o que se obtén en media nos concellos do Camiño Francés) e onde existen albergues públicos que presentan un maior grado de ocupación.⁷

Cadro 6 Establecementos e Prazas nos concellos final de etapa

Final etapa	General – 2.5 Km		Albergues – 2.5 Km		TOTAL POR CONCELLO		
	ESTAB.	PAZAS	ESTAB.	PAZAS	TOTAL PAZAS	%PAZAS FINAL	PAZAS FORA
A Gudiña	7	177	1	26	199	88,9%	22
Laza	2	44	1	36	44	100,0%	0
Vilar de Barrio	1	24	1	24	42	57,1%	18
Xunqueira de Ambía	3	42	1	24	77	54,5%	35
Ourense	28	1187	3	108	1816	65,4%	629
Cea	3	61	1	41	123	49,6%	62
Dozón	1	50	1	50	50	100,0%	0
Bendoiro - Laxe	6	210	1	30	473	44,4%	263
Outeiro	4	126	1	32	238	52,9%	112

Fonte: Elaboración propia


Nestes concellos as prazas de aloxamento están concentradas no final de etapa e existen poucas alternativas intermedias, salvo nos concellos de Ourense, Lalín e Vedra. Non obstante, no caso de Lalín o Camiño pasa a mais de catro quilómetros dos establecementos hoteleiros, o que reduce as posibilidades de conseguir aloxamentos intermedios a unha distancia adecuada (menos dun quilometro) as etapas Xunqueira de Ambia-Ourense e Bendoiro-Outeiro (onde o camiño pasa por as poboacións de Silleda e Bandeira, cunha oferta de aloxamento significativa), como pode observarse no mapa 8.

b) Que o número de prazas de aloxamento turístico e de prazas de segunda residencia sexa superior ao 50 % do número de veciños/as.

c) Que acrediten contar, dentro do seu territorio, con algún recurso ou servizo turístico susceptible de producir unha atracción turística que xere unha cantidade de visitantes cinco veces superior á súa poboación, computada ao longo dun ano e repartida, cando menos, en máis de trinta días.

⁷ Non existe información completa do grado de ocupación do total de albergues públicos antes de setembro de 2018. Coa información dispoñible do ano 2019 (xaneiro-abril) o grado de ocupación é inferior o 20% e nalgún albergue é inferior o 5%. Contamos coa información do ano 2018 do albergue de Oseira subministrada directamente polos seus responsables. Para o total do ano 2018 a ocupación foi do 10%.


Mapa 8: Oferta Aloxamento entre finais de etapa do Camiño do Sueste en Galicia



Fonte: Elaboración propia.

En todo caso, estamos ante concellos que pertencen a xeodestinos, que salvo no caso de Verín-Viana, teñen tido unha evolución débil no incremento do numero de noites, en moitos casos moi inferior o incremento medio de Galicia (gráfico 15).

Gráfico 15: Evolución noites por xeodestino (variación relativa entre 2011 e 2018)



Fonte: Elaboración propia

Sorprenden dous datos en relación aos concellos do Camiño do Sueste. En Deza-Tabeirós a dinámica é negativa no período 2011-2018, nun contexto de crecemento xeral. O segundo dato é o forte incremento observado para Verín-Viana. Neste caso debe terse en conta que o punto de partida era moi baixo, polo que o incremento relativo positivo é elevado pero o absoluto é moi modesto.

En relación o último dato dispoñible, en 2018 as noites en aloxamentos turísticos de Galicia situáronse en 10.233.651, cifra que dividida polo tamaño da poboación galega, supón que por cada residente en Galicia os turistas pasan 3,79 noites ao. Tendo en conta que un residente en Galicia pasa unhas 365 noites ao ano na súa residencia, pódese obter unha medida do volume de poboación que supoñen os turistas que pasan a noite en destino. Así, este indicador tomou o valor de 1,04% o que significa que, en 2018, os turistas supuxeron o equivalente a 1,04 novos habitantes por cada 100 residentes habituais. Este índice inclúe a poboación de Galicia que visitou ao longo do ano algún destino turístico galego e se aloxou nalgún dos establecementos turísticos considerados. Si só temos en conta os turistas de fóra de Galicia, o indicador toma un valor de 0,71%.

Como en calquera territorio, en Galicia a demanda turística non se distribúe homoxeneamente, senón que tende a concentrarse en determinados focos de atracción turística. Se sumamos as noites dos concellos que bordean a Ría de Arousa, Terras de Santiago, A Coruña e As Mariñas e a Ría de Vigo e Baixo Miño obteríamos o 65% das noites rexistradas en Galicia en 2018. A área pola que discorre o Camiño do Sueste, ten pouca relevancia turística, xa que Verín-Viana so supón o 0,65% das noites do total de Galicia e Deza-Tabeirós o 1,14%. O xeodestino Terras de Ourense Allariz suma un 3,2%, pero en gran medida é o resultado dous dos núcleos de atracción turística principais, Ourense e Allariz.

Cadro 7 Indicadores de intensidade da demanda turística por destinos turísticos. Ano 2018. *Unidade: porcentaxe de noites, ratios*

Destinos	Porcentaxe noites	Indicador Poboación
Galicia	100,0	1,04
A Coruña e As Mariñas	13,1	0,85
Ancares - Courel	0,7	1,10
Celanova - Limia	0,6	0,41
Costa da Morte	2,9	0,70
Deza - Tabeirós	1,1	0,48
Ferrolterra	4,2	0,61
Lugo e a Terra Chá	5,3	0,79
Manzaneda - Trevinca	0,7	0,66
Mariña Lucense	4,0	1,57
O Ribeiro	1,2	0,72
Ría de Arousa	20,0	2,94
Ría de Muros e Noia	1,3	0,85
Ría de Vigo e Baixo Miño	15,0	0,81
Ría e Terras de Pontevedra	6,1	0,74
Ribeira Sacra	3,1	1,43
Terras de Ourense e Allariz	3,2	0,60
Terras de Santiago	16,9	1,73
Verín - Viana	0,6	0,55

Nota: Indicador poboación=((Número de noites/Número de días no ano)/Poboación do destino)x100
Fonte: IGE. Indicador da intensidade da demanda turística

A reducida relevancia da actividade turística nestes concellos o confirman os datos de poboación turística equivalente publicados polo IGE na súa operación estatística “*Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia*” (Cadro 7). Como pode observarse, salvo en Baños de Molgas, Taboadela, A Gudiña, A Mezquita, San Cibrao e Silleda, os valores da carga poboacional vinculada o turismo é negativa, e dicir, sae mais poboación como turista da que entra no concello en cada período de análise (trimestral). Ademais, nos concellos en que é positivo este saldo, en números absolutos é moi reducido. En todo caso, as cifras de A Gudiña e de A Mezquita son significativas, xa que supoñen valores superiores a media de Galicia. Este resultado, esta condicionado polo método de estimación que ten en conta as prazas oficiais de aloxamento existentes en cada concello.

Cadro 8: Residentes e Turistas en 2016


	RESIDENTES	TURISTAS	PESO RELATIVO
Santiago de Compostela	96465	3032	3,14%
Baños de Molgas	1645	39	2,34%
Taboadela	1488	34	2,28%
Gudiña, A	1662	29	1,76%
Mezquita, A	1412	21	1,49%
San Cibrao das Viñas	5168	30	0,57%
Silleda	8959	31	0,35%
San Cristovo de Cea	2343	-1	-0,04%
Xunqueira de Ambía	1414	-1	-0,09%
Laza	1424	-2	-0,11%
Piñor	1250	-3	-0,24%
Lalín	20873	-51	-0,25%
Vedra	4924	-13	-0,26%
Castrelo do Val	1036	-4	-0,39%
Estrada, A	20685	-92	-0,44%
Vilar de Barrio	1449	-7	-0,47%
Boqueixón	4433	-21	-0,47%
Coles	3072	-15	-0,48%
Vilariño de Conso	715	-4	-0,49%
Trasmiras	1313	-8	-0,57%
Amoeiro	2241	-13	-0,59%
Vilamarín	1984	-12	-0,59%
Paderne de Allariz	1472	-9	-0,59%
Ourense	103295	-646	-0,62%
Dozón	1270	-8	-0,63%

Fonte: Elaboración propia a partir de "Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia", Instituto Galego de Estatística.

Dúas observacións a estes resultados. En primeiro lugar, tratase de datos netos, diferenza entre entradas e saídas, o cal non supón nos casos que observamos un resultado negativo que non se produzan importantes entradas. En segundo lugar, a estimación da poboación turística pode estar condicionada pola utilización en exclusiva de datos de noites das enquisas de ocupación, e utilizar como indicador de reparto os datos por concellos de prazas en aloxamentos regrados. De feito, este método de

estimación non ten en conta establecementos básicos para os peregrinos como son os Albergues.⁸

Gráfico 16: Peso do Turismo na Carga Poboacional (2016)



Fonte: Elaboración propia a partir de “Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia”, Instituto Galego de Estatística.

No ano 2017, a situación é moi similar. Só en Silleda a poboación turística neta ten un incremento significativo pasando de 31 a 65 residentes equivalentes (un incremento de mais do 100%), pero que sigue sendo pouco significativa. Non obstante, en todos estes concellos si é moi relevante a poboación equivalente residente asociada as segundas

⁸ Os problemas de estimación da poboación turística aloxada en Albergues, comezan incluso no propio Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia (REAT). Como xa indicamos, na última actualización do rexistro o concello de Dozón está ausente. É dicir, non conta con hoteis, pensións, albergues, cámpings ou vivendas de uso turístico, cando dende 2012 está aberto un albergue de peregrinos público de titularidade municipal que conta con 50 prazas.

vivendas, chegando a superar o 5% da poboación residente en Baños de Molgas, Vilar de Barrio e Laza.

ESTIMACIÓN DA CARGA POBOACIONAL DOS PEREGRINOS POR CONCELLO

A partir da información existente (punto de partida, ruta elixida, quilómetros de recorrido por concello e total de cada etapa, oferta de prazas publicas e privadas e información sobre as etapas realizadas) e utilizando unha metodoloxía semellante a da estimación da poboación estacional, é posible estimar a carga poboacional anual dos peregrinos que transitan por cada concello do Camiño do Sueste-Vía da Prata.

Si consideramos que un peregrino que durme nun concello na maioría dos casos chega o mesmo ata primeira hora da tarde, como máximo pasaría 2/3 do día no concello onde durme. O resto do tempo consideramos que o utiliza para facer o recorrido da etapa e distribuímos a súa presenza por concello en función da distancia, asumindo unha mesma velocidade media. De este xeito, un peregrino que durme nun concello e ten un recorrido moi reducido no propio concello, contara algo mais que como 2/3 de residente equivalente día, pero si ten un amplío recorrido no concello e necesita mais de 6 horas de camiñar terá en consecuencia un peso superior a un residente equivalente, xa que pasara mais dun día completo nese concello.

A partir de esta información, é posible realizar unha estimación alternativa do que supón en termos de carga poboacional os peregrinos por concello (Cadro 8). Como podemos observar, a carga dos peregrinos en ningún caso supera o 2%, e só en catro concellos supera o 1%. Isto supón que cos datos actuais o impacto socioeconómico do Camiño necesariamente non pode ser moi relevante. Estimando do mesmo xeito a carga poboacional dos peregrinos nos concellos do Camiño Francés, en todos os que son final de etapa o peso dos peregrinos supera o 5% da poboación residente chegando o 28,5% en Triacastela e superando o 10% en Palas de Rei, O Pino, Pedrafita do Cebreiro e Portomarín.

A estimación realizada, supón que en media e tendo en conta o tempo que tardan en recorrer o tramo do camiño en cada concello, a carga poboacional máxima esta en torno a 25 persoas día.

Cadro 9: Estimación Carga Poboacional Peregrinos

	PEREGRINOS	IMPACTO POTENCIAL MAXIMO POR			IMPACTO PONDERADO	PESO TOTAL POBLACIÓN
		DIA	KM	HORAS		
A Mezquita	4158	11,39	10,7	3,6	3,38	0,49%
A Gudiña	4158	11,39	31,2	10,4	15,56	1,71%
Villariño de Conso	4382	12,00	1,6	0,5	0,53	0,15%
Castrelo do Val	4382	12,00	11,5	3,8	3,83	0,57%
Laza	4382	12,00	33,6	11,2	17,20	1,93%
Sarreaus	4531	12,41	4,8	1,6	1,65	0,21%
Vilar de Barrio	4531	12,41	6,2	2,1	8,34	0,56%
Xunqueira de Ambía	4531	12,41	14,8	4,9	5,10	0,83%
Baños de Molgas	4837	13,25	0,7	0,2	0,25	0,02%
Paderne de Allariz	4837	13,25	3,2	1,1	1,17	0,13%
San Cibrao das Viñas	5363	14,69	3,9	1,3	1,59	0,05%
Taboadela	5363	14,69	4	1,3	1,63	0,17%
Ourense	5363	14,69	13,9	4,6	13,01	0,02%
Coles	9126	25,00	0,9	0,3	0,62	0,03%
Vilamarín	9126	25,00	6	2,0	4,16	0,33%
Amoeiro	9126	25,00	1,3	0,4	0,90	0,06%
San Cristovo de Cea	9126	25,00	7,1	2,4	17,43	1,10%
Piñor	9126	25,00	9,8	3,3	6,80	0,90%
Dozón	9126	25,00	9,8	3,3	19,30	1,67%
Laíín	9126	25,00	18,2	6,1	12,64	0,14%
Silleda	9127	25,00	18,7	6,2	25,49	0,42%
Estrada	9127	25,00	4,9	1,6	3,40	0,02%
Vedra	9127	25,00	7,3	2,4	17,57	0,48%
Boqueixón	9127	25,00	5,2	1,7	3,61	0,13%

Fonte: Elaboración propia.

2.- ANALISE DA CAPACIDADE DE CARGA

METODOLOXÍA


A xestión de espazos de contido cultural e paisaxístico, esixe prestar atención á posibilidade de saturación dos mesmos, xa que esta provocaría unha degradación da experiencia e polo tanto unha perda de atractivo para o visitante. Por suposto que incluso un espazo aberto, como é o Camiño, corre o risco de perder a súa esencia si se masifica e satura.

A literatura especializada propón a análise de capacidade de carga, que identifica co número máximo de visitas/turistas que se poden realizar/acoller nun punto turístico por unidade de tempo en base ás condicións físicas, sociais e de xestión existentes. As condicións físicas son un primeiro elemento a ter en conta, por canto determinan a facilidade/dificultade asociada á visita. Cuestións como o número de horas de luz, o espazo dispoñible, o clima, etc., determinan en boa medida a capacidade dun sitio para acoller visitantes. As outras dúas condicións son tamén da máxima relevancia. Monitorizar o impacto social do turismo sobre a poboación residente na área visitada resulta crucial para evitar efectos negativos. Neste sentido, a percepción dos residentes sobre o efecto do turismo na súa vida cotiá (saturación de servizos básicos, impacto sobre os prezos locais, etc.) resulta clave para a correcta avaliación do impacto do turismo sobre unha área, e da capacidade máxima de visitantes que dita punto, area ou concello pode acoller. As condicións relacionadas coa xestión, por último, son relevantes en sitios turísticos que esixen a asignación de recursos (centros de interpretación, guías, vixilancia, etc.). Deste xeito a literatura identifica tres niveis diferentes de carga turística, que están fortemente vinculados entre si. En concreto, e seguindo a metodoloxía proposta por Cifuentes (1992) establecemos a seguinte tipoloxía de capacidade de carga turística:

1. A capacidade de carga física (CCF): constitúe o límite máximo de visitas que poden realizarse nun período. Está determinado polas condicións físicas do sitio, como son a superficie dispoñible ou as horas de luz. Esta CCF representa o

- número máximo de visitantes que poderían ocupar un espazo turístico sen ter en conta ningún tipo de condicionante social, ambiental ou climático. Representa, xa que logo, o límite superior da carga turística dun sitio.
2. A capacidade de carga real (CCR): constitúe o límite efectivo de visitas que o sitio turístico pode soportar sen que se xere sensación de saturación ou se derive nunha degradación ambiental ou social do sitio. Esta capacidade derívase a partir da CCF aplicando unha serie de factores correctores que se derivan de variables limitadoras, como poden ser variables meteorolóxicas, erodabilidade, etc. Obviamente, o cálculo da CCR vai depender das circunstancias propias de cada enclave turístico, polo que os factores correctores a aplicar serán específicos de cada caso analizado.
 3. A capacidade de carga efectiva (CCE) ten en conta a capacidade de xestión da administración do sitio turístico, en caso de existir a mesma. Isto inclúe variables como persoal encargado do sitio (guías, vixiantes, centros de interpretación, etc.) así como infraestruturas e equipos. Xa que logo, constitúe un novo límite a aplicar sobre a CCR, xa que a existencia destes factores relacionados coa xestión do sitio turístico pode limitar o número máximo de visitas que se poden asimilar cos recursos materiais e humanos dispoñibles.

Figura 4. Capacidade de Carga. Divisións



Desta tipoloxía se deduce, polo tanto, que a CCF é a magnitude teórica máxima de visitas, que será reducida por unha serie de factores correctores á CCR, que representaría a capacidade máxima de visitas sen que se produza unha degradación ambiental ou social do sitio turístico. Finalmente, en función da existencia de restricións en relación cos recursos de xestión dispoñibles (de estar presentes), dita CCR pode ser reducida aínda máis ata alcanzar a CCE. No caso da análise do Camiño de Santiago en calquera das súas alternativas, non obstante, debemos realizar dous matices importantes. En primeiro lugar, non existe unha administración que xestione o Camiño como tal, senón que o mantemento das infraestruturas do mesmo (así como do propio Camiño) dependen dos concellos que atravesas, sen que exista unha asignación específica de persoal ou de medios materiais para o mesmo. Por iso, non é posible calcular a capacidade de carga efectiva, segundo esta apreciación. En segundo lugar, á hora de revisar a literatura, atopámonos con que os factores limitadores da CCF están pensados para visitas a espazos cerrados o nos que se pode controlar facilmente o acceso o que non concorda coas características do Camiño de Santiago. En efecto, os factores limitadores máis habituais (o número e tamaño de grupos, os días de choiva ou de excesiva calor ou frío) son máis proclives a limitar a capacidade de carga dun punto turístico illado fisicamente, como pode ser un xacemento arqueolóxico ou unha catedral. O Camiño supón unha visita turística de varios días encadeados, no que o visitante ten como obxectivo alcanzar o final do mesmo, en Santiago de Compostela, polo que só en caso de situacións climáticas extremas decidirá pospoñer a realización dunha determinada etapa, pero en raras ocasións decidirá cancelar a realización do traxecto.

CÁLCULO DA CAPACIDADE DE CARGA DA VÍA DA PRATA

Capacidade de carga física (CCF)

O primeiro paso consiste no cálculo da Capacidade de Carga Física (CCF), é dicir, o volume máximo de peregrinos que as condicións físicas do Camiño (distancia, anchura,

...) podería permitir. É unha referencian para poder realizar os restantes cálculos. A CCF mediría a capacidade máxima de admisión de peregrinos, baixo o suposto de que o recurso turístico é empregado ó 100%. Para o seu cálculo é preciso realizar unha serie de consideracións.

En primeiro lugar, as etapas son tomadas da cartografía oficial do Camiño, coa salvedade de que atopamos un erro na etapa Xunqueira de Ambia – Ourense. Na cartografía oficial esta etapa remata en Allariz, cando realmente finaliza en Ourense sen pasar por Allariz.⁹ Para cada etapa calculamos o tempo que un peregrino medio tardaría en finalizala. Para elo aplicamos diversos métodos de cálculo, como a Función de Sendeirismo de Tobler, e comparamos os resultados cos atopados en portais de sendeirismo (como o propio www.wikiloc.com) ou cos tempos aproximados aportados en diversas páxinas sobre o camiño. Unha vez calculado este tempo de realización de cada etapa, calculamos a velocidade media en metros/segundo. Deste xeito, o listado de etapas e as súas características principais é o seguinte (Cadro 10):

Cadro 10: Etapas da Vía da Prata

Etapas	Distancia	Tempo a pé (minutos)	Velocidade (m/s)
Lubián-A Gudiña	26,5	445	0,99
A Gudiña-Laza	34,5	530	1,08
Laza-Vilar de Barrio	19	278	1,14
Vilar de Barrio-Xunqueira de Ambia	13,8	180	1,28
Xunqueira de Ambia-Ourense	22	275	1,33
Ourense-Cea	22,9	310	1,23
Cea-Dozón	15,5	220	1,17
Dozón-Bendoiro	18,3	248	1,23
Bendoiro-Outeiro	33,8	462	1,22
Outeiro-Santiago de Compostela	16,7	228	1,22

Fonte: elaboración propia

O segundo paso consiste no cálculo do número de horas de luz solar, que sería o tempo dispoñible para realizar cada etapa do camiño. O noso suposto é que os peregrinos

⁹ Na aplicación oficial, a etapa Vilar de Barrio Ourense finaliza a 10,5 Km. de Ourense, en Pereiras. Falta o tramo Pereiras-Ourense que é común coa variante de Verín.

realizan o camiño durante o día, evitando as horas nocturnas por motivos de seguridade. Partindo das bases de datos de www.meteogalicia.gal calculamos para as estacións máis próximas ós lugares de inicio de cada etapa a diferenza (en horas) entre o amencer e o anoitecer, o que nos proporciona as horas de luz dispoñibles para camiñar.


A partir destes datos, podemos calcular o tempo dispoñible para lanzar peregrinos ó Camiño, é dicir, durante canto tempo poden saír peregrinos a camiñar baixo a premisa que realicen o traxecto con luz diúrna. Calculamos, pois, a diferenza (en minutos) entre as horas de luz e o tempo necesario para realizar o camiño (dadas as velocidades calculadas con anterioridade). Estes tempos son variables en función da época do ano, debido ás variacións nas horas de luz. Os resultados resúmense no Cadro 11. Notar que cando a distancia e elevada no inverno no caso da etapa A Gudiña-Laza as dificultades para realizala con luz son considerables, só dende que sae o sol e durante 36,4 minutos en Xaneiro e 17,8 en decembro sería posible comezar o camiño para que podamos terminar con luz (é iso sen contar as posibles paradas de descanso e avituallamento).

Cadro 11: Tempo dispoñible para lanzar peregrinos ó Camiño, por etapa e mes

	XANE	FEBRE	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOS	SETE	OUTU	NOVE	DECE
Lubián-A Gudiña	121,4	189,8	268,4	355,4	428	468,2	452	389	305,6	222,8	144,8	102,8
A Gudiña-Laza	36,4	104,8	183,4	270,4	343	383,2	367	304	220,6	137,8	59,8	17,8
Laza-Vilar de Barrio	288,4	356,8	434,8	461,8	595,6	635,2	619,6	556	473,2	389,2	311,8	269,8
Vilar de Barrio-Xunqueira de Ambia	385,2	453,6	532,8	620,4	694,2	735	718,2	654,6	571,2	486,6	408,6	367,2
Xunqueira de Ambia-Ourense	289,6	358,6	437,8	526	599,8	640,6	623,8	560,2	476,8	391,6	313,6	271
Ourense-Cea	254,6	323,6	402,8	491	564,8	605,6	588,8	525,2	441,8	356,6	278,6	236
Cea-Dozón	343,4	413	492,8	581,6	656	696,8	680,6	615,8	531,8	446	366,8	324,2
Dozón-Bendoiro	314,8	385	464,8	553,6	628,6	669,4	652,6	588,4	503,8	418	338,8	296,2
Bendoiro-Outeiro	100,8	171	250,8	339,6	414,6	455,4	438,6	374,4	289,8	204	124,8	82,2
Outeiro-Santiago de Compostela	334,2	403,8	484,8	574,2	649,2	691,2	673,8	609	523,8	438	358,2	315

Fonte: elaboración propia

Gráfico 17: Detalle das diferenzas por mes no tempo dispoñible para iniciar a etapa



Supoñendo que o espazo mínimo entre dúas persoas non pode ser inferior a 1 metro, e que a distancia mínima entre persoas é de 2 metros (para non tropezar uns cos outros), podemos calcular o espazo entre peregrinos en segundos, é dicir, canto tarda un camiñante á velocidade media en percorrer a distancia mínima asignada (2 metros). Con este dato, podemos finalmente calcular s CCF, é dicir, o número máximo de peregrinos que poderíamos lanzar diariamente, dada a distancia asignada a dous peregrinos consecutivos. Supoñemos que a anchura do Camiño permite colocar a dous peregrinos en paralelo. Obtemos pois o cálculo da CCF, a capacidade máxima diaria do camiño. Os resultados preséntanse no Cadro 12.

Cadro 12: Capacidade de Carga Física por etapas e mes

	Espazo entre peregrinos (en segundos)	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUNO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
Lubián-A Gudiña	2,0	7229	11303	15983	21164	25488	27882	26917	23165	18199	13268	8623	6122
A Gudiña-Laza	1,8	2369	6822	11938	17602	22327	24944	23890	19789	14360	8970	3893	1159
Laza-Vilar de Barrio	1,8	19711	24386	29717	31562	40706	43413	42347	38000	32341	26600	21310	18440
Vilar de Barrio-Xunqueira de Ambia	1,6	29532	34776	40848	47564	53222	56350	55062	50186	43792	37306	31326	28152
Xunqueira de Ambia-Ourense	1,5	23168	28688	35024	42080	47984	51248	49904	44816	38144	31328	25088	21680
Ourense-Cea	1,6	18808	23905	29755	36271	41722	44736	43495	38797	32636	26342	20580	17434
Cea-Dozón	1,7	24194	29098	34720	40976	46218	49093	47951	43386	37468	31423	25843	22841
Dozón-Bendoiro	1,6	23229	28409	34298	40850	46385	49395	48156	43418	37176	30844	25000	21857
Bendoiro-Outeiro	1,6	7375	12510	18349	24845	30332	33317	32088	27391	21202	14925	9130	6014
Outeiro-Santiago de Compostela	1,6	24479	29577	35509	42058	47551	50627	49353	44607	38366	32082	26237	23072

Fonte: elaboración propia

Esta CCF vai ser diminuída por unha serie de factores de corrección. As características da experiencia de peregrinación (o tamaño do grupo, o espazo necesario entre grupos

para non se molestar uns a outros, etc...) e os condicionantes físicos (meteoroloxía) fan que esta CCF se vexa mermada, de xeito que a Capacidade de Carga Real (CCR) sexa inferior á CCF. Describimos pois os cálculos realizados para obter a CCR das diferentes etapas da Vía da Prata

Capacidade de Carga Real (CCR)

O factor de corrección social

O primeiro dos factores de corrección que aplicamos sobre a CCF é o denominado factor de corrección social. Neste caso temos en conta a magnitude limitante derivada do comportamento dos peregrinos, é dicir, que porción do camiño non pode ser ocupada debido a aspectos relacionados coa composición do grupo.

En primeiro lugar, comezamos por asignar a distancia mínima entre grupos, que fixamos en 25 metros, é dicir, o espazo libre que ten que existir entre grupos para que non exista percepción de aglomeración. A continuación, fixamos o coeficiente correspondente ó tamaño medio, que para o caso da Vía da Prata fixamos en 2, fixando ademais un espazo de 1 metro entre persoas do mesmo grupo. Con isto, calculamos en primeiro lugar o espazo entre grupos, é dicir, que espazo (en segundos) temos que deixar antes de dar saída a un novo grupo. Para elo, dividimos o espazo entre grupos (25 metros) entre a velocidade media, o que nos da os segundos que deben mediar entre grupos. A continuación, calculamos o número de grupos que podemos lanzar nun día. Dividimos o tempo dispoñible para lanzar peregrinos entre o espazo entre grupos, o que nos da o número máximo de grupos que poderían ser lanzados nun día se deben manter unha distancia de 25 metros entre eles. O seguinte paso é multiplicar o número máximo de grupos polo tamaño medio do grupo. Co que obtemos a capacidade de carga unha vez tidos en conta os condicionantes de grupo. Os resultados resúmense no Cadro 13.

Cadro 13: Capacidade corrixida por factor social, por etapa e mes

Etapa	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
Lubián-A Gudiña	578	904	1279	1693	2039	2231	2153	1853	1456	1061	690	490
A Gudiña-Laza	190	546	955	1408	1786	1996	1911	1583	1149	718	311	93
Laza-Vilar de Barrio	1577	1951	2377	2525	3257	3473	3388	3040	2587	2128	1705	1475
Vilar de Barrio-Xunqueira de Ambia	2363	2782	3268	3805	4258	4508	4405	4015	3503	2984	2506	2252
Xunqueira de Ambia-Ourense	1853	2295	2802	3366	3839	4100	3992	3585	3052	2506	2007	1734
Ourense-Cea	1505	1912	2380	2902	3338	3579	3480	3104	2611	2107	1646	1395
Cea-Dozón	1936	2328	2778	3278	3697	3927	3836	3471	2997	2514	2067	1827
Dozón-Bendoiro	1858	2273	2744	3268	3711	3952	3852	3473	2974	2468	2000	1749
Bendoiro-Outeiro	590	1001	1468	1988	2427	2665	2567	2191	1696	1194	730	481
Outeiro-Santiago de Compostela	1958	2366	2841	3365	3804	4050	3948	3569	3069	2567	2099	1846

Fonte: elaboración propia

Se dividimos este resultado entre a CCF temos o factor de corrección (a porcentaxe de redución na CCF debida ó factor social, que cos supostos fixados sitúase nun 8%.

Factor de corrección por chuva

O segundo dos factores de corrección que imos a aplicar é o debido á presenza de chuva. O noso suposto é que a presenza de chuva moderada (precipitación superior a 10 l/m² nun día) reduce a velocidade á que se poden desprazar os peregrinos, debido á roupa protectora, estado do terreo, etc (datos de precipitación tomados de meteogalicia.gal). O noso suposto base é que a velocidade se reduce nun 20%, o que incrementa nesa magnitude o espazo asignado entre peregrinos. Polo tanto, obtemos unha capacidade corrixida para os días de chuva, é dicir, que cantidade de peregrinos podería asumir unha etapa concreta nun día de chuva. Nótese que no caso de etapas longas, a redución na velocidade pode impedir que sexa posible realizar a etapa con luz solar. Neses casos, asumimos que non é posible lanzar peregrinos, polo que a capacidade de carga será fixada en 0. Os resultados se resumen no Cadro 14.

Cadro 14: Capacidade corrixida por chuva, por etapa e mes

	Espazo entre peregrinos (en segundos)	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
Lubián-A Gudiña	2,5	484	3742	7487	11631	15090	17005	16233	13232	9259	5314	1598	0
A Gudiña-Laza	2,3	0	0	2425	6570	10028	11943	11172	8170	4197	252	0	0
Laza-Vilar de Barrio	2,2	10428	13687	17403	18689	25064	26950	26207	23177	19232	15231	11543	9542
Vilar de Barrio-Xunqueira de Ambia	2,0	16207	19466	23239	27412	30928	32872	32072	29042	25068	21038	17322	15350
Xunqueira de Ambia-Ourense	1,9	10521	13809	17582	21784	25299	27243	26443	23413	19440	15381	11665	9635
Ourense-Cea	2,0	8437	11724	15497	19699	23215	25159	24359	21329	17355	13296	9580	7551
Cea-Dozón	2,1	13740	17055	20857	25087	28632	30576	29804	26717	22715	18627	14854	12825
Dozón-Bendoiro	2,0	12044	15388	19190	23420	26993	28937	28136	25078	21048	16960	13187	11157
Bendoiro-Outeiro	2,1	0	2644	6446	10676	14249	16193	15393	12334	8304	4216	443	0
Outeiro-Santiago de Compostela	2,0	13206	16522	20381	24640	28213	30214	29385	26298	22239	18151	14349	12291

Fonte: elaboración propia

Posteriormente, calculamos o factor de corrección dividindo esta capacidade corrixida pola CCF, dato que nos permitirá realizar o cálculo da CCR.

Factor de corrección por temperaturas elevadas

Neste caso temos en conta que a calor excesiva (temperaturas máximas por riba de 30º) supoñen un factor limitante da capacidade de carga. En concreto, supoñemos que nos días de calor intenso os peregrinos realizan a súa saída nunha marxe reducida de horas para evitar as horas centrais de sol. Inicialmente fixamos esta marxe en 4 horas. Este límite afecta ó tempo dispoñible para lanzar peregrinos ó Camiño. A partir deste dato, calculamos a capacidade baixo este escenario e o correspondente factor de corrección. Posteriormente, teremos en conta o número efectivo de días de calor para o cálculo da CCR en termos mensuais.

Factor de corrección por frío

No caso de temperaturas baixas (temperatura media por debaixo de 5º) facemos o suposto de que nese días os peregrinos retrasan a saída nun número de horas, fixado de antemán (no escenario base supoñemos que a saída se adía en dúas horas. Isto reduce o tempo efectivo do que dispoñemos para lanzar peregrinos, e polo tanto, a capacidade de carga. De novo, o factor de corrección que calculamos dinos que porcentaxe de capacidade temos dispoñible en caso de frío. Posteriormente, temos en conta o número medio de días con temperaturas por debaixo de 5 grados para o cálculo da CCR mensual.

A Capacidade de Carga Real

Unha vez calculados os factores de corrección sociais, por temperaturas elevadas e por temperaturas baixas procedemos ó cálculo da capacidade de carga real, en termos mensuais, para cada unha das etapas. Para elo, sobre a capacidade de carga física, aplicamos o factor de corrección por composición de grupo, aplicamos o factor de corrección por temperaturas elevadas e por temperaturas baixas tendo en conta os rexistros medios de temperatura extraídos de meteogalicia.gal. O resultado resúmese no Cadro 15.

Cadro 15: Capacidade de Carga Real por etapa e mes (total mensual)

	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
Lubián-A Gudiña	17604	17652	26402	40029	57025	57466	56486	48303	37777	29346	18911	13713
A Gudiña-Laza	4928	12007	23685	35209	51069	51556	49344	39929	29670	21795	7785	2595
Laza-Vilar de Barrio	32079	35169	57713	69768	90827	84031	86115	71089	67114	55643	43559	34406
Vilar de Barrio-Xunqueira de Ambia	47483	49855	73469	102548	121036	121967	126135	111884	95591	82190	61826	55039
Xunqueira de Ambia-Ourense	45915	52732	78776	88699	105333	103196	103181	85664	75181	65290	54154	45217
Ourense-Cea	29050	25867	38519	65212	89400	99171	101767	88393	72241	53589	37994	34586
Cea-Dozón	39957	42092	59256	85972	103355	107451	113203	96494	79705	70673	48534	45070
Dozón-Bendoiro	39413	41938	59698	86358	104281	108425	113709	96694	79252	69700	47657	43833
Bendoiro-Outeiro	14159	25329	40683	55358	67411	70732	71593	57075	40103	32220	21672	12990
Outeiro-Santiago de Compostela	50005	49538	71378	91082	106787	108879	112196	96766	80279	70224	54837	49270

Fonte: elaboración propia

Desta táboa observamos que a CCR experimenta variacións importantes ao longo das diferentes etapas, e sobre todo, nos diferentes momentos do ano, xa que os condicionantes de luz, calor e frío determinan a carga efectiva que pode asumir o Camiño.

Análise de uso (saturación)

Unha vez calculada a capacidade de carga real, podemos poñela en relación co número efectivo de peregrinos que realizan este Camiño. Para o cálculo dos índices de saturación das etapas precisamos calcular o número de peregrinos que seguen esta vía de peregrinación. Tomando datos procedentes do Cabildo da Catedral de Santiago de Compostela temos unha primeira estimación do número de peregrinos que solicitan a Compostela, certificado de ter realizado a peregrinación dende unha distancia mínima establecida. Non obstante, as enquisas a peregrinos permítennos facer unha estimación do número de camiñantes que non solicitan este certificado, polo que deberíamos aumentar o dato base nunha determinada porcentaxe. En base ós resultados de ditas enquisas, aumentamos o dato base nun 30%. Os resultados de esta estimación resúmense no Cadro 16.

Cadro 16: Número de peregrinos que seguiron a Vía da Prata

	XAN	FEBR	MAR	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULL	AGOS	SETE	OUT	NOV	DEC
2015	59	79	259	970	1862	1741	2461	1942	1258	957	285	117
2016	56	52	689	909	1599	1673	2074	1873	1199	1145	268	251
2017	30	99	225	1208	1756	1533	2209	1914	1244	1218	313	131
2018	78	116	439	991	1608	1772	2042	2038	1275	979	416	111

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Cabildo da Catedral de Santiago

Unha vez computado o número total de peregrinos, calculamos os índices de saturación, que son o cociente entre o número de peregrinos por mes e a capacidade de carga real. Un índice elevado (por riba do 50%) indicaría un problema de saturación relativa. Calculamos estes índices para os anos 2015, 2016, 2017 e 2018. Os resultados resúmense no Cadros 17 a 20.

Cadro 17: Índices de saturación por etapa e mes. Ano 2015

	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
Lubián-A Gudiña	0,33	0,33	0,30	0,65	1,70	3,24	3,08	5,09	5,14	4,29	5,06	2,08
A Gudiña-Laza	1,19	0,49	0,33	0,73	1,90	3,61	3,53	6,16	6,55	5,77	12,29	10,97
Laza-Vilar de Barrio	0,18	0,17	0,14	0,37	1,07	2,22	2,02	3,46	2,89	2,26	2,20	0,83
Vilar de Barrio-Xunqueira de Ambia	0,12	0,12	0,11	0,25	0,80	1,53	1,38	2,20	2,03	1,53	1,55	0,52
Xunqueira de Ambia-Ourense	0,13	0,11	0,10	0,29	0,92	1,80	1,69	2,87	2,58	1,93	1,77	0,63
Ourense-Cea	0,20	0,23	0,21	0,40	1,08	1,88	1,71	2,78	2,69	2,35	2,52	0,82
Cea-Dozón	0,15	0,14	0,13	0,30	0,94	1,73	1,54	2,55	2,44	1,78	1,97	0,63
Dozón-Bendoiro	0,15	0,14	0,13	0,30	0,93	1,72	1,53	2,55	2,45	1,81	2,01	0,65
Bendoiro-Outeiro	0,41	0,23	0,19	0,47	1,44	2,63	2,43	4,31	4,84	3,91	4,41	2,19
Outeiro-Santiago de Compostela	0,12	0,12	0,11	0,28	0,91	1,71	1,55	2,54	2,42	1,79	1,74	0,58

Fonte: elaboración propia

Cadro 18: Índices de saturación por etapa e mes. Ano 2016

	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
Lubián-A Gudiña	0,32	0,29	2,61	2,27	2,80	2,91	3,67	3,88	3,17	3,90	1,42	1,83
A Gudiña-Laza	1,13	0,43	2,91	2,58	3,13	3,25	4,20	4,69	4,04	5,25	3,44	9,67
Laza-Vilar de Barrio	0,17	0,15	1,19	1,30	1,76	1,99	2,41	2,64	1,79	2,06	0,61	0,73
Vilar de Barrio-Xunqueira de Ambia	0,12	0,10	0,94	0,89	1,32	1,37	1,64	1,67	1,25	1,39	0,43	0,46
Xunqueira de Ambia-Ourense	0,12	0,10	0,87	1,02	1,52	1,62	2,01	2,19	1,59	1,75	0,49	0,55
Ourense-Cea	0,19	0,20	1,79	1,39	1,79	1,69	2,04	2,12	1,66	2,14	0,70	0,73
Cea-Dozón	0,14	0,12	1,16	1,06	1,55	1,56	1,83	1,94	1,50	1,62	0,55	0,56
Dozón-Bendoiro	0,14	0,12	1,15	1,05	1,53	1,54	1,82	1,94	1,51	1,64	0,56	0,57
Bendoiro-Outeiro	0,39	0,21	1,69	1,64	2,37	2,37	2,90	3,28	2,99	3,55	1,24	1,93
Outeiro-Santiago de Compostela	0,11	0,10	0,97	1,00	1,50	1,54	1,85	1,94	1,49	1,63	0,49	0,51

Fonte: elaboración propia

Cadro 19: Índices de saturación por etapa e mes. Ano 2017

	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
Lubián-A Gudiña	0,17	0,56	0,85	3,02	3,08	2,67	3,91	3,96	3,29	4,15	1,66	0,96
A Gudiña-Laza	0,61	0,82	0,95	3,43	3,44	2,97	4,48	4,79	4,19	5,59	4,02	5,06
Laza-Vilar de Barrio	0,09	0,28	0,39	1,73	1,93	1,82	2,56	2,69	1,85	2,19	0,72	0,38
Vilar de Barrio-Xunqueira de Ambia	0,06	0,20	0,31	1,18	1,45	1,26	1,75	1,71	1,30	1,48	0,51	0,24
Xunqueira de Ambia-Ourense	0,07	0,19	0,29	1,36	1,67	1,49	2,14	2,23	1,65	1,87	0,58	0,29
Ourense-Cea	0,10	0,38	0,58	1,85	1,96	1,55	2,17	2,16	1,72	2,27	0,82	0,38
Cea-Dozón	0,07	0,23	0,38	1,40	1,70	1,43	1,95	1,98	1,56	1,72	0,65	0,29
Dozón-Bendoiro	0,08	0,24	0,38	1,40	1,68	1,41	1,94	1,98	1,57	1,75	0,66	0,30
Bendoiro-Outeiro	0,21	0,39	0,55	2,18	2,61	2,17	3,09	3,35	3,10	3,78	1,45	1,01
Outeiro-Santiago de Compostela	0,06	0,20	0,32	1,33	1,64	1,41	1,97	1,98	1,55	1,73	0,57	0,27

Fonte: elaboración propia

Cadro 20: Índices de saturación por etapa e mes. Ano 2018

	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
Lubián-A Gudiña	0,44	0,66	1,66	2,47	2,82	3,08	3,62	4,22	3,38	3,34	2,20	0,81
A Gudiña-Laza	1,58	0,96	1,86	2,81	3,15	3,44	4,14	5,11	4,30	4,49	5,34	4,26
Laza-Vilar de Barrio	0,24	0,33	0,76	1,42	1,77	2,11	2,37	2,87	1,90	1,76	0,96	0,32
Vilar de Barrio-Xunqueira de Ambia	0,16	0,23	0,60	0,97	1,33	1,45	1,62	1,82	1,33	1,19	0,67	0,20
Xunqueira de Ambia-Ourense	0,17	0,22	0,56	1,12	1,53	1,72	1,98	2,38	1,70	1,50	0,77	0,24
Ourense-Cea	0,27	0,45	1,14	1,52	1,80	1,79	2,01	2,31	1,77	1,83	1,09	0,32
Cea-Dozón	0,20	0,27	0,74	1,15	1,56	1,65	1,80	2,11	1,60	1,39	0,86	0,25
Dozón-Bendoiro	0,20	0,28	0,74	1,15	1,54	1,63	1,80	2,11	1,61	1,40	0,87	0,25
Bendoiro-Outeiro	0,55	0,46	1,08	1,79	2,39	2,51	2,85	3,57	3,18	3,04	1,92	0,85
Outeiro-Santiago de Compostela	0,16	0,23	0,62	1,09	1,51	1,63	1,82	2,11	1,59	1,39	0,76	0,22

Fonte: elaboración propia


Os resultados acadados indican que os índices de saturación son moi reducidos, xeralmente por debaixo do 5% nos meses de maior afluencia de peregrinos. Este

resultado indica que a afluencia de peregrinos non supón para a Vía da Prata un problema. O crecemento potencial desta vía, en termos de capacidade de acollida de novos peregrinos, é polo tanto moi elevada, con amplos marxes de crecemento sostible dende o punto de vista da capacidade de carga turística deste activo cultural.

Por suposto, existen outros limites que non están directamente relacionados coa capacidade de carga real do camiño, como a capacidade de acollida pola infraestrutura hoteleira. Dado que é habitual nos concellos do camiño poñer a disposición dos peregrinos as instalacións municipais (pavillóns deportivos, escolas, centros sociais...) para pasar a noite esta limitación non é realmente efectiva. Non obstante, podemos tamén obter unha aproximación da posible existencia de limitacións por esta banda.

Dado que a estimación superior obtida no Cadro 16 sitúase sobre os 2.000 peregrinos mes (sumando os peregrinos que non recollen a Compostela), e tendo en conta os puntos de inicio, o numero medio estimado de peregrinos por día por concello e inferior a 25, cun máximo en xullo de 67. Polo tanto, podemos estimar que no mes de máxima afluencia as necesidades diarias máximas de prazas situaríanse sempre entre as 60 e as 70 prazas (e só para os concellos a partir de Ourense).

Gráfico 18: Numero de Compostelas por Mes na alternativa Vía da Prata (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir Estadísticas da Oficina de Acogida al Peregrino.

Só en Dozón o número de prazas é inferior ao intervalo estimado (Cadro 5), pero dado que seguramente os peregrinos opten nunha porcentaxe importante por facer noite no seguinte albergue, a conclusión é evidente (en Lalín con 473 prazas, contar con toda a demanda factible nesa etapa en xullo-agosto supón ocupar só o 15% da súa capacidade). Por tanto, polo momento non existe ningún problema de capacidade asociado a oferta de aloxamento no recorrido do Camiño do Sueste-Vía da Prata en Galicia dada a demanda estimada.

3.- ANALISE DO IMPACTO SOCIOECONOMICO

3.1.- DINAMICA DEMOGRAFIA

Os concellos do Camiño do Sueste teñen un conxunto amplo de características socioeconómicas e demográficas comúns, pero tamén mostran importantes diferenzas. Son todos concellos de interior que salvo no caso de San Cibrao de Viñas teñen perdido poboación residente entre 2000 e 2018, perda que foi moi intensa (superior o 30%) na maior parte dos mesmos.

Cadro 21: Evolución da poboación residente 2000-2018


	VARIACIÓN ABSOLUTA (2000-2018)	VARIACIÓN RELATIVA EN % (2000-2018)
Dozón	-1.064	-48,94
Sarreaus	-728	-37,98
Vilariño de Conso	-319	-37,35
Vilar de Barrio	-767	-36,80
Laza	-740	-36,51
Mezquita, A	-510	-32,92
Xunqueira de Ambía	-679	-32,38
San Cristovo de Cea	-1.041	-32,21
Baños de Molgas	-675	-30,38
Piñor	-480	-29,63
Castrelo do Val	-335	-25,07
Gudiña, A	-416	-24,13
Paderne de Allariz	-331	-19,31
Taboadela	-312	-17,78
Vilamarín	-358	-15,83
Estrada, A	-1.656	-7,42
Silleda	-516	-5,60
Coles	-113	-3,57
Ourense	-3.142	-2,89
Boqueixón	-76	-1,77
Amoeiro	-28	-1,22
Vedra	-37	-0,73
Lalín	-66	-0,33
San Cibrao das Viñas	1.635	45,24

Fonte: IGE e elaboración propia.

A perda de poboación ten que ver na maior parte dos casos coa baixa natalidade e un elevado envellecemento que ten tido como consecuencia un crecemento vexetativo negativo dende mediados dos anos 80 do século pasado. Así, o número de concellos en Galicia que en 2018 tiña menos defuncións que nacementos foi de oito, ningún no itinerario do Camiño do Sueste. Recordemos que Ourense xunto con Zamora lidera o crecemento vexetativo negativo en España con case 10 persoas menos por cada 1.000 habitantes.

Xunto cunha dinámica regresiva, os concellos do Camiño do Sueste, se caracterizan por unha elevada idade media (gráfico 18) que supera significativamente a idade media do conxunto de Galicia, salvo no concello de San Cibrao das Viñas e no de Ourense. De feito, na provincia de Ourense gran parte dos concellos superan os 55 anos de idade media (10 anos mais que a media galega) e incluso os menos envellecidos tamén superan a media galega amplamente. Nos concellos da A Coruña e Pontevedra a idade media é lixeiramente superior a media galega salvo en Dozón que esta máis próximo o comportamento dos concellos ourensáns.


Gráfico 19: Idade media (1 de xaneiro 2018)



Fonte: IGE e elaboración propia.

A dinámica regresiva e o envellecemento, os concellos do camiño do Sueste unen tamén unha baixa densidade poboacional.¹⁰ Na maioría dos casos os concellos son caracterizados como Zoas Pouco Poboadas de baixa densidade (o que se define como areas rurais).¹¹ Só os concellos de Ourense e Lalín non estarían dentro da clasificación rural. De feito, a densidade poboacional de Vilariño de Couso, Laza, Castrelo do Val e A Gudiña é inferior o limite para considerar estes territorios como Areas Escasamente Poboadas ou en risco de despoboamento pola Unión Europea.

Gráfico 20: Densidade de poboación (2018)



Fonte: IGE e elaboración propia.

¹⁰ A densidade media no rural en España é aproximadamente de 20 habitantes por Km². No camiño do Sueste oito concellos teñen una densidade de poboación inferior, dos cales catro non acadan os 12 habitantes por Km².

¹¹ No ano 2011, Eurostat xunto con outros organismos da UE e a OCDE elaboraron unha nova metodoloxía común da Clasificación do grao de urbanización (Eurostat, 2011). Esta nova metodoloxía clasifica os concellos baseándose nunha combinación de criterios de contigüidade xeográfica e de limiares mínimos de poboación, aplicados a unha cuadrícula de celas poboación de 1 km. Este enfoque, apoiado na cartografía do territorio por unha cuadrícula de celas de 1 km, evita as distorsións ocasionadas polo uso de unidades territoriais que varían en superficie e/ou forma.

A despoboación é un risco real en gran parte do Camiño do Sueste. De feito, en todo o recorrido do Camiño en Galicia so o núcleo de Silleda ademais do núcleo de Ourense supera os 1.000 habitantes.¹² Como indicador da elevada dispersión da poboación no recorrido do Camiño indicar que estes concellos contan con máis de 1.900 núcleos que non superan os 100 habitantes.

O núcleo principal so supera o 50% da poboación do concello en Ourense, Lalín e A Gudiña. En Laza e San Cristovo de Cea só un de cada catro veciños ten a súa residencia no núcleo principal. Esta elevada dispersión supón importantes costes na prestación de servizos e dificulta a accesibilidade os servizos básicos a gran parte da poboación destes concellos.

3.2.- EVOLUCIÓN DO MERCADO DE TRABALLO

O emprego

Un dos principais efectos do turismo é a xeración de emprego e por iso é importante analizar o mercado de traballo dos concello polos que pasa o camiño do Sueste-Vía da Prata para cuantificar o impacto do mesmo no emprego. Utilizaremos distintos indicadores baseados nos afiliados a seguridade social, a poboación ou os desempregados rexistrados para caracterizar brevemente os principais resultados do mercado nestes concellos.¹³


En primeiro lugar, analizamos a relación entre a poboación residente total e os residentes en alta laboral. É dicir, calculamos cantos residentes están en alta laboral (afiliados a Seguridade Social) por cada 100 residentes do concello. Como podemos ver no gráfico 20, o conxunto de Galicia conta con 36 afiliados por cada 100 residentes. Os datos mostran unha importante heteroxeneidade nos concellos da Vía da Prata, con concellos como Castrelo do Val, Laza ou Sarreaus cunha afiliación por habitante máis de 10 puntos

¹² O núcleo de Lalín tamén supera os 1.000 habitantes, pero non forma parte do camiño. O camiño pasa a máis de catro quilómetros. Non obstante, dado que polo núcleo de Lalín tamén discorre o camiño de Inverno, a parada en Lalín pode ser unha boa alternativa para o peregrino, xa que Lalín ofrece unha ampla carteira de servizos.

¹³ A nivel municipal, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) non é representativa e polo tanto, non podemos calcular os indicadores estándar para mostrar a evolución do mercado de traballo. Por iso, recorreremos á indicadores alternativos que aproximan os resultados da EPA pero baseados en datos de rexistro.

por debaixo da media galega e concellos como Vedra, Boqueixón ou San Cibrao das Viñas cun cociente máis de 5 puntos superior ao da media de Galicia, e polo tanto cun maior potencial para soste a súa poboación a partir da actividade laboral. Este indicador de afiliados por cada 100 habitantes está moi condicionado polo envellecemento da poboación, é dicir a relación redúcese polo aumento da poboación que non está en idade de traballar. Polo tanto, os resultados deste indicador estará moi influído por este fenómeno para os concellos da Vía da Prata, pois teñen unha poboación máis envellecida que a media galega (exceptuando Boqueixón e San Cibrao de Viñas).

Gráfico 21: Cociente entre os afiliados e a poboación residente nos concellos da Vía da Prata en 2018




Fonte: Elaboración propia a partir de datos de afiliación á seguridade Social e do Padrón municipal continuo do IGE

Para corrixir este indicador e que non estea influído polo envellecemento da poboación do concello de residencia podemos calcular o cociente entre o número de afiliados e a poboación residente en idade de traballar (16-64), que ademais representaría unha

aproximación da taxa de emprego. Como podemos ver no gráfico 22, os resultados dos concellos da Vía da Prata para a xeración de emprego melloran moito respecto a media galega cando só temos en conta a poboación en idade de traballar. De feito, 6 destes concellos (San Cibrao das Viñas, Boqueixón, Silleda, Vedra, Dozón e Piñor) atópanse por enriba do 65%, é dicir arredor de 10 puntos por enriba da media galega. Se ben é certo que os concellos que mostraban os peores resultados co indicador anterior (Castrelo do Val, Laza ou Sarreaus) seguen estando moi por debaixo da media galega.

Gráfico 22: Cociente entre os afiliados e a poboación residente (16-64) nos concellos da Vía da Prata en 2018




Fonte: Elaboración propia a partir de datos de afiliación á seguridade Social e do Padrón municipal continuo do IGE

A dinámica migratoria tamén pode ser relevante e condicionar este ratio se os emigrantes son residentes potencialmente activos que non estaban afiliados (ou inmigrantes que non veñen a traballar ó concello). Deste xeito o ratio aumentaría (diminuiría) de valor aínda

que a situación económica non variase. Para identificar se a proxy da taxa de emprego podería estar influída polos movementos migratorios comparamos a evolución dos cambios en afiliación e co saldo migratorio. O gráfico 23 mostra o saldo migratorio acumulado no período respecto a poboación do ano inicial 2011 e o cambio relativo na afiliación entre 2011-2018.

Gráfico 23: Saldo Migratorio acumulado (2011-2018) respecto a poboación do 2011 e cambio relativo da afiliación no período 2011-2018 para os concellos da Vía da Prata




Fonte: Elaboración propia. IGE

A migración non parece estar influíndo na proxy da taxa de emprego pois na maioría dos concellos a evolución recente de ambos indicadores foi moi parella coa excepción de Vedra, Coles, Amoeiro, San Cibrao das Viñas e Silleda. A evolución recente da afiliación mostran un diferencial favorable en só 3 dos concellos da Vía da Prata. O saldo migratorio tamén é negativo na maioría dos concellos. Debemos ter en conta que un saldo migratorio negativo ten importantes consecuencias para a fixación a longo prazo da poboación no territorio. En territorios cunha baixa natalidade, a inmigración supón unha oportunidade para a sostenibilidade económica e social dos territorios rurais, pero a emigración define

o despoboamento e agrava o envellecemento da poboación ao ser a poboación en idade de traballar a que mostra unha maior probabilidade a migrar.

O feito de que os traballadores que residen nun concello determinado estean afiliados non significa que traballen nese concello. Non obstante, é importante medir a capacidade que ten un territorio de fixar laboralmente a súa poboación e por iso, definimos o índice de autocontención como a proporción da poboación ocupada dun concello con emprego no mesmo municipio.¹⁴ Este indicador informa sobre as pautas de mobilidade da poboación posto que canto menores sexan os postos de traballo no concello en relación ós ocupados do mesmo, maior será a súa mobilidade obrigada. Partindo da base que reducir o tempo de desprazamentos diario é positivo, este indicador tamén ten unha relación directa coa calidade de vida no concello. O gráfico 24 mostra que a maior parte dos afiliados no concellos traballan en outros concellos. De feito, para moitos destes concellos a porcentaxe de traballadores que traballan no propio concello está debaixo do 20%, e só Ourense e Lalín se atopan por riba da media da media galega.

Gráfico 24: Índice de autocontención para os concellos da Vía da Prata no ano 2016




Fonte: Elaboración propia. IGE

¹⁴ Cálculase relacionando os traballadores que están empregados no concello no que residen co total de traballadores que residen nese concello (e que poden traballar ou non nel)

Un indicador relacionado é o índice de autosuficiencia de emprego, que mostra a relación existente entre os traballadores que exercen a súa actividade nas empresas dun territorio coa poboación residente (ocupada) no mesmo territorio, ben sexa neste o noutro lugar. O índice de autosuficiencia (gráfico 25) para os concellos da Vía da Prata (coa excepción de A Gudiña, Ourense, Castrelo do Val ou San Cibrao das Viñas) é menor que a media galega e está por debaixo de 100, é dicir producen menos emprego que os ocupados no territorio. Chama a atención o caso de San Cibrao das Viñas, que mostra que o peso do emprego xerado no territorio é 3 veces máis elevado que o total de ocupados nese territorio. En xeral se observa o carácter dependente do resto de concellos.

Gráfico 25: Índice de autocontención para os concellos da Vía da Prata no ano 2016




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE

O desemprego

Como indicador da saúde do mercado laboral local, utilizamos o ratio entre afiliados residentes e o número de parados rexistrados, ante a imposibilidade de obter unha estimación fiable da relación entre parados e activos, a taxa de paro a escala local. Ter un traballo non só é importante polo benestar material senón como vínculo social. O traballo

é esencial para lograr unha calidade de vida digna. Polo tanto, a perda de emprego ten numerosos consecuencias negativas dende o punto de vista da equidade e a exclusión social. O número de desempregados rexistrados nos concellos da Vía da Prata é relativamente reducido, cunha incidencia moito menor que noutras zonas de Galicia. De feito o ratio afiliación/parados mostra resultados máis positivos para todos os concellos da zona que para a media galega (439 afiliados por cada 100 parados rexistrados) coa excepción de Castrelo do Val, con concellos que superan os 1.000 afiliados por cada 100 parados, como Vedra, Vilamarín ou Dozón.

Gráfico 26: Afiliados/parados rexistrados os concellos da Vía da Prata no ano 2018




Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Afiliación á Seguridade Social e de desempregados rexistrados do IGE

Podemos realizar outra aproximación da taxa de paro a partir do cociente entre os desempregados rexistrados e a poboación potencialmente activa (afiliados máis parados rexistrados). A taxa de desemprego pode ser una medida básica para interpretar a cohesión social e calibrar o grao de crecemento económico e benestar social dun municipio ou territorio. Nas zonas rurais ademais de estar relacionado coa pobreza e o crecemento, o desemprego é un factor desencadéante de despoboación e éxodo as cidades

o que ten importantes consecuencias sociais, económicas ambientais e culturais. O ratio máis reducido (Gráfico 27) obtense en Dozón, concello que tamén ten baixa densidade de poboación. Polo contrario na Vía da Prata outros concellos mostran un nivel de poboamento máis baixo (Vedra, Coles e A Estrada).¹⁵

Gráfico 27: Proxy da taxa de paro na Vía da Prata no ano 2018




Fonte: Elaboración propia a partir de datos de afiliación á seguridade Social e dos desempregado rexistrados do IGE

Caracterización dos afiliados

Unha vez temos unha visión xeral do mercado de traballo dos concellos da Vía da Prata, a través do emprego e o desemprego, podemos ir un pouco máis alá e fixarnos nas características dos afiliados para entender mellor as diferenzas entre concellos. Un das características que na que podemos fixarnos para a caracterización da afiliación é a porcentaxe de afiliado por conta propia (gráfico 28). De feito, gran parte da afiliación destes concellos é por conta propia, sendo maior que a media galega para dous terzos deles. Destaca especialmente o caso de Dozón onde ao afiliados por conta propia representa case o 55% dos afiliados, o que supón o dobre da media galega.

¹⁵Segundo datos do IGE sobre o grao de urbanización dos concellos de Galicia.


Gráfico 28: Peso dos afiliados por conta propia sobre a afiliación nos concellos da Vía da Prata no ano 2016



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da afiliación á seguridade social do IGE.

Se ben o autoemprego constitúe unha alternativa de desenvolvemento en áreas rurais, sempre que supoña favorecer a diversificación económica, o alto porcentaxe de afiliados por conta propia ven dado polo alto peso do sector agrario en moitos destes concellos (Gráfico 29). De feito, soamente cinco dos concellos teñen un peso da agricultura inferior á media galega, que é do 6%. O peso da agricultura é particularmente alto para Dozón cun 43%. Esta taxa é moi superior que no resto dos concellos da Vía da Prata, dado que o seguinte concello é Sarreaus cun 26,1% (se ben é un peso 4 veces máis alto que a media galega). O gráfico 29 mostra tamén o destacable peso do sector servizos en todos os concellos (característica das economías desenvolvidas). Dozón é o que ten o ratio máis baixo, cun 38%, sendo o seguinte concello Piñor cun 52%. Na industria atopamos valores entre un 5% e un 18%, cunha maior taxa no caso de Xunqueira de Ambía, seguida de A Gudiña (cun 16%). Ourense destaca tanto na industria como nos servizos, mentres que San Cibrao está máis enfocado na industria. Nunha situación intermedia dentro da Vía da Prata situaríanse Coles, Taboadela, Vedra e A Estrada cunha especialización máis industrial, e Lalín, A Estrada, e Vedra cunha especialización máis de servizos.


Gráfico 29: Porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social por sector en 2018



Elaboración propia a partir de datos Afiliacións á Seguridade Social do IGE

Outra característica interesante da afiliación que nos pode dar moita información é o peso dos mutualistas Muface (gráfico 30). A porcentaxe de mutualistas varían moito entre os concellos, dun 0,69% en Xunqueira de arriba a un 9,74% para Ourense (único valor que é superior á media, que alcanza o 4,35%). Este peso máis elevado indica o peso dos funcionarios do sector público, que ten moito menos peso na maioría dos concellos da Vía da Prata que son máis rurais.

Gráfico 30: Peso dos mutalistas sobre a afiliación nos concellos da Vía da Prata no ano 2016



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE

Podemos concluir indicando que os concellos da Vía da Prata, xeran en xeral menos emprego que a media galega pero tamén teñen un menos número de desempregados rexistrados. Estes resultados están moi condicionados pola especialización produtiva agraria, a estrutura demográfica e os movementos migratorios (que para os concellos máis rurais son moi relevantes e permiten un mellor axuste dos indicadores laborais, pero comprometen a súa sustentabilidade a medio prazo).


Peso da actividade turística

Na análise de situación xeral do mercado de traballo dos concellos da Vía da Prata, vimos que case todos teñen un peso importante dos servizos se ben algúns deles teñen unha gran dependencia do sector agrario. Desagregando un pouco máis o sector servizos podemos analizar o peso da actividade turística. A actividade turística ven definida polo lado da demanda, é dicir son as características do consumidor (turista ou non turística) o que determina que un produto sexa turístico ou non e non que o produce como nas ramas de actividade tradicionais. Non obstante, as actividades económicas de *Servizos de aloxamento* e *Servizos de comidas e bebidas*, é dicir a rama de hostalería, sería a que está

máis directamente relacionada coa presenza dos peregrinos, aínda que por suposto non é a única actividade produtiva afectada, e por iso analizamos o emprego desta rama.

No Gráfico 31 mostrase o peso da actividade turística como fonte de emprego dos concellos da Vía da Prata a partir do peso do sector da hostalería na afiliación a seguridade social entre os anos 2015, e 2018.

Gráfico 31: Porcentaxe da Hostalaría no total da afiliación do concello




Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Afiliación IGE

No gráfico anterior podemos observar o elevado peso da hostalería nos concellos da Vía da Prata en comparación coa media galega, que soamente supera a tres dos concellos estudados: Paderne de Allariz, Dozón e Vilariño de Conso no 2018. Dende o 2015 ao 2018, a evolución do peso da afiliación en Hostalería non foi homoxéneo, en 10 dos concellos (sobre o 40% do total dos concellos) experimentase un crecemento na porcentaxe, como tamén ocorre na media galega, e no resto diminúe. Destaca o crecemento de Sarreaus e San Cristovo de Cea, de máis do 35%. No sentido contrario,

podemos resaltar o caso de Vilar de Barros e Vilariño de Conso. Estas variacións tan elevadas son debidos aos baixos niveis de afiliación que en xeral que presentan estes concellos.

Ademais de ver o peso do sector da hostalería no emprego podemos facer esta mesma análise a partir do número de empresas. Deste xeito, podemos realizar unha comparativa entre o peso da afiliación na Hostalería sobre o total de sectores e o peso das empresas da hostalaría no total por concello (Gráfico 32).

Gráfico 32: Afiliación e Empresas de turismo sobre total, 2017




Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Afiliación e do Directorio de Empresas do IGE

En xeral, atopamos que o peso de afiliación é máis baixo que o de empresas sobre o total do sector, como tamén ocorre para a media galega, o que indica que o número de traballadores por empresa nestes concellos é moito máis baixo no sector da Hostalería que no resto de sectores. Cabe tamén destacar que algunhas destas diferenzas son moi elevadas, superando os 7 puntos porcentuais nos casos de Paderne de Allariz e Taboadela.

No caso deste concello tamén atopamos que é o que mostra un maior número de empresas dedicadas a Hostalería sobre o total.

Gráfico 33: Especialización en Servizos de aloxamento (datos de empresas) 2017




Fonte: Elaboración propia a partir IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

A continuación imos un pouco máis alá na análise do número de empresas e desagregaremos a rama de hostalería nos dous principais grupos de especialización da CNAE 2009: *Servizos de aloxamento* e *Servizos de comidas e bebidas*.

Nos Gráficos 33 e 34, podéase comprobar que hai unha tendencia á especialización na restauración en maior medida que no aloxamento comparado coa media galega. De feito, en 4 dos concellos non hai ningunha empresa de aloxamento, e en 8 soamente 1 empresa; ao mesmo tempo en Baños, A Gudiña e Castrelo do Val os aloxamentos superan o 2% do total, moi superior á media, de menos dun 1%.

No tocante ás empresas de restauración, o peso incrementa substancialmente, tanto para a media como nos concellos do presente estudo. Sete dos concellos superan o dato medio, dos cales 4, Taboadela, A Gudiña, Baños de Molgas e Coles tamén destacan no peso do aloxamento.

Gráfico 34: Especialización en Servicios de comidas e bebidas (datos de empresas) 2017



Fonte: Elaboración propia a partir IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

3.3.-EVOLUCIÓN DA PRODUCCIÓN

Se ben a especialización económica pode axudar ao crecemento económico dunha área, a diversidade económica dos concellos asegura a sustentabilidade a longo e medio prazo, o cal é incluso máis importante en concellos onde o despoboamento ten maior incidencia. As medidas da diversidade económica baséanse na teoría da información (Pielou, 1975). Estas medidas son basicamente fórmulas de entropía que miden dous aspectos básicos:

- a) Abundancia de actividades nunha economía.
- b) grado de homoxeneidade no número de individuos (empresas/traballadores) por actividade.


Así, os índices terán un valor máis alto conforme,

- a) o número de ramas con actividade sexa maior .
- b) o número de locais en cada rama sexa semellante.

O índice utilizado aquí é o de Shannon, cuxa fórmula é $H = -\sum p_i \cdot \ln p_i$ sendo p_i o número de locais na rama de actividade i , dividido polo total de locais do concello, de tal xeito

que $\sum p_i=1$. O índice a partir do número de unidades locais¹⁶ do *directorio de empresas e unidades locais* do Instituto Galego de Estatística coa desagregación de ramas a dous díxitos da clasificación CNAE. Como podemos ver no gráfico 35, a diversidade nos concellos da Vía da Prata aumentou do 2014 ao 2017, principalmente en aqueles concellos que partían de valores moi baixos do índice. Non obstante, moitos deles seguen presentado valores moi baixos de diversidade.

Gráfico 35: Índice Shannon de diversidade económica para os concellos da Vía da Prata 2014-2017




Fonte: Elaboración propia a partir do directorio de empresas e unidades locais do IGE

¹⁶ Unha unidade local é una empresa ou parte dela (taller, fábrica, oficina, mina, depósito,...) emprazada nun lugar no que se realizan actividades económicas baixo a responsabilidade do seu titular. A unidade local, pode agrupar actividades auxiliares exclusivamente. Por tanto, as sedes sociais ou os domicilios legais dos titulares das empresas serían unidades locais, aínda no caso de que existan unicamente como soporte xurídico das actividades. A unidade local así definida non coincide por tanto coa clásica de “establecemento”. O establecemento sería unha unidade local na que estarían vencellados de modo inequívoco actividade e territorio. Poderíase entender un establecemento como unha unidade local “con local”, fronte a unidade local “sen local” propia das actividades de profesionais ou colectivos con forte presenza de minifundismo empresarial, actividades que non se exercen nun lugar fixo e que en moitos casos teñen o domicilio particular como único referente estable para a organización da produción.

Ademais da diversidade económica é importante analizar a complexidade económica para saber o grao de organización dun sistema local e coñecer a mestura de usos e servizos utilizados.

Gráfico 36: Índice de complexidade económica para os concellos da Vía da Prata 2014-2017




Fonte: Elaboración propia a partir do directorio de empresas e unidades locais do IGE

No gráfico 37 móstrase a porcentaxe de ramas que non teñen ningunha unidade local no territorio de referencia, utilizando unha desagregación de actividades económicas a 2 díxitos. Canto menor sexa esta porcentaxe maior será a complexidade. Como se pode ver no Gráfico 37 a maioría dos concellos non teñen actividade en máis do 50% das ramas, é dicir en 40 delas. Isto pode indicar que alto peso da rama de hostalería en afiliación e empresas en moitos dos concellos non se debe polo seu carácter turístico (maior ca media galega), senón polas poucas alternativas económicas. Só 6 dos concellos da Vía da Prata (Ourense, San Cibrao das Viñas, Lalín, A Estrada e Boqueixón) mostran actividade por debaixo do 50%.

Outro indicador que pode completar a análise e que nos mostra a distribución espacial dos centros de actividade sería a densidade económica calculada a partir do cociente entre o número de unidades locais e a area total en quilómetros cadrados de cada concello. O calculo deste indicador mostra o carácter de centro económico comarcal de Ourense e Cibrao das Viñas, con valores no indicador superiores o conxunto de Galicia.

Gráfico 37: Índice densidade Económica. 2017




Fonte: Elaboración propia a partir do directorio de empresas e unidades locais do IGE

A excepción do caso de Ourense, a condición de centros económicos comarcais de Lalín, A Estrada e San Cibrao das Viñas confirmase cando analizamos o número de establecemento con máis de 10 traballadores. Agora a posición dominante é para San Cibrao, quedando Lalín nun terceiro lugar. A debilidade empresarial nos concellos máis

rurais queda patente nesta análise. Oito concellos non contan con establecementos con máis de 10-19 asalariado.

Gráfico 38: Unidades locais nos concellos da Vía da Prata. Ano 2017



Fonte: Elaboración propia a partir do directorio de empresas e unidades locais do IGE

Desenvolvemento e cohesión social


Unha vez temos unha visión xeral da actividade económica e do peso que o turismo ten na mesma nos concellos da Vía da Prata, é importante coñecer a distribución da riqueza xerada. Existe unha longa historia de indicadores sobre desenvolvemento que permiten coñecer a distribución espacial da riqueza ou clasificar os territorios en función do seu grado de desenvolvemento. Son moitos os índices que se poden utilizar, pero seguramente os máis comúns son os chamados índices tradicionais: o Produto Interior Bruto (PIB) per capita e a densidade económica.

O PIB mide o valor de todos os bens e servizos de demanda final producidos por un territorio nun determinado período de tempo (normalmente un ano). Non é un indicador

de desenvolvemento en si mesmo, pero si o relativizamos pola poboación (PIB per capita) ou polo territorio (densidade económica) obtemos unha aproximación máis adecuada.

Como vimos nos puntos anteriores en xeral os concellos da Vía da Prata, caracterízanse por ter un paro rexistrado menor a media galega, pero tamén menores niveis de afiliación relativos a poboación, e un peso maior a media do sector agrario que tende a xerar niveis de renda inferiores a media. Estas características fan que PIB per capita (valor da produción interior, realizada no concello, en relación o número de residentes do concello) sexa inferior ao resultado medio acadado por Galicia para a maioría dos concellos (Gráfico 39).

Gráfico 39: Pib per capita 2010-2016 (a prezos do 2016)




Fonte: Elaboración propia a partir IGE

Cabe destacar o caso de San Cibrao de Viñas, unha localidade na que habita un elevado número de persoas que traballan en Ourense, e ademais conta cun dos polígonos industriais da provincia, e que polo tanto conta cun PIB per capita superior a media galega, a pesar que no período estudado diminúe moito, nun 26%. Por enriba da media

galega tamén se atopa, Vilariño de Conso, neste caso, o elevado valor deste concello parece estar relacionado co baixo nivel de poboación, de soamente 535 habitantes en 2018 e non co alto nivel de actividade. Ademais, este indicador tivo unha evolución positiva no período 2010-2016 para todos os concellos excepto Amoeiro e Ourense, e na maioría a evolución foi máis favorable que no conxunto de Galicia.

Unha medida alternativa para a análise da situación socioeconómica e o chamado índice de densidade Económica (Informe de Desarrollo Mundial, 2009). A densidade económica defínese como a masa económica por unidade de superficie nunha determinada area. A medición da densidade económica ten como obxectivo coñecer cales son os territorios economicamente máis produtivos, e dicir, que zonas xeran máis riqueza. Na maioría dos casos, estas zonas coinciden coas areas máis urbanizadas e con polígonos industriais froito do efectos das economías de aglomeración como son Ourense ou San Cibrao das Viñas (gráfico 40). Como podemos ver os concellos mais rurais teñen unha densidade económica máis baixa, consisten coas análises de actividade económica realizadas anteriormente.

Gráfico 40: Densidade Económica en 2016 (PIB por unidade de superficie)




Fonte: Elaboración propia a partir IGE. Produto interior bruto municipal. Base 2010, IGN.

Rendas percibidas

Unha vez analizado os indicadores de desenvolvemento agregados por concello podemos ter unha imaxe máis precisa do que realmente ocorre no concello a partir da análise da renda dispoñible e do tipo de rendas percibidas polos habitantes dos concellos da Vía da Prata. A renda dispoñible bruta obtense a partir do saldo de rendas primarias sumando as prestacións sociais e as transferencias correntes que son un recurso para os fogares; e restando os impostos sobre a renda, as cotizacións sociais e as transferencias correntes que son un emprego para os fogares. Aínda que todos os concellos mostran rendas dispoñibles por debaixo da media do conxunto de Galicia, coa excepción de Ourense, hai importantes diferenzas entre eles (Gráfico 41). A renda dispoñible media é especialmente baixa para os concellos que teñen un maior peso do sector agrario como son Castrelo do Val, Dozón ou Sarreaus. Ademais, a evolución relativa entre 2010 e 2016 foi positiva para a 3 cuartas partes dos concellos e moi especialmente para Taboadela, Vilar do Barrio y Catrelo do Val.


Gráfico 41: Renda Dispoñible Bruta por habitante a prezos de 2016



Fonte: Elaboración propia a partir do IGE. Renda municipal dos fogares. Base 2010; IGE Cifras poboacionais de referencia.

Dentro das rendas primarias unha fonte importante para os concellos da Vía da Prata poden ser as pensión contributivas, debido o forte envellecemento da poboación destes concellos. As pensións contributivas son prestacións económicas nas que a concesión está xeralmente supeditada a unha relación xurídica previa coa Seguridade Social (acreditar un período mínimo de cotización en determinados casos, ...), sempre que se cumpran os demais requisitos esixidos. A súa contía determínase en función das achegas efectuadas polo traballador e o empresario, se se trata de traballadores por conta allea, durante o período considerado para os efectos da base reguladora da pensión de que se trate. As clases de pensións son: incapacidade permanente, xubilación, morte e supervivencia. Como podemos ver no gráfico 42, só San Cibrao das Viñas está por debaixo ao dato medio galego da porcentaxe da poboación que percibe pensión contributivas e que ronda o 25%. Vilar de Barrio e Sarreaus case duplican a incidencia cun valor superior ao 45%, coherente co peso actual da poboación maior de 65 anos.


Gráfico 42: Porcentaxe de poboación que percibe unha pensión contributiva 2018



Fonte: Elaboración propia a partir IGE. Información subministrada directamente pola Agencia Estatal de la Administración Tributaria

Pero ademais de ter moitas familias dependendo de este tipo de transferencias públicas, outra característica destes concellos é que o valor medio da pensión contributiva é relativamente baixo (gráfico 43), soamente superior á media en Ourense nun 2,7%. Estas pensión relativamente baixas están vinculadas principalmente a persoas que traballaron no sector agrario presentando cotizacións sociais máis baixas, e tamén explica as rendas dispoñibles relativamente baixas que presentan en xeral os concellos da Vía da Prata. Isto tamén explica as grades diferenzas por concellos relativos ao conxunto de Galicia e que varían entre o 8,1% por pensión menos ca media galega de Vedra, ata máis do 30% menos para Sarreaus.


Gráfico 43: Diferencia Pensión do concello respecto a pensión media galega



Fonte: Elaboración propia a partir IGE. Información subministrada directamente pola Agencia Estatal de la Administración Tributaria

Por último indicar, que fronte a importante fenda de xénero na pensión media observada para o conxunto de Galicia (Gráfico 44), nestes concellos as diferenzas son moito menores, en gran medida por que as cotizacións no sector primario foron realizadas polo mínimo tanto para homes como para mulleres.

Gráfico 44: Fenda de xénero na pensión media (mulleres-homes)




Fonte: Elaboración Propia a partir IGE. Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Outro tipo de rendas que é importante analizar son as Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) ou as Axudas de Inclusión social (AIS), pois poden ser un indicador aproximado de pobreza. A pobreza é fonte de múltiples formas de marxinação social. Os máis pobres atópanse o marxe de moitos dos servizos que ofrece a sociedade e non teñen recursos para participar en actividades culturais, practicar deportes o permanecer en contacto co resto da sociedade.

Unha forma de aproximar este tipo de situacións a escala local é analizar a porcentaxe de poboación do concello que perciben a Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) ou as Axudas de Inclusión social (AIS). En Ourense a situación parece que relativamente difícil duplicando a incidencia media de Galicia, e tamén superan este a media do conxunto de Galicia os concellos de Lalín, Coles, Xunqueira de Ambía, Taboadela e Sarreaus (Gráfico 45). No resto de concellos a situación moi positiva con tres concellos que non teñen ningunha familia nesta situación.

Gráfico 45: Porcentaxe da poboación que recibe a RISGA ou a AIS. Ano 2018



Fonte: Elaboración Propia a partir IGE. Consellería de Política Social.

Resumindo, estamos ante concellos con niveis baixos de renda-ingreso, elevada participación nos ingresos das pensións e transferencias públicas, débil estrutura empresarial, dominio da pequena empresa e elevada especialización na actividade de Hostalaría e Restauración froitas das poucas opcións empresariais.

4.- ANALISE PERCEPCIÓN RESIDENTES

O Camiño de Santiago é, non só na súa orixe senón aínda hoxe, unha ruta de espiritualidade, de encontro persoal, unha realidade cultural e artística que debe ser, e case sempre é, protexida. Pero, na súa evolución, dende as orixes máis netamente “relixiosas”, o Camiño tense convertido tamén nun fenómeno económico que xera rendas e empregos, contribuíndo á dinamización e o desenvolvemento dos territorios polos que descorre. Esta perspectiva do Camiño como “recurso turístico”, promocionado e comercializado por institucións públicas e por entidades privadas, ademais dos potenciais efectos económicos, orixina efectos, tanto positivos como negativos, nos ámbitos social, cultural, demográfico ou medioambiental que, de forma directa e indirecta, inflúen na calidade de vida dos residentes (Fernández *et al* (2019) presenta unha revisión da literatura sobre os impactos das actividades turísticas e a súa percepción por parte dos residentes).

Asumindo, entón, que a existencia do Camiño e a afluencia de peregrinos xera impactos socioeconómicos, culturais e medioambientais nos territorios polos que discorre, a comprensión e cuantificación destes impactos é determinante para poder planificar e tomar decisións ben informadas sobre o Camiño. Pero, para garantir un desenvolvemento sostible do Camiño é, cando menos, tan relevante a percepción que dos ditos impactos teñan os residentes deses territorios porque, entre outras consideracións, esa percepción vai determinar a súa actitude ante o Camiño e ante os plans de promoción no futuro.

A literatura sobre o turismo conclúe, baseándose na *Teoría do Intercambio Social*, que a actitude positiva ou negativa da poboación local cara o turismo e o seu apoio ao desenvolvemento turístico depende da percepción dos impactos. Segundo esta teoría, os residentes avalían os beneficios e os custes derivados das actividades turística e, cuanto máis positivo sexa o balance, máis favorable será a súa actitude; en particular no que respecta aos efectos económicos (ver Fernández *et al*, 2019).

Coñecer a percepción que ten os residentes dos concellos do Camiño do Sueste-Vía da Prata da existencia do Camiño de Santiago e da afluencia de peregrinos é o obxectivo desta parte do traballo.

Ámbito xeográfico

A ruta xacobeá Vía da Prata, que une o sur da península ibérica con Santiago de Compostela, presenta dúas variantes, unha que enlaza co Camiño Francés en Astorga e outra que entra en Galicia por A Gudiña, pasando por Puebla de Sanabria (de aí que esta variante se coñeza como “Camiño Sanabrés” ou tamén como Camiño do Sueste). Pola súa parte, esta alternativa da Vía da Prata, o Camiño Sanabrés presenta tamén dúas variantes, que se unen pouco antes de chegar a Ourense: a que pasa por Verín, onde empalma co Camiño Portugués que ven por Chaves e a que pasa por Laza.

Dado que é razoable asumir que os impactos, reais e percibidos, serán maiores canto maior sexa a afluencia de peregrinos, para realizar o estudo sobre o impacto percibido polos residentes das localidades polas que descorre este Camiño, seleccionáronse dous concellos tendo en conta esa circunstancia. Así, tomamos un concello antes de Ourense, **Laza**, e outro despois de Ourense, **San Cristovo de Cea**. Cabe esperar que a partir de Ourense a presenza de peregrinos sexa maior, por varios motivos. Por unha parte, pouco antes de Ourense (a 11 Km, en Pereiras) conflúen as dúas variantes do Camiño Sanabrés (unha das cales recolle ademais aos poucos peregrinos que fan a ruta interior do Camiño Portugués). Por outra parte, o tramo dende Ourense a Santiago correspóndese cos 100 Kms que, como mínimo, deben percorrer os peregrinos para ser merecedores da Compostela que acredita a súa peregrinación. Esta circunstancia, xunto co feito de que Ourense ten unha boa comunicación ferroviaria co resto de España, debería convertelo nun conveniente punto de orixe da peregrinación. Polo tanto, podemos asumir que moi poucos peregrinos dos que chegan a Compostela por esta vía inicien o percorrido despois de Ourense, de maneira que por San Cristovo de Cea pasarían o máximo número de peregrinos que fan este Camiño.

Se ben ambos son concellos rurais pouco poboados e con un marcado declive demográfico (nos últimos vinte anos Laza perdeu o 39% e Cea o 34% da súa poboación), presentan diferencias en canto a volume de poboación, situación xeográfica e distancia á capital da provincia, podendo ser representativos das diferentes realidades que se dan entre os concellos deste Camiño, aínda que se trate, en case todos os casos, de concellos do ámbito rural do interior de Galicia.

Recolección da información de campo

Metodoloxía

Os datos primarios para a análise da percepción dos residentes obtivéronse a partir dunha enquisa de satisfacción realizada aos residentes de 18 e máis anos dos concellos de Laza e San Cristovo de Cea.

Para o deseño da enquisa, partiuse da realizada aos residentes dos concellos de Pedrafita do Cebreiro e Melide no ano 2017, no contexto dun estudio sobre a percepción dos residentes nos concellos galegos que percorre o Camiño Francés. Ao igual que no estudio mencionado, a enquisa foi deseñada para recoller a percepción dos residentes respecto aos impactos, tanto positivos como negativos, nas dimensións económica, sociocultural e medioambiental, así como a percepción xeral sobre a repercusión que estes impactos teñen no desenvolvemento do concello e no propio nivel de benestar.

Ademais, tratouse tamén de obter a información necesaria para identificar si existe relación entre esas percepcións e os potenciais determinantes, como a percepción de saturación, a intensidade do contacto cos peregrinos, así como varias características socio-demográficas dos individuos, en particular, a relación da fonte principal de ingresos coa existencia do Camiño.

Co propósito de que os resultados de ambos estudos podan ser comparables, en xeral, mantívose a mesma estrutura dos apartados e dos bloques en cada apartado, así como os ítem en cada bloque, salvo pequenas modificacións (que serán comentadas mais adiante).

Tal vez o cambio mais salientable é que se engadiu un novo bloque no que se pregunta respecto á “percepción sobre o desenvolvemento futuro do Camiño”, o cal non afecta á resposta do resto de cuestións da enquisa, dado que se situou ao final, unha vez que o enquisado xa respondeu ao resto das cuestións coincidentes coas da enquisa mencionada.

Se comparamos a realidade dos dous camiños, o Francés e o Camiño do Sueste-Vía da Prata, en canto a afluencia actual de peregrinos, potencialidade de crecemento futuro e plans de desenvolvemento, é fácil comprender a relevancia desta información no caso da Vía da Prata.

Antes do deseño definitivo da enquisa, realizáronse sendas reunións de presentación do traballo a realizar o Alcalde de San Cristovo de Cea e o Tenente Alcalde de Laza para coñecer de primeira man algúns aspectos do funcionamento do Camiño de Santiago no concello. Tamén realizouse unha enquisa piloto, o que permitiu complementar a información acadada na experiencia do estudio anterior e optimizar o deseño da enquisa definitiva, que figura no Anexo II.

Poboación e mostra

O universo obxecto de estudo é a poboación maior de idade residente nos Concellos de Laza e San Cristovo de Cea, tanto habitual como flotante (residentes de fin de semana e durante períodos de vacacións). En cada caso, para o cálculo do tamaño da mostra¹⁷ pártese dos datos do Padrón Municipal de Habitantes do ano 2018, publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE), e tómase a poboación entre 18 e 75 anos.¹⁸ A mostraxe realizada é aleatoria estratificada, sendo os estratos considerados os grandes

¹⁷ Tamaño da mostra (poboacións finitas): $n = \frac{Z^2 \cdot N \cdot p \cdot q}{E^2 \cdot (N-1) + Z^2 \cdot p \cdot q}$

¹⁸ Ao igual que se fixo no estudio do Camiño Francés, para o cálculo da mostra eliminouse a poboación maior de 75 anos pola maior dificultade para localizar a estas persoas, a menor propensión de resposta nese tramo de idade e a maior prevaleta de problemas de saúde e dependencia.

grupos de idade.¹⁹ Para a afixación da mostra tómase o criterio proporcional, é dicir, o reparto dos elementos entre os estratos da mostra na mesma proporción na que se presentan na poboación obxecto de estudo.

Ao non dispor de información previa, a estimación do tamaño da mostra realízase tomando $p=q=0,5$ dado que ditos valores para a proporción maximizan o tamaño da mostra e aseguran a súa representatividade. Establécese un nivel de confianza do 95% e unha marxe de erro do 6,5%.

Cadro 22: *Ficha da enquisas*

Ámbito xeográfico	Concellos de Laza e San Cristovo de Cea	
Universo	Poboación entre 18 e 75 anos residente no concello segundo o Padrón (xaneiro 2018)	
Tamaño poboación	Laza: 892	
	Cea: 1513	
Procedemento da mostra	Para cada un dos concellos, a mostra foi estratificada segundo grupos de idade. Cálculo proporcional.	
Tamaño mostra	Tamaño deseñado	Laza: 181
		Cea: 198
	Tamaño realizado	Laza: 107
		Cea: 151
Erro da mostra	Deseñada	Laza: 6.5%
		Cea: 6.5%
	Realizada	Laza: 8.89%
		Cea: 7.57%
Traballo de campo	Aleatoria, realizada seguindo o procedemento da mostraxe	
Tipo de entrevista	Persoal, realizada por unha enquisadora formada	
Datas de realización	Ao longo do mes de novembro de 2019	

¹⁹ No estudio realizado para o Camiño Francés, a mostra foi tamén estratificada considerando se o Camiño pasaba ou non pola parroquia de residencia, asumindo que a pertenza da parroquia ao Camiño influiría na maior proximidade e/ou o maior contacto cos peregrinos, o que, potencialmente, afectaría á percepción dos residentes do concello. Dado que esta variable non resultou ter ningunha capacidade explicativa en ningún dos ámbitos analizados, decidiuse non tela en consideración para o deseño da mostra no presente estudio.

En base a todo o anterior, o **tamaño da mostra** para Laza ascende a 181 e no caso de Cea a 198. A comparación entre a mostra realizada, segundo os datos dos cuestionarios, e a mostra que foi deseñada para garantir a súa representatividade, en relación á variable “idade”, está recollida, para cada un dos concellos, nos cadros 23 e 24, (entre parénteses inclúese a porcentaxe de enquisas obtidas para cada estrato respecto ao obxectivo inicial en cada caso):

Cadro 23: *Mostra deseñada e realizada. Laza*

		Mostra deseñada	Mostra realizada
Grupo de idade	18 - 39	44	27 (61.4%)
	40 - 64	81	34 (42.0%)
	≥ 65	56	46 (82.1%)
Total		181	107 (59.2%)

Cadro 24: *Mostra deseñada e realizada. San Cristovo de Cea*

		Mostra deseñada	Mostra realizada
Grupo de idade	18 - 39	43	37 (86.0%)
	40 - 64	97	80 (82.5%)
	≥ 65	58	34 (58.6%)
Total		198	151 (76.3%)

No caso de **Laza**, da mostra inicialmente calculada de 181 enquisas, finalmente obtivéronse 107, é dicir, en torno ao 60% do obxectivo inicial. Tendo en conta o número final de enquisas realizadas, o erro máximo de mostraxe²⁰ ascende ao 8.89%. Para **Cea**, o número de enquisas finalmente realizadas foi de 151, un 76% da mostra deseñada. En


²⁰ Erro máximo de mostraxe (poboacións finitas): $E_{max} = Z \cdot \sqrt{\frac{p \cdot q}{n} \cdot \frac{(N-n)}{(N-1)}}$

base ao número final de enquisas realizadas, o erro máximo de mostraxe ascende neste caso ao 7.57%.

A dificultade para conseguir residentes dispostos a contestar á enquisa foi moi alta en ambos concellos, pero especialmente en Laza. Neste concello, en moitos dos días do mes de novembro no que se fixo o traballo de campo, o difícil xa non era encontrar a residentes dispostos a responder senón encontrar residentes en xeral.


En canto á distribución da mostra por grupos de idade, para o concello de Laza (gráfico 1), o grupo de poboación de 18 a 39 anos ten un peso similar ao do deseño da mostra e da poboación (24%), o grupo de 40 a 64 anos está infra-representado (32% fronte a 45%) e o de poboación maior está sobre-representado (43% fronte a 31%).

Gráfico 46: Distribución da mostra realizada por grupos de idade. Laza



No caso de Cea, na mostra realizada o peso dos distintos grupos de idade (gráfico 2) e máis similar aos do deseño da mostra e da poboación.

Gráfico 47: Distribución da mostra realizada por grupos de idade. Cea



O grupos de 18 a 39 anos está lixeiramente sobre-representado (25% fronte a 22%) ao igual que o grupo de 40 a 64 anos (53% fronte a 49%); mentres que o grupo de poboación mais maior está algo infra-representado (23% fronte a 29%).

Traballo de campo

Aínda que se enquisou a residentes das diferentes parroquias dos concellos, a maioría das enquisas foron realizadas na capital destes concellos, dada a maior facilidade para encontrar á poboación en espazos públicos nestas localidades. En todos os casos, as enquisas foron feitas persoalmente por unha enquisadora formada para esta labor.

Estrutura da enquisa

Como xa foi comentado, mantense a estrutura da enquisa “base” que foi deseñada para estudar a percepción dos residentes nos concellos galegos polos que pasa o Camiño

Francés²¹, incorporando pequenas modificacións e ampliacións que consideramos relevantes para a análise da percepción dos impactos da Vía de Prata, pero de maneira que non comprometen a comparabilidade dos resultados deste estudo cos acadados no caso anterior.

Así, na súa versión definitiva, o cuestionario, que está dividido en tres partes, presenta a seguinte estrutura: na primeira parte, pregúntase sobre a percepción que os residentes teñen dos impactos do camiño. Os tres primeiros bloques tratan sobre a percepción do impacto nas súas dimensións económica, sociocultural e ambiental; mentres que o bloque catro pregunta sobre a percepción global, tendo en conta os diferentes aspectos. A segunda parte céntrase na percepción global, non do camiño, senón do concello, tratando de obter a información sobre esa percepción global a partir dos principais problemas que os enquisados ven no seu concello. Nesta parte incorpórase un novo bloque que trata de recoller información sobre a valoración que fan os residentes do desenvolvemento futuro do camiño e as repercusións para o seu concello. A terceira e última parte da enquisa pregunta sobre características socio-demográficas e sobre o contacto persoal que os enquisados ten cos peregrinos. As **diferencias en relación á enquisa base, resumidas no cadro 4**, son as seguintes:

I. Impactos percibidos do camiño

Ao igual que na enquisa base, a percepción dos residentes sobre as distintas dimensións do impacto (económico, socio-cultural e medioambiental), así como o impacto global, son valorados por diferentes ítems (agrupados en catro bloques), medidos mediante escala tipo *Likert* de 1 a 5.

²¹ Pode consultarse o resumo executivo do estudo do impacto socioeconómico do Camiño de Santiago - 2017 dispoñible para a súa consulta e descarga na web do Observatorio do Camiño da Xunta de Galicia, dentro do portal de turismo de Galicia: <https://www.turismo.gal/aei/portal/index.php?idm=44>.

- No **primeiro bloque**, dedicado á percepción dos impactos económicos, non se introduciu ningún cambio.
- No **segundo bloque**, dedicado á percepción dos impactos sociais e culturais, elimináronse as dúas ultimas cuestións que trataban de obter información sobre o efecto diferencial que, na percepción de impactos positivos e negativos, puidera ter o feito de que a peregrinación se faga individualmente ou en grupos numerosos. A resposta moi maioritaria de indiferenza no estudio do Camiño Francés, xunto coas dúbidas sobre o nivel de comprensión destas cuestións por parte dos enquisados, decidíronnos a non incluílas no presente estudio.

Cadro 25: *Diferencias da enquisa en relación á enquisa base*

		Modificacións respecto á enquisa base
I. Impactos percibidos do camiño	1. Económicos	Sen cambios
	2. Sociais e Culturais	Eliminadas as cuestións 11 e 12 sobre o efecto diferencial do feito de que a peregrinación se faga individualmente ou en grupos numerosos
	3. Medioambientais	Eliminada a cuestión 5 sobre se o residente considera que “hai demasiados peregrinos durante todo o ano”
	4. Global	Substituído na cuestión 4 “Xunta e Concello” por “Institucións”
II Percepción xeral do Concello	Principais problemas	Engadido como un posible problema “os requirimentos ou esixencias municipais”
	Percepción sobre o desenvolvemento futuro do Camiño	Engadido un novo bloque
III. Datos socio-demográficos e contacto persoal cos peregrinos	Características persoais	Eliminada a cuestión sobre a “rama de actividade” dos ocupados
	Contacto cos peregrinos	Engadida unha cuestión sobre se o residente completou algunha das etapas do Camiño

- No **terceiro bloque**, dedicado á percepción dos impactos medioambientais, trátase, entre outros aspectos, de obter información da percepción sobre o grao de saturación

do camiño. No caso de Camiño Francés, preguntábase aos residentes se consideran que durante todo o ano (ou polo menos algúns meses) hai demasiados peregrinos. Dado o “reducido” número de peregrinos que fan este Camiño, incluso nos meses de maior afluencia, parecía innecesario facer a dobre pregunta, e así foi confirmado na enquisa piloto. Polo tanto, eliminouse a pregunta sobre se o residente considera que hai demasiados peregrinos durante todo o ano.

- No **cuarto bloque**, dedicado á percepción global dos impactos do camiño, unicamente se modificou a última cuestión referida á valoración respecto da xestión que fan do Camiño as distintas administracións públicas. A enquisa base especificaba “a Xunta e o Concello” como esas administracións, e no presente estudio pregúntase en xeral sobre “as administracións”, porque entendemos que, por unha parte, tal vez o residente pode identificar a outras institucións actuando sobre o Camiño (Deputación provincial, Asociacións...) e, por outra, que ao identificar a institución concretas, a resposta podería referirse máis á valoración que fan desas institución en si que a das súas actuacións no Camiño.

- Eliminouse a pregunta aberta sobre cales son as **accións de mellora** que se poderían aplicar na xestión do camiño e da afluencia de peregrinos, porque, da experiencia anterior, concluíuse que esa era a información que aportaban nos comentarios finais sobre a enquisa.

II. Percepción xeral da situación do concello

- A información sobre a percepción que os residentes teñen, en termos xerais, do concello obtense pedindo que identifiquen os **tres principais problemas** que consideran que ten o concello, elixindo entre un listado de quince potenciais problemas pertencentes a ámbitos diferentes. Tendo en conta a información obtida na enquisa piloto, ademais dos 14 problemas propostos na enquisa base, agrupados nos ámbitos demográfico, económico, acceso a servizos, cultural e outros problemas. Unha vez

realizada a enquisa piloto, decidiuse incluír neste último apartado un novo problema, os requirimentos ou esixencias municipais.

Un dos obxectivos deste apartado é tratar de identificar se existe unha percepción negativa da presenza de peregrinos (dado que figura como tal no listado de potenciais problemas) e da propia existencia do Camiño. As regulacións, limitacións e/ou esixencias que a existencia e preservación do Camiño impón, poderían ser vistas como un problema.

- Ante a situación actual deste Camiño (escasa afluencia de peregrinos respecto ao observado noutros Camiños) e a previsión de promoción futura, parece relevante coñecer a valoración que lles merece aos residentes este potencial desenvolvemento. Con este propósito, incorporouse a este apartado un novo bloque respecto a **Percepción sobre o desenvolvemento futuro do Camiño** no que, por unha parte, se pregunta sobre se o Camiño debe ser un factor de desenvolvemento económico e social do Concello e, por outra, sobre as “ameazas” que poden poñer en risco a sustentabilidade do Camiño, tanto as referidas á “demanda” (escaseza de peregrinos) como á oferta (escaseza de servizos, infraestruturas ou apoio institucional) ou, incluso, á propia realidade do Concello en termos de dinámica demográfica ou económica.

III. Datos socio-demográficos e contacto persoal cos peregrinos

Na última parte da enquisa, mantense as preguntas sobre os principais factores que, de acordo coa literatura, inflúen na percepción que os residentes ten dos impactos.²² Ao igual que na enquisa base, recóllense os datos dobre as características socio demográficas (sexo, idade, nivel de estudos, composición do fogar), sobre o tempo de residencia no concello (como indicativo do “apego” ou a “identificación” do residente co Concello) e sobre a situación laboral. Para obter información sobre a vinculación dos ingresos ao Camiño, aos residentes ocupados pregúntaselles pola súa ocupación actual,

²² Unha revisión desta literatura en Fernández et al (2019).

entendendo que non é necesaria a información sobre a rama de actividade, sobre a que se preguntaba na enquisa base.

Tamén se mantén as preguntas sobre a intensidade do contacto cos peregrinos e as razóns para ese contacto. Neste bloque, considerando que o coñecemento, recoñecemento e implicación co Camiño e cos peregrinos pode condicionar a percepción dos impactos, tratamos de obter información sobre o feito de que o residente se teña interesado no Camiño ate o punto de completar algunha das etapas.

Análise e sistematización de Resultados

Análise descritiva da mostra. Características socio-demográficas e contacto cos peregrinos

Características socio-demográficas

A descrición das principais características, en base ás respostas dos cuestionarios, ademais da variable idade, utilizada para estratificar a mostra e que xa foi descrita no apartado anterior e, en particular, das características que potencialmente mais inflúen na percepción do impacto do camiño, móstranse nos cadros 26 e 27.


No caso de Laza, en relación ao **sexo**, as enquisas realizadas son nun 70% dos casos a mulleres, fronte a un 30% a homes. Tendo en conta aos residentes que foron seleccionados pero non quixeron responder, estes datos de participación por sexo cambian lixeiramente (65.8 % son mulleres e 34.2% homes). Respecto ao **nivel de estudos**, a gran maioría posúe estudos primarios (58%%), o 21.5% posúe estudos secundarios e un 20.6% da mostra posúe estudos superiores.

Cadro 26: Características socio-demográficas da mostra realizada. Laza

Sexo	Homes 32 (29.9%)		Mulleres 75 (70.1%)		
Nivel estudos	Primarios 62 (57.9 %)		Secundarios 23 (21.5%)		Superiores 22 (20.6%)
Tempo de residencia no concello	Habitualmente (> 3 meses) 87 (81.3%)	Períodos vacacións (< 3 meses) 4 (3.7%)	Case todas as fins de semana 6 (5.6%)	Ocasionalmente 10 (9.3%)	
Situación laboral	Xubilado 48 (44.9%)	Estuda 3 (2.8%)	Desempregado 8 (7.5%)	Traballa 43 (40.2%)	Outras 5 (4.7%)

En canto ao **tempo de residencia no concello**, a inmensa maioría dos enquisados son residentes habituais (81.3%), os ocasionais son un 9.3%, os residentes de fin de semana son un 5.6% e os que pasan en Laza os seus períodos de vacacións son tan só un 3.7%, o cal se explica pola época do ano na que se realizou o estudio (gráfico 48).

Gráfico 48: Tempo de residencia no concello. Laza



Respecto á **situación laboral** (Cadro 27), o grupo maioritario é o dos xubilados (case un 45%). Os que traballan son pouco mais do 40%, dos cales, o 26% traballa por conta allea.

Cadro 27: Situación laboral dos enquisados. Laza

	Frecuencia	%
Xubilado	48	44.9
Estudante	3	2.8
Desempregado	8	7.5
Traballo por conta propia	15	14.0
Traballo por conta allea	28	26.2
Outras	5	4.7
Total	107	100.0


No caso de **Cea**, en relación ao **sexo**, un 45% das enquisas realizadas foron a homes e un 55% a mulleres. Respecto ao **nivel de estudos**, o grupo mais numeroso é o que ten estudos superiores (mais do 40%), seguido do grupo de residentes con estudos primarios (36.4%).

Cadro 28: Características socio-demográficas. Cea

Sexo	Homes 68 (45.0%)		Mulleres 83 (55.0%)		
Nivel estudos	Primarios 55 (36.4%)		Secundarios 35 (23.2%)		Superiores 61 (40.4%)
Tempo de residencia no concello	Habitualmente (> 3 meses) 119 (78.8%)	Períodos vacacións (< 3 meses) 2 (1.3%)	Case todas as fins de semana 2 (1.3%)	Ocasionalmente 28 (18.5%)	
Situación laboral	Xubilado 34 (22.5%)	Estuda 4 (2.6%)	Desempregado 8 (5.3)	Traballa 103 (68.2%)	Outras 2 (1.3%)

En canto ao **tempo de residencia no concello**, tamén a inmensa maioría dos enquisados son residentes habituais (78,8%), os que residen ocasionalmente no concello son un 18.5%, mentres que os residentes que pasan en Cae case todas as fins de semana ou períodos de vacacións son, en cada caso, tan só un 1.3% (gráfico 49).

Gráfico 49: Tempo de residencia no concello. Cea



Respecto á **situación laboral**, o 68.2% traballan, dos cales, o 45,3% fano por conta allea, o seguinte grupo é o dos xubilados (22.5%) (Cadro 29).

Cadro 29: Situación laboral dos enquisados. Cea

	Frecuencia	%
Xubilado	34	22.5
Estudante	4	2.6
Desempregado	8	5.3
Traballo por conta propia	35	23.2
Traballo por conta allea	68	45.0
Outras	2	1.3
Total	151	100.0

Contacto cos peregrinos

A intensidade do contacto cos peregrinos identificámola a partir da frecuencia dos contactos que os enquisados reportan e da distancia do lugar de residencia ao camiño, asumindo que, a maior distancia, menos oportunidades de encontrar peregrinos. A

descripción para estas variables figura, para cada concello, nos cadros 30 e 31. No caso de **Laza**, a maioría dos residentes (60,7%) viven a menos de dez minutos do camiño, o cal se explica porque pola capital do concello (a localidade mais poboada) pasa o camiño; e tan só un 6.5% viven a mais de 30 minutos.

Tan só un 5.6% dos residentes din non ter ningún contacto cos peregrinos, a mesma porcentaxe dos que afirman ter contacto moi frecuente. A maioría (58%) afirma ter contacto cos peregrinos algúns días por semana. Maioritariamente, o motivo polo que os residentes ten contacto cos peregrinos é porque pasan polo seu lugar de residencia (no 55% dos casos).

Cadro 30: Contacto persoal cos peregrinos na mostra realizada. Laza

Distancia da residencia ao camiño	< 10 minutos		entre 10 e 30 minutos	> 30 minutos
	65 (60.7%)		35 (32.7%)	7 (6.5%)
Frecuencia do contacto cos peregrinos	Ningún	Poucas veces (Algúns días por semana)	Algunhas veces (Algunha vez cada día)	Con frecuencia (Varias veces cada día)
	6 (5.6%)	62 (57.9%)	33 (30.8%)	6 (5.6%)
Motivo do contacto cos peregrinos en caso de existir	Atópaos por motivos de traballo		Atópaos porque pasan polo seu lugar	Por desprazamentos a outros lugares do concello
	19 (17.8%)		59 (55.1%)	24 (22.4%)

No caso de **Cea**, a maioría (71.5%) viven a menos de dez minutos do camiño. A razón para contactar con peregrinos en mais da metade dos casos (53%) é porque pasan polo seu lugar de residencia. Sendo así, parece razoable que unicamente un 2.6% dos enquisados diga non ter ningún contacto cos peregrinos, o 43% encontra a peregrinos algúns días a semana e un 41% todos os días algunha vez. Como cabía esperar, o contacto cos peregrinos é maior neste concello que no caso de Laza dado que o número de peregrinos que anualmente pasa por Cea é case o dobre dos que pasan por Laza.

Cadro 31: Contacto persoal cos peregrinos na mostra realizada. Cea

Distancia da residencia ao camiño	< 10 minutos		entre 10 e 30 minutos		> 30 minutos			
		108 (71.5%)		29 (19.2%)		14 (9.3%)		
Frecuencia do contacto cos peregrinos	Ningún		Poucas veces (Algúns días)		Algunhas veces (Algunha vez cada día)		Con frecuencia (Varias veces cada día)	
	4 (2.6%)		65 (43.0%)		62 (41.1%)		20 (13.2%)	
Motivo do contacto cos peregrinos en caso de existir	Atópaos por motivos de traballo			Atópaos porque pasan polo seu lugar		Por desprazamentos a outros lugares do concello		
	41 (27.2%)			80 (53.0%)		30(19.9%)		

3.2.2. Percepción do impacto do Camiño

A presentación dos resultados, para cada un dos concellos, estrutúrase segundo a estrutura das partes unha e dúas do cuestionario. En primeiro lugar, móstranse os datos para os impactos económico, socio-cultural e medioambiental, así como para o impacto global percibido e, a continuación, a percepción xeral da situación no concello, medida polos tres principais problemas identificados, e a percepción sobre o desenvolvemento futuro do Camiño. Para os diferentes bloques de impacto, en primeiro lugar, preséntanse os resultado considerando o total da mostra e, a continuación, consideramos a mostra estratificada por grupos de idade e vinculación dos ingresos familiares ao camiño, para identificar se a percepción é diferente en función destes factores.

I. PERCEPCIÓN DE IMPACTO NAS DISTINTAS DIMENSIÓNS


Datos Laza

IMPACTO ECONÓMICO

Tal como mostra o gráfico 6, en termos xerais, a maioría dos residentes perciben certos efectos económicos positivos derivados da existencia do camiño e a afluencia de peregrinos. Maioritariamente, os residentes están de acordo ou moi de acordo con que **o camiño favorece aos ingresos do concello, aínda que non para os propios**. Por outra parte, os residentes perciben que o camiño **beneficia ao comercio local e o turismo**, ao tempo que **contribúe a que se manteñan outras actividades económicas, contribuíndo**

á creación de emprego. Ademais, os residentes de Laza non perciben efectos económicos negativos, nin en termos de que entorpeza o desenvolvemento doutras actividades, nin en termos de potenciais efectos sobre o aumento dos prezos. En resumo: aínda que consideran, moi maioritariamente, que o Camiño non é a principal actividade do concello e que os beneficios do Camiño se concentran nuns poucos residentes, en termos xerais, os enquisados están “bastante” ou “moi” de acordo cos ítems referidos a que o Camiño xera beneficios económicos, mentres que están “bastante” ou “moi” en desacordo cos ítems referidos a que o Camiño xera perdas no ámbito económico.

Gráfico 50: Percepción do impacto económico do Camiño. Laza




IMPACTO SOCIOCULTURAL

Moi maioritariamente, aos enquisados agrádalles a presenza dos peregrinos, e non consideran que xeren conflitividade entre os residentes, pero non perciben un impacto

socio-cultural positivo, salvo pola **oportunidade que supón para coñecer a outras persoas e culturas** e, en menor medida, porque **contribúe a que mellore o servizo nos establecementos que frecuentan (tendas, restaurantes...)**.

Maioritariamente, **os enquisados non perciben que o Camiño contribúa a mellora dos servizos sanitarios ou de transporte, nin a que haxa mais actividades culturais ou de ocio nin, mesmo, a que se manteña o patrimonio cultural**; pero, aínda de forma mais maioritaria, **tampouco consideran que o acceso a estes servizos se vexa dificultado pola existencia do Camiño** (gráfico 51). Por outra parte, os enquisados tampouco **perciben beneficios demográficos** (moi maioritariamente, non están de acordo en que o Camiño contribúe ao establecemento ou mantemento de poboación no concello).

Gráfico 51: Percepción do impacto sociocultural do Camiño. Laza




IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

Ao igual que para os efectos sociais, os resultados que mostra o gráfico 52 indican que **os enquisados, maioritariamente non perciben que os efectos ambientais do Camiño sexan favorables**, estando en desacordo (“bastante” ou “moi”) cos ítems referidos a que

o Camiño xera beneficios ambientais (en termos de preservar a paisaxe, mellorar as infraestruturas ou contribuír ao mantemento e coidado dos núcleos de poboación).

Gráfico 52: Percepción do impacto medioambiental do Camiño. Laza



Sen embargo, tamén están en desacordo (“bastante” ou “moi”) cos ítems referidos a que o Camiño xera perdas ambientais (nin en termos de maior contaminación nin para a xestión de residuos). En canto á percepción de saturación do Camiño, **a percepción, case unánime, é de que non hai demasiados peregrinos** nin sequera durante algúns meses ao ano.

Dado o reducido número de peregrinos que realizan este Camiño, en particular o tramo que pasa por Laza, parece razoable que os residentes non lle atribúan un impacto ambiental negativo


IMPACTO GLOBAL

A pesar de que un 65.4% dos residentes están de acordo (“bastante” ou “moi”) con que, “como consecuencia do Camiño, melloran os ingresos e o nivel de vida do concello”, e

un 40.2% están de acordo (“bastante” ou “moi”) con que os “os beneficios son superiores aos costes, unicamente un 24.3% dos residentes mostra ese nivel de acordo con que, “globalmente, o concello prosperou”, fronte a un 43% que está en desacordo con que o concello prosperase como consecuencia do Camiño (gráfico 8). Á vista destes resultados, parece que nesta valoración global, os residentes están tendo en conta aspectos que non son do ámbito económico.

Os residentes aínda están menos de acordo en que “Globalmente, como consecuencia da existencia do camiño, nos últimos anos, a súa vida cotiá mellorou”. Unicamente o 19.6% dos residentes está de acordo (“bastante” ou “moi”) fronte a un 51.4% que se mostra en desacordo (“bastante” ou “moi”). Os resultados para este ítem son moi coincidentes cos que se acadaron para o ítem “Globalmente, estou satisfeito coa xestión que as administracións fan do Camiño” (un 20.5% dos residentes están de acordo fronte a un 60.7% en desacordo); o cal podería estar detrás da explicación da valoración global “negativa” que a maioría dos residentes fan en relación á existencia do Camiño. A esta explicación tamén contribúe o feito de que, aínda percibindo uns efectos económicos positivos, o reducido número de peregrinos non permiten que a percepción de impacto económico positivo compense ás percepcións de impacto negativo noutros ámbitos.

Gráfico 53: Percepción impacto global do Camiño. Laza



MOSTRA SEGMENTADA

Como foi comentado anteriormente, hai factores de distinta índole que, potencialmente, afectan á percepción que os residentes ten do impacto do camiño. Entre estes factores, consideramos, ademais da idade (variable que foi utilizada para segmentar a mostra), a dependencia dos ingresos familiares respecto da existencia do camiño.

Para identificar se existen diferencias na percepción do impacto en función destes factores, segmentase a mostra total segundo as dúas características mencionadas: (1) grupos de idade (18-39; 40-64 e >65) e (2) vinculación dos ingresos ao camiño (consideramos que os ingresos da unidade familiar do residente están “vinculados ao Camiño” cando di estar de acordo (bastante ou moi) co ítem “A existencia do camiño contribuíu á mellora dos ingresos e do nivel de vida da súa familia”, mentres que si di estar en desacordo (bastante ou moi) consideramos que os ingresos familiares “non están vinculados ao Camiño”), e realízanse **contrastos de independencia**.

A dependencia ou independencia da percepción de impacto, para cada un dos ítems en cada un dos bloques (que se corresponden coa variable dependente, que presenta tres categorías de nivel de acordo) respecto das dúas variables independentes (idade e vinculación dos ingresos ao camiño) confirmase polos resultados dos contrastes chi-cadrado, χ^2 ,²³ que se mostran no ANEXO I.

Os resultados mostran que **a percepción dos residentes en canto ao impactos negativos do Camiño, nos ámbitos económico, socio-cultural e medioambiental, non se ven influídos pola idade nin pola vinculación dos ingresos ao Camiño**, salvo no ítem “aumenta a contaminación ambiental”, que mostran un menor acordo coa afirmación os que ten ingresos vinculados ao Camiño. Tampouco a valoración xeral “Persoalmente

²³ Nota metodolóxica: Cálculo do estatístico Chi-cadrado, sendo a hipótese nula que as variables son independentes (a percepción non se ve afectada polo segmento concreto) e a hipótese alternativa que as variables están relacionadas, é dicir, que a variable dependente (percepción) sí se ve afectada ou é estatisticamente diferente para os distintos segmentos. Estatístico Chi-cadrado, fórmula: $\chi^2 = \sum_{i=1}^k \frac{(O_i - E_i)^2}{E_i}$, sendo O_i as frecuencias observadas ou empíricas e E_i as frecuencias esperadas ou teóricas.

agrádame a presenza de peregrinos” é estatisticamente diferente en función da idade ou a vinculación dos ingresos.

A percepción dos impactos positivos está mais influenciada pola idade e a vinculación dos ingresos. No ámbito económico, a medida que aumenta a idade, aumentan as respostas de “indiferente” nos ítems “Melloran os ingresos e nivel de vida da familia” e “Aumenta as posibilidades de emprego”; a percepción para o resto de ítems desde bloque non está influída pola idade. En xeral, os residentes con ingresos vinculados ao Camiño ten unha visión máis favorable dos impactos económicos positivos, en particular para os ítems “Melloran os ingresos e nivel de vida do concello”, “Aumenta as posibilidades de emprego” e “Favorece mantemento doutras actividades económicas”. Por último, a percepción dos residentes é independente da idade e vinculación dos ingresos para os ítems “Beneficia ao comercio local” “Aumenta o turismo” e “O Camiño principal actividade económica do concello”.

Para a percepción de impactos positivos no ámbito socio-cultural, unicamente o ítem sobre a contribución do Camiño para a “Restauración e mellora do patrimonio cultural” ten respostas estatisticamente diferentes en función da idade e a vinculación dos ingresos: a maior idade, visión menos positiva e visión máis positiva para os residentes con ingresos vinculados; estes residentes tamén ten unha valoración máis positiva do ítem “Hai máis actividades culturais e de ocio”. A percepción de impacto demográfico é independente da vinculación dos ingresos, pero é menos favorable a medida que aumenta a idade. As respostas para o resto de ítems sobre impacto socioeconómico positivo, son independentes da idade e da vinculación dos ingresos.

Respecto ao impacto medioambiental positivo, os residentes con ingresos vinculados ao Camiño ten unha valoración máis positiva dos ítems “ Melloran as infraestruturas básicas” e “ Contribúe a preservar a paisaxe”; a resposta a este último tamén está influenciada pola idade, no sentido de que a maior idade valoración menos positiva. Por último, as respostas ao ítem “Os núcleos de poboación están máis coidados, máis limpos” son independentes de ambas variables.

Para a **percepción de impacto global**, os resultados indican que non hai diferenzas estatisticamente significativas segundo a idade para ningún dos ítems, salvo para “Globalmente, estou satisfeito coa xestión que as administracións fan do Camiño”: son os residentes con idades entre 40 e 64 anos os que están menos de acordo coa afirmación. Por contra, a vinculación dos ingresos familiares ao Camiño inflúen na percepción de todos os ítem salvo nese último. Cando os ingresos familiares están vinculados á existencia do Camiño, a percepción de que o Camiño contribúe ao progreso do concello a aos propios ingresos é moito mais maioritaria que cando os ingresos familiares non están relacionados co Camiño.

En resumen, cando segmentamos a mostra por idade, **a percepción do impacto global non é moi diferente para os distintos grupos de idade, salvo no referido á xestión que as AAPP fan do Camiño** (gráfico 54). A situación cambia cando segmentamos a mostra por a vinculación dos ingresos familiares á existencia do Camiño (Gráfico 55).

Gráfico 54: Percepción impacto global do Camiño en función da idade. Laza





Gráfico 55: Percepción impacto global do Camiño en función da vinculación dos ingresos familiares coa existencia do Camiño. Laza




Datos Cea

IMPACTO ECONÓMICO

Á vista dos datos da frecuencia nas respostas en relación ao acordo ou desacordo coas afirmacións plantexadas, en canto aos potenciais efectos económicos positivos e negativos derivados da existencia do Camiño e da afluencia de peregrinos, tal como se observa no gráfico 56, **os residentes de Cea perciben que os efectos económicos son favorables**: moi maioritariamente, están “bastante” ou “moi” de acordo cos ítems referidos a que o Camiño xera beneficios económicos (para o comercio local, o turismo, o emprego...), aínda que non se percibe que sexa a principal actividade do concello; mentres que, tamén de forma moi maioritaria, están “bastante” ou “moi” en desacordo cos ítems referidos a que o Camiño xera perdas no ámbito económico (nin afecta ao desenvolvemento doutras actividades, nin contribúe a que os prezos aumenten); se ben os benéficos se concentran nun pequeno número de residentes.


Gráfico 56: Percepción do impacto económico do Camiño. Cea



IMPACTO SOCIOCULTURAL

De forma case unánime, **aos enquisados responden que lles agrada a presenza dos peregrinos** (un 88.7%). Pero, maioritariamente, non perciben efectos importantes da súa presenza no ámbito social, aínda que si os aprecian no ámbito cultural. Maioritariamente, **os enquisados están en desacordo con que o camiño ten efectos positivos para a dotación ou o acceso aos servizos ou para o transporte**. Ao mesmo tempo, **tamén están en desacordo en que xera efectos negativos para o acceso a estes servizos, ou que xere conflitos entre os residentes** (gráfico 57). Por contra, **si perciben beneficios culturais** (tanto en termos da contribución a que haxa mais actividades como á mellora do patrimonio). En canto ao impacto demográfico, **tampouco perciben que teña un impacto para fixar poboación no concello**.


Gráfico 57: Percepción do impacto sociocultural do Camiño. Cea



IMPACTO MEDIOAMBIENTAL

Os enquisados, maioritariamente, perciben que os efectos ambientais do Camiño son favorables, en particular na súa contribución a “preservar a paisaxe”, a percepción non é tan favorable no que respecta á contribución ao mantemento dos lugares ou á mellora das infraestruturas (en liña coa percepción dos efectos para o acceso a servizos no bloque anterior) (gráfico 13). En canto aos potenciais efectos negativos, a percepción moi maioritaria é que o Camiño non xera prexuízos ambientais (nin en termos de mais contaminación, nin en termos de xestión de residuos). En canto á percepción de saturación do Camiño, a percepción maioritaria é de que non hai demasiados peregrinos, nin sequera nos meses de maior afluencia.

Gráfico 58: Percepción do impacto medioambiental do Camiño. Cea




IMPACTO GLOBAL

Tendo en conta todos os impactos, a percepción maioritaria é que, **globalmente, os efectos do Camiño son favorables e fan prosperar ao concello** (o 44.4% dos residentes están de acordo con esa valoración, fronte ao 28.8% que están en desacordo), e que os **beneficios superan aos costes** (co que está de acordo case o 50% dos residentes e, en desacordo, menos do 20%), (Gráfico 59).

Sen embargo, **a nivel individual, a percepción maioritaria non é de que isto redunde nunha mellora da súa vida cotiá** (só é así para un 20%). En canto á **satisfacción coa xestión que as administracións públicas fan do camiño**, son máis os que están de acordo con este ítem (44.4%, 25 puntos porcentuais máis que en Laza) que en desacordo (41.7%), (gráfico 59).

Gráfico 59: Percepción impacto global do Camiño. Cea



MOSTRA SEGMENTADA

Os resultados do ANEXO I mostran que **a vinculación dos ingresos ao Camiño non inflúe na percepción dos impactos socioculturais nin medioambientais, pero si en algúns dos ítem do ámbito económico**, para os que, en xeral, **os residentes con ingresos vinculados ten unha valoración máis positiva**. A variable idade inflúe na percepción de varios dos ítems dos distintos ámbitos, en xeral, a maior idade a percepción é máis negativa.

A valoración xeral, medida polo ítem “Persoalmente, agrádame a presenza de peregrinos”, así como a percepción de impacto demográfico “Establecemento ou mantemento de poboación” e de saturación “Algúns meses ao ano hai demasiados peregrinos” son independentes da idade e da vinculación dos ingresos ao Camiño.

Para a **percepción de impacto global**, os resultados indican que **non hai diferenzas estatisticamente significativas segundo a vinculación dos ingresos, salvo para o ítem “Globalmente, como consecuencia da existencia do camiño, nos últimos anos, a súa vida cotiá mellorou”**, para o cal a valoración é máis favorable cando os ingresos están vinculados. (Gráfico 60). En canto a idade, en xeral, a maior idade a valoración do impacto global é menos favorable para os distintos ítems; salvo para o que se refire á xestión que fan do Camiño as AAPP para o que, a diferenza do caso de Laza, as respostas son independentes tanto da idade como da vinculación dos ingresos ao Camiño, (gráfico 61).

Gráfico 60: Percepción impacto global do Camiño en función da vinculación dos ingresos familiares coa existencia do Camiño. Cea





Gráfico 61: Percepción impacto global do Camiño en función da idade. Cea




II. PERCEPCIÓN XERAL DA SITUACIÓN DO CONCELLO E DO POTENCIAL DO CAMIÑO

Principais problemas

Datos Laza

Moi maioritariamente, **os principais problemas que os residentes de Laza consideran que ten o concello son demográficos e, en menor medida, de índole económica.** No listado de 15 problemas propostos, dos 107 enquisados, 95 indicaron que o avellentamento da poboación era un dos principais problemas. O segundo problema máis citado foi a falta de emprego e oportunidades, seguido polo avellentamento da poboación e a falta de actividade culturais e de ocio. Tamén aparecen como problemas, aínda que con menos frecuencia, o acceso a servizos sociais e de saúde, e os requirimentos ou esixencias municipais, (gráfico 62).


Gráfico 62: Principais problemas percibidos no concello. Laza



Agrupando o total de respostas en catro ámbitos, vemos (gráfico 63), que os aspectos demográficos (despoboamento e avellentamento), seguidos dos económicos (falta de

emprego e de oportunidades) e os culturais, son os identificados como problemas de forma moi maioritaria. O acceso a servizos (sociais, de saúde, educativos, financeiros, telecomunicacións, etc) son sinalados por algúns residentes, ao igual que os requirimentos municipais. Os problemas incluídos no grupo de “outros problemas” (entre os que están a afluencia de turistas/peregrinos, problemas de seguridade, conflitos entre veciños e xestión do monte comunal) ten moi pouca unha presenza; en concreto, a afluencia de turistas/peregrinos foi identificada como problema por 5 dos 107 enquisados.

Gráfico 63: Ámbito dos principais problemas percibidos no concello. Laza




Á vista dos resultados, se ven os residentes poden percibir que o Camiño contribúe a resolver algúns dos problemas económicos, non o verían así para os demográficos, posto que maioritariamente, non perciben que o Camiño contribúa ao establecemento ou mantemento de poboación.

Datos Cea

Os principais problemas que os residentes de Cea perciben no concello son, sobre todo, **demográficos** (despoboamento e avellentamento) e **económicos** (falta de emprego e oportunidades). O despoboamento foi mencionado como un dos principais problemas por 146 enquisados, dunha mostra de 151; o avellentamento foi mencionado


por 108 e a falta de emprego e oportunidades por 93. **Tamén destaca a falta de actividades culturais e de ocio** (mencionado entre os principais problemas por 61 dos enquisados), (gráfico64).

Gráfico 64: . Principais problemas percibidos no concello. Cea



Agrupando o total de respostas en catro ámbitos, vemos (gráfico 20) que os demográficos (despoboamento e avellentamento) e os económicos (falta de emprego e de oportunidades), son os identificados como problemas de forma moi maioritaria. En menor medida, pero tamén de forma importante, sinálase a falta de actividades culturais e, en moito menor medida, o acceso a servizos. Os aspectos agrupados en “outros problemas” (afluencia de turistas/peregrinos, problemas de seguridade, conflitos entre veciños e xestión do monte comunal) son vistos como problemas por unha moi pequena porcentaxe, en concreto, a afluencia de turistas/peregrinos foi identificada como problema por cinco dos 151 enquisados.

Gráfico 65: . Ámbito dos principais problemas percibidos no concello. Cea



De acordo á información obtida dos cuestionarios, a existencia do Camiño podería contribuír a paliar parte do problema económico, na medida que se perciben efectos económicos positivos, así como a paliar o problema de dispoñibilidade de actividades culturais e de ocio. Pero non parece que os residentes consideren que o camiño ou a presenza de peregrinos contribúa a paliar os problemas demográficos.


Percepción sobre o desenvolvemento futuro do Camiño

Neste bloque, aos residentes preguntóuselles polo pola visión que ten do Camiño de cara ao futuro, dende dúas perspectivas diferentes. Por unha parte, o seu grao de acordo con que o camiño deba ser un factor de desenvolvemento económico e social do concello e, por outra, as razóns que, ao seu xuízo, poderían ameazar a sustentabilidade do Camiño de Santiago (no tramo que pasa polo seu concello). En canto a esas posibles ameazas, preguntóuselles polas que ten que ver coa afluencia de peregrinos e polas que ten que ver coas condicións do propio Camiño (apoio das administracións públicas) e da situación do concello (dinámica demográfica, dotación de servizos e infraestruturas).

Datos Laza

Os resultados que mostra o gráfico 66 indican que os residentes, moi maioritariamente (70%), están de acordo (“bastante” ou “moi”) con que o Camiño debe ser un factor de desenvolvemento económico e social do concello e, tamén moi maioritariamente (76.6%), non perciben que a falta de peregrinos poda poñer en perigo o desenvolvemento futuro do Camiño. Tampouco, maioritariamente, está de acordo en que esa ameaza poda vir pola propia dinámica demográfica do concello ou pola falta de servizos e infraestruturas. O grao de acordo (“bastante” ou “moi”) é maior en relación a que sexa a falta de apoio das administracións a que poña en perigo o desenvolvemento do Camiño.

Gráfico 66: Percepción sobre o desenvolvemento futuro do camiño. Laza




Datos Cea

Nunha porcentaxe aínda maior que no caso de Laza, os residentes de Cea están de acordo (“bastante” ou “moi”) con que o Camiño debe ser un factor de desenvolvemento económico e social do concello (un 83.4%) (Gráfico 67) e, tamén maioritariamente (nun 65%), están en desacordo (“bastante” ou “moi”) con que o desenvolvemento futuro do Camiño se poda ver ameazado pola falta de peregrinos. En torno ao 50% dos enquisados están de acordo (“bastante” ou “moi”) con que a falta de servizos e de apoio das

administracións públicas poderían supor ameazas para o desenvolvemento futuro do Camiño, fronte ao 35% que están en desacordo (“bastante” ou “moi”) con esas afirmacións.

Gráfico 67: Percepción sobre o desenvolvemento futuro do camiño. Cea



Os residentes de ambos concellos, de forma moi maioritaria, consideran que, cara ao futuro, o Camiño debe ser un factor de desenvolvemento económico e social do concello. Esta percepción é independente de que os ingresos dos residentes están ou non vinculados ao Camiño (Anexo III e IV) e, en canto a idade, no caso de Laza, o acordo é maior canto menor é a idade mentres que no caso de Cea é independente. Os residentes tamén perciben que se hai que facer fronte a algún reto para a sostibilidade do Camiño, non será como consecuencia de que non hai peregrinos, senón polas condicións do Camiño e dos propios concellos, as cales, en parte, responden á propia dinámica demográfica regresiva e, en parte, a falta de servizos e infraestruturas e, de forma máis xeral, a falta de suficiente apoio por parte das institucións.

En Resumo

A vista das respostas á enquisa, a conclusión sería que a maioría dos residentes de **Laza** perciben que o Camiño ten un impacto económico positivo, aínda que non sexa a

principal actividade do concello e os beneficios se concentren nuns poucos residentes, e non perciben efectos negativos no ámbito económico. Sen embargo, non consideran que teña un impacto, nin positivo nin negativo, nos ámbitos social, demográfico ou cultural, salvo pola oportunidade que supón de coñecer a outras persoas e outras culturas. Tampouco perciben impactos no ámbito medioambiental, en particular, non perciben ningún tipo de saturación en ningún momento do ano. En termos globais, a valoración que a maioría dos residentes fan dos impactos do Camiño é positiva (máis para o concello que para o propio enquisado) e mostran unha actitude moi favorable cara ao Camiño e os peregrinos; de feito, moi maioritariamente consideran que o Camiño debe ser un motor de desenvolvemento do concello. En xeral, a valoración favorable dos impactos positivos do Camiño é maior para aqueles residentes cuxos ingresos están vinculados, dalgunha maneira, a existencia do Camiño.

Os principais problemas do concello que perciben os residentes son de carácter demográfico e económico. Se ben os residentes poderían estar de acordo en que o Camiño contribúe a resolver parte dos problemas económicos (dada a súa contribución á actividade económica e o emprego), non consideran que estea contribuíndo a resolver os demográficos. Non obstante, a dinámica demográfica regresiva non é percibida como unha ameaza ao desenvolvemento futuro do Camiño.

Pola súa parte, os residentes de **Cea**, maioritariamente, perciben efectos económicos positivos do Camiño, aínda que non sexa a principal actividade do concello, e non perciben efectos negativos. Maioritariamente, non perciben efectos, nin positivos nin negativos, no ámbito social (acceso a servizos sociosanitarios ou de transporte), aínda que si aprecian un impacto cultural positivo (tanto en termos da contribución a que haxa mais actividades como na mellora do patrimonio e, sobre todo, pola oportunidade de coñecer a outras persoas ou culturas). Maioritariamente, os residentes perciben impactos positivos no ámbito medioambiental (en particular, na contribución do Camiño a preservar a paisaxe) e non perciben impactos negativos nin saturación, nin sequera nos meses de maior afluencia de peregrinos.

Tendo en conta o total dos impactos, a percepción é que, globalmente, o Camiño ten un impacto positivo (máis para o concello que para o propio residente) e, de maneira moi maioritaria, os residentes mostran unha actitude moi favorable cara a presenza de peregrinos e o desenvolvemento futuro do Camiño, considerando que debería ser un motor de desenvolvemento do concello. En xeral, os residentes cuxos ingresos dependen de actividades vinculados ao camiño ten unha percepción mais favorable dos impactos positivos.

Os principais problemas identificados polos residentes de Cea son os demográficos (despoboamento e avellentamento) e os económicos (falta de emprego). Os enquisados non consideran, maioritariamente, que o camiño teña un impacto no establecemento ou mantemento da poboación, polo que non estaría contribuíndo a resolver o problema demográfico; pero os impactos positivos que perciben para o comercio local, o fomento de actividades turísticas e non turísticas, e a creación de emprego, contribuirían a paliar parte dos problemas económicos identificados.

5.- ANALISE PERFIL E NIVEL SATISFACCIÓN DO PEREGRINO

Coñecer a valoración dos peregrinos da experiencia vivida e as características da súa peregrinación (duración, forma, tipo de aloxamento utilizado, orzamento diario...) é totalmente imprescindible para coñecer de primeira man as necesidades non cubertas e outros aspectos a mellorar, como pode ser a información xeral que esta dispoñible durante o percorrido, a localización de infraestruturas, especialmente os aloxamentos, os establecementos de restauración e as tendas de alimentación ou incluso a necesidade de realizar campañas específicas de promoción ou información. Con este obxectivo elaborouse unha enquisa de satisfacción para os peregrinos que sigue a metodoloxía elaborada no Convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a USC, o que permite realizar comparacións homoxéneas de contraste.

O Camiño conta con Rutas con características xeográficas e culturais moi diferenciadas que se combinan con peregrinos que teñen en común o obxectivo de chegar a Compostela pero difiren na motivación, na compañía, na distancia, na duración, no punto de partida, na orixe, no tipo de aloxamento preferido, no gasto medio, ou na utilización de novas tecnoloxías. Estas diferenzas condicionan o seu comportamento e a súa experiencia.

Enquisa a peregrinos

Lugar de Realización

As enquisas a peregrinos foron realizadas nun punto de descanso na última etapa do camiño do Sueste Vía da Prata. En concreto na Capela de Santa Lucía xa no concello de Santiago, en dous períodos, o primeiro entre finais de agosto e principios de outubro e unha segunda na primeira quincena de Novembro. Entre os días 23 e 25 de agosto realizouse unha serie de enquisas piloto que permitiron adaptar a versión inicial ás respostas recibidas.

Recollida da Información

A enquisa conta con catro bloques e contén 130 variables, para a súa dixitalización se empregou unha aplicación realizada *ad hoc* que permitira o traslado dos datos a unha

base de datos para a súa posterior análise e conservación. O servidor de bases de datos empregado atopase aloxado nun servidor virtual dedicado dentro da infraestrutura do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), polo que queremos agradecer que nos permitiran empregar a súa rede computacional para este proxecto.

Unha vez trasladados os datos se empregou unha mestura de linguaxe de consulta estruturada de bases de datos (SQL) e as linguaxes de programación python e R para facer a validación, análise e tratamento dos datos. O obxectivo era dobre: por unha banda se perseguía facer unha análise exploratoria da enquisa e por outro, empregando técnicas de clustering sacadas do eido do machine learning, determinar os perfís de peregrinos existentes no camiño a estudar. De ese xeito, comparando con análises previas feitas no conxunto dos camiños de Santiago en Galicia poderíamos atopar respostas a preguntas tales como que caracteriza aos peregrinos deste camiño concreto?, ou teñen perfís semellantes ou distintos aos atopados noutros camiños?.

A enquisa estruturouse en 5 bloques (ver figura)

Figura 5: Bloques da Enquisa



Bloque I : datos sobre o camiño realizado

A continuación amosamos unha pantallazo resumo das variables presentes neste bloque. Se tratan de variables de caracterización xeral.

Figura6: Detalle da aplicación de traslado de datos para o bloque I.

¿Por qué medio?

A pie
 Bicicleta
 A caballo
 Silla de ruedas
 Otros

¿Es la primera vez que hace el camino? Sí No

Si no, ¿qué caminos y cuántas veces los ha hecho antes?

-	0	+	Francés
-	0	+	Norte
-	0	+	Primitivo
-	0	+	Inglés
-	0	+	Portugués
-	0	+	Fisterra-Muxía
-	0	+	Vía de la plata
-	0	+	Camino del Invierno
-	0	+	Camino portugués de la costa
-	0	+	Mar de Arousa y Río Ulla
-	0	+	Otro

¿Localidad de Inicio?

Principal motivación para realizar el camino (4 máximo - ordenadas)

- ☆☆☆☆ Religioso
- ☆☆☆☆ Reto personal
- ☆☆☆☆ Social (conocer otras personas)
- ☆☆☆☆ Forma física / Deporte
- ☆☆☆☆ Arte y cultura del Camino
- ☆☆☆☆ Ocio/Placer/Diversión
- ☆☆☆☆ Desconectar obligaciones
- ☆☆☆☆ Búsqueda interior/ espiritualidad
- ☆☆☆☆ Vacaciones y turismo
- ☆☆☆☆ Experiencia personal
- ☆☆☆☆ Aventura

¿Por qué motivos eligió este camino respecto a otros (4 máximo - ordenadas)?

- ☆☆☆☆ Más conocido
- ☆☆☆☆ Ya hice otros antes
- ☆☆☆☆ Hay menos gente
- ☆☆☆☆ Por tiempo / disponibilidad
- ☆☆☆☆ Me lo recomendaron
- ☆☆☆☆ Más tradicional
- ☆☆☆☆ Menos duro
- ☆☆☆☆ Opiniones redes sociales
- ☆☆☆☆ Zona por la que pasa
- ☆☆☆☆ Paisaje
- ☆☆☆☆ Oferta agencia de viajes
- ☆☆☆☆ Otros: más servicios, mejor señalizado, más información, más infraestructuras...

¿Cómo organizó el camino?

- Cuenta propia
 Empresa
 Asociación (religiosa, juvenil, social...)

¿Con quién hizo el camino?

- Solo
 En pareja
 En familia con niños
 Grupo pequeño <10
 Grupo grande >10

¿Cuántas noches ha dormido en el camino?

¿Dónde durmió? (Respuesta múltiple e incluir número noches por tipo)

- Valor absoluto Porcentaje
 Albergue
 Albergue público (si lo sabe)
 Albergue privado (si lo sabe)
 Asociación
 Hotel
 Hostal
 Pensión
 Casa rural
 Instalación municipal
 Alojamiento religioso
 Acampada
 Otros

Jornada tipo

Hora inicio Hora fin

- No tiene horario fijo
 Distancia media (kms)

¿Ha utilizado servicios vinculados al camino?

- Transporte de mochilas
 Transporte al punto de inicio de etapa
 Alquiler de coches
 Fisioterapia / masajes

¿Ha visitado el monasterio de Oseira?

- No
 Sí

¿Va a pedir la "Compostela"?

- Va a pedirla
 No la va a pedir
 Aún no lo sabe

¿Cuántas noches pernochará en Santiago de Compostela?

¿Visitará el resto de Galicia?


- No
 Sí

¿Cuál de los siguientes perfiles define mejor su experiencia en el Camino? (Indique uno)

- Peregrino
 Turista
 Excursionista/Senderista
 Deportista
 Creyente
 Viajero

O total de enquisas realizadas foi de 202. Comezando polo xénero, podemos observar que enquisa amosa unha clara maioría de peregrinos nacionais que maioritariamente son homes. Son dúas características que marcan unha clara diferenza en relación o conxunto de peregrinos, onde para 2019 ocorre exactamente o contrario, a maioría dos peregrinos son estranxeiros e o número de mulleres supera lixeiramente o de homes. En concreto no camiño do sueste observamos unha clara maioría de homes facendo o camiño, nunha proporción de 60%/ 40% respecto ás mulleres.

Gráfico 68: Porcentaxe de peregrinos por sexo.




Un dos resultados máis relevantes desta enquisa é o altísimo porcentaxe de peregrinos que xa fixeran o camiño algunha vez, amosando un porcentaxe lixeiramente maior de homes que repiten que de mulleres pero sendo moi alto en ámbolos dous casos. Este rasgo é claramente definitorio do peregrino deste camiño concreto. Para poder poñelo en contexto é preciso recordar os perfís de peregrinos do camiño de Santiago, considerados no estudo do impacto socioeconómico do Camiño de Santiago - 2017 e dispoñible para a súa consulta e descarga na web do Observatorio do Camiño da Xunta de Galicia, dentro do portal de turismo de Galicia: <https://www.turismo.gal/aei/portal/index.php?idm=44>.

Nel se determinaban 6 perfís principais de peregrinos, a partir do emprego unha técnica coñecida como k-prototype (Huang, Z, 1997) que fronte a outras técnicas de clustering ten dúas grandes vantaxes:

- a súa eficiencia computacional
- a posibilidade de mesturar variables numéricas e categóricas na análise

De ese xeito se puideron combinar máis de 60 variables distintas na elaboración dos perfís.


Figura 7: Perfís dos peregrinos do Camiño de Santiago



Agora volveuse a repetir a mesma técnica aínda que utilizando un número de variables lixeiramente superior. Nesta ocasión se empregaron 63 variables para un total de 202 enquisas, atopándose 3 grupos distintos. Pero son perfís distintos ós atopados anteriormente?. Nunha ollada ós perfís xerais podemos observar que existía un perfil de peregrino que tiña como cualidade definitoria o feito de ser repetidor. Trátase do denominado **Experto**. Como iremos detallando ó longo de este documento, unha das conclusións é que os peregrinos deste camiño, tanto dende unha perspectiva cualitativa coma cuantitativa, encaixan con ese perfil. Incluso os 3 grupos distintos que se atopan son especializacións do mesmo.


Para iso podemos contemplar como efectivamente o peregrino da Vía da Prata repite maioritariamente o camiño (Gráfico 69 e 70).

Gráfico 69: Porcentaxe de peregrinos que fan por primeira vez o camiño e repetidores




As diferencias por xénero neste caso non son moi significativas, pero claramente a incidencia do experto e superior no home que na muller.

Gráfico 70: Porcentaxe de peregrinos que fan por primeira vez o camiño e repetidores por xénero



O camiño realizase esencialmente a pé, sendo moi anecdóticos os outros medios de transporte.

Gráfico 71: Porcentaxe de peregrinos que fan o camiño a pé.



No tócate ás motivacións persoais as motivacións principais son as culturais/arte e o reto persoal, aparecendo unha compoñente relixiosa máis relevante na motivación secundaria.

Gráfico 72: Principal motivación persoal para facer o camiño






Gráfico 73: Principal motivación persoal para facer o camiño




Esta mestura de motivacións espirituais (nun senso amplo) é coherente con que os propios peregrinos se perciban así mesmos coma peregrinos e non coma turistas ou viaxeiros, por exemplo. E de novo esta é unha característica que comparten co perfil experto.

Gráfico 74: Perfil autopercebido




Mentres que se analizamos os motivos polos que fixo este camiño concreto en relación a outros atopamos de novo unha característica exclusiva. O principal motivo é a zona pola que discorre seguido de preto polo feito de que (pensa) que hai menos xente nel. Isto, xunto coa existencia dun só perfil, nos permite razoar que **a capacidade de atracción semella moi reducida.**

Gráfico 75: Motivo principal para facer este camiño



Hai que subliñar tamén que o segundo motivo principal é a existencia de menos xente no camiño. Isto en parte é debido asemade á mencionada falta de capacidade de atracción. Se a xente percibira o camiño do Sueste-Vía da Prata como un potencial destino de outros peregrinos non existiría unha porcentaxe tan alta de persoas que responderon que buscaban un camiño pouco transitado. E todo isto se reforza pola alta non resposta do motivo secundario (case o 44%), o que indica que non existen outros matices que poidan estar a influír no motivo principal.

Gráfico 76: Motivo secundario para facer este camiño



Podemos observar que a forma de facer o camiño, en solitario ou en grupo, tamén está condicionada polos anteriores factores. Se como parece os peregrinos *aproveitan* a existencia do camiño preto dos seus fogares para facelo, seguindo a teoría do alcance limitado antes exposta, o normal é que lles sexa máis doado atopar acompañantes ao eliminar as barreiras derivadas do custe e molestias de desprazarse a orixes remotas para comezalo. É algo que efectivamente se comproba que acontece, desviándose un pouco do perfil experto habitual, e cunha incidencia maior nas mulleres, probablemente debido tamén a unha orografía máis complexa que lles fai buscar apoios e a unha certa preocupación por mor de atravesar territorios moi pouco poboados e con pouca interacción con outros peregrinos alleos ó seu grupo.

Gráfico 77: Acompañantes no camiño






Gráfico 78: Acompañantes no camiño diferenza homes/mulleres



No tócate á duración da viaxe, coincidindo co perfil experto, que facía viaxes curtas ou longas, atopámonos cunha especialización do mesmo, centrada en viaxes curtas, probablemente por non ser capaz de atraer a persoas de destinos fora de Galicia. Apreciase tamén unha menor duración das viaxes das mulleres - 8 días de media - fronte aos case 12 dos homes.

Gráfico 79: Duración da viaxe



Bloque II : valoración do camiño e da experiencia de peregrinación

Este bloque permite estudar a percepción da experiencia dos peregrinos e a súa valoración de diferentes aspectos e características do camiño. Tamén se incluían unha valoración xeral das diferenzas entre o inicio do camiño e os últimos 100 quilómetros. Esta valoración estaba pensada para a analizar a dinámica do camiño Francés e de feito neste caso a resposta foi basicamente indicarnos a mesma valoración para ambos tramos do camiño.

Figura 8: Detalle da aplicación de traslado de datos para o bloque II.

Valore los siguientes aspectos del camino y de su propia experiencia de peregrinación, teniendo en cuenta que a escala va desde 1 (Muy mal) hasta 5 (Muy bien)

1 - Muy mal 2 - Bastante mal 3 - Ni bien ni mal 4 - Bastante bien 5 - Muy bien

Estado (firme, limpeza, fontes e áreas de descanso)	<input checked="" type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/>
Señalización	<input checked="" type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/>
Puntos de información a lo largo del camino	<input checked="" type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/>
Relación calidad-precio de los alojamientos turísticos	<input checked="" type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/>
Restauración y gastronomía (oferta, calidad, precios....)	<input checked="" type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/>
Arte / monumentos / patrimonio (conservación-visititas)	<input checked="" type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/>
Entorno natural y paisajístico	<input checked="" type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/>
Acceso a servicios de salud (médicos, fisio, farmacia...)	<input checked="" type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/>
Interacción con otros peregrinos	<input checked="" type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/>
Hospitalidad/trato de la población local	<input checked="" type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/>
Eventos culturales programados en el camino	<input checked="" type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/> <input type="radio"/>
¿Cómo ha sido su experiencia en los 100 últimos kilómetros comparados con el resto del camino?	<input type="radio"/> Peor <input type="radio"/> Igual <input type="radio"/> Mejor

Na determinación dos perfís anteriores xa se amosaba unha tendencia do perfil experto a ser crítico. Iso se reflicte tamén neste caso, onde atopamos unha clara valoración negativa dos puntos de información do camiño (lembreos que é un peregrino repetidor e pode comparar con outras experiencias); dos eventos culturais que atopa na viaxe (neste caso a falta de resposta é tamén moi significativa) e do transporte público (onde volve a observarse unha elevada non resposta). Tampouco ten unha valoración positiva dos supermercados e das tendas de alimentación e tamén non esta moi contento coa sinalización.

Por outra parte a valoración da contorna natural e paisaxística, da interacción con outros peregrinos e a hospitalidade dos residentes é moi positiva. Tamén é positiva a valoración do arte/monumentos/patrimonio, da calidade prezo dos aloxamentos turísticos e do estado de conservación do camiño.

Gráfico 80: Valoración arte




Gráfico 81: Valoración Relación calidade prezo dos aloxamentos turísticos




Gráfico 82: Valoración Estado do Camiño




Gráfico 83: Valoración Contorna Natural e Paisaxística




Gráfico 84: Valoración eventos culturais no camiño




